

Eloy Luis André  
*Poesía galega*



XUNTA DE GALICIA



Eloy Luis André  
*Poesía galega*

Edición, estudo e notas:  
**César Camoira Vega**

**Colección Láncara de Poesía**  
Director: Luís Alonso Girgado

**Edita:**

Xunta de Galicia  
ConSELLERÍA de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

**Secretario Xeral de Política Lingüística:**

Valentín García Gómez

**Coordinador científico:**

Manuel González González

**Director Técnico de Literatura:**

Anxo Tarrío Varela

© Desta edición: César Camoira Vega

© Dos textos poéticos: herdeiros de Eloy Luis André

© Ilustracións da cuberta e do interior de Juan Vidales Pousa

**Maquetación e impresión:**

Grafisant, SL (Santiago de Compostela)

**ISBN:**

978-84-453-5131-4

**Depósito legal:**

C 253-2014

# Índice

I.	PERFIL BIO-BIBLIOGRÁFICO .....	15
II.	A OBRA EN PROSA.....	35
	2. 1. Producción ensaística en libro .....	37
	2. 2. Traducións de obras científicas .....	40
	2. 3. Producción en prensa xeral e revistas especializadas .....	41
III.	OBRA POÉTICA GALEGA: CARACTERIZACIÓN LINGÜÍSTICO-LITERARIA .....	45
	3. 1. Análise lingüística.....	47
	1. Nivel ortográfico .....	47
	a) Sistema gráfico .....	47
	b) Acentuación gráfica.....	47
	c) Apóstrofo .....	48
	d) Guión .....	48
	2. Nivel fonético-fonológico .....	48
	a) Vocalismo.....	48
	b) Consonantismo .....	49
	3. Nivel morfosintáctico .....	50
	a) Sufixos e terminacións .....	50
	b) Xénero .....	51
	c) Número .....	51
	d) O artigo.....	52
	e) Pronome persoal .....	52
	f) Outros pronomes .....	53
	g) O verbo .....	53
	h) Algunhas peculiaridades sobre o adverbio, a preposición e a conxunción .....	54
	4. Nivel léxico.....	55
	3. 2. Pautas literarias .....	60
	1. Limiar.....	60
	2. Paratextos .....	62

3. Temática .....	64
4. Punto de vista lírico .....	69
5. Actores líricos .....	75
6. O tratamento do espazo e o tempo .....	78
7. Retórica .....	81
8. Métrica .....	97
<b>IV. CRITERIOS DE EDICIÓN .....</b>	<b>99</b>
<b>V. BIBLIOGRAFÍA.....</b>	<b>105</b>
5. 1. Bibliografía complementaria .....	107
5. 2. Bibliografía específica .....	112
5. 3. Publicacións consultadas .....	115
5. 4. Fontes hemerográficas .....	116
<b>VI. POEMAS .....</b>	<b>119</b>
Datados .....	121
<i>No Camposanto de Ourense</i> .....	122
<i>Ourense</i> .....	124
<i>Alborada de loita</i> .....	129
<i>Redención</i> .....	131
<i>Río Miño</i> ....	135
<i>Salaio</i> .....	139
<i>El e ela</i> .....	140
<i>Súpreca</i> .....	142
<i>Eses teus ollos.</i> .....	143
<i>Copras</i> .....	144
<i>A morte do rousiñol</i> .....	146
<i>Penalibres</i> .....	151
<i>Os tres graus de semente</i> .....	155
<i>Bugallíño</i> .....	157
<i>A aixada</i> .....	158
<i>Dous pareceres</i> .....	160
<i>O arado</i> .....	161
Sen datar .....	163
<i>A odisea galega</i> .....	165
<i>Trunfar da morte</i> .....	175

<i>A nosa fala</i> .....	176
<i>Sangue... semente</i> .....	179
<i>Entre Scila e Caribdis</i> .....	181
<i>Cadeliños mansos</i> .....	184
<i>Os nosos pecados</i> .....	185
<i>In memoriam</i> .....	188
<i>No borrallo</i> .....	194
<i>O amo</i> .....	197
<i>¡Monterrel!</i> .....	202
<i>Lonxe da terriña</i> .....	206
<i>Os carballos</i> .....	207
VII. PROSA VARIA .....	213
I. Ecumene del galleguismo .....	215
II. Bases para la constitución del Estado Federal Gallego....	221
III. La juventud gallega y su poeta .....	230
IV. Los precursores de la conciencia democrática en Galicia	231
V. La Universidad Nacional Gallega.....	239



*En memoria de Dorinda Blanco García e Antonio Vega Armas,  
fontes de amor e sabedoria.*



## **AGRADECIMENTOS**

A Ramón López Vázquez, pola ilustración científica  
e a cesión do material poético.

A Anxo Tarrío Varela, polo seu maxisterio.

A Modesto Hermida García, polos consellos e as observacíons.

A Lola, Manuel Anxo e Maura, pola amabilidade e o apoio.

Finalmente, a miña gratitud a Luís Alonso Girgado  
polas ensinanzas e a confianza depositada.

O editor literario.





Eloy Luis André  
(Mourazos, Verín, 1876-Madrid, 1935)



# I. Perfil bio-bibliográfico



Malia outros datos contraditorios<sup>1</sup>, Eloi (sic) Anselmo Luis André naceu na localidade verinense de Mourazos, en concreto na residencia familiar dos avós maternos, ás seis da mañá do 19 de xullo de 1876. Ó día seguinte, ás nove da mañá, foi inscrito polo avó materno no Rexistro Civil coa presenza de dúas testemuñas, os alguacís Benito García e Antonio Suárez<sup>2</sup>.

Era fillo do médico Ángel Luis Barreira e de Purificación André, naturais de Vilardevós. Segundo coa ascendencia familiar, os avós paternos eran Anselmo Luis e Isabel Barreira, labradores e naturais de Vilardevós, e os maternos Jacobo André, de extracción acomodada e oriundo do Concello de Verín, e Teresa Santiago, labradora e natural de Sabugueiro (Concello de Vilariño de Conso).

Ficou orfo de pai un ano despois de nacer. Con posterioridade, a nai casou en segundas nupcias cun notario de Ponteareas. Nestas circunstancias, Luis André pasou a infancia en Vilardevós cos avós paternos e, logo da morte destes, cos tíos paternos Generosa e Jacinto.



Casa familiar de Vilardevós

<sup>1</sup> Vid. Taboada Chivite (1946) e Couceiro Freijomil (1951–1954).

<sup>2</sup> Tomo 3, páxina ou folio 21, sección 1<sup>a</sup>.

Dende 1883 ata 1888, realizou os estudos primarios na Escola Unitaria da citada localidade. Tras face-lo exame de ingreso, o 26 de setembro de 1888, cursou o bacharelato elemental no Colexio dos Padres Escolapios de Celanova. Tres anos despois, continuou os estudos superiores no Instituto de Segunda Ensinanza de Ourense. Alí recibiu maxisterio do krausista Juan Sieiro González<sup>3</sup> na materia de Filosofía, na que obtivo matrícula de honra.

Por esta altura estaba vixente o krausismo<sup>4</sup>. Trátase dunha doutrina relixiosa e moral, cuñada polo alemán Karl Christian Friedrich Krause, caracterizada, entre outros aspectos, pola liberdade científica e de pensamento, a formulación dunha federación universal, a diferenciación entre moral e dereito e maila confianza na acción educativa como factor fundamental da rexeneración humana. Logo da introdución en España por parte de Julián Sanz del Río, converteuse nun movemento político e de renovación cultural e educativa coa fundación en 1876 da Institución Libre de Enseñanza, baixo a dirección de Francisco Giner de los Ríos. Fundamentábase na defensa dos valores éticos, a renovación pedagóxica, a conciliación entre relixión e ciencia, a investigación do folclore e o

<sup>3</sup> Juan Sieiro González (Maside, 1835–Ourense, 1893). Tras face-lo bacharel no Instituto de Ourense, cursou Teoloxía no Seminario Conciliar da citada localidade. Ampliou a formación en Santiago de Compostela para, finalmente, volver ó seminario ourensán. Ós dezanove anos aprobou coa máxima nota a oposición a sacerdote. Á espera do ordenamento eclesiástico, desprazouse a Carabanchel, onde desempeñou unha cátedra ó longo de dous anos. Asemade, realizou as licenciaturas de Sagrada Teoloxía na Facultad Eclesiástica de Toledo e de Filosofía e Letras na Universidad Central de Madrid. Despois de se establecer en Madrid, puxo en funcionamento un colexio particular, que contaba entre os docentes a Nicolás Salmerón. Os contactos de Madrid propiciaron que cambiase a vocación relixiosa pola filosófica, definida esta polo krausismo mais cunha postura ecléctica. Opositou a diversas cátedras de ensino secundario, ata que aprobou en 1863 a de Grego, con destino nun Instituto de Pontevedra. Despois, trasladouse á cátedra de Filosofía no Instituto de Ourense, onde ocupou o cargo de director ata o seu pasamento. Foi colaborador en publicacións periódicas da época e autor dos libros *Antropología psíquica. Lógica y Ética* (1882) e *Sociología* (1888). Vid. Couceiro Freijomil (1951–54), VV. AA. (1991) e López Vázquez (1994).

<sup>4</sup> Vid. Ferrater Mora (1979), Currás Fernández e Dosil Maceira –dirs.– (1999) e Platas Tasende (2000).

perfeccionamento do ser humano mediante a moral, o dereito, a arte, a ciencia, a relixión e o Estado. Entre 1850 e 1855, chegou a Galicia da man de Joaquín Sanromá Creus e Eugenio Montero Ríos.

Concluídos os estudos de ensinanza secundaria, en 1894, Luis André superou as probas do grao de Bacharel, cun “Sobresaliente”, o 21 de xuño de 1894 e recibiu o correspondente título o 14 de nadal. Na parte final do ano realizou o curso preparatorio<sup>5</sup> da licenciatura de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Cursou as materias de “Metafísica 1º”, “Metafísica 2º” e “Historia Crítica de España”, avaliadas todas elas cun sobresaliente na convocatoria de xaneiro de 1895. Tamén aprobou cun notábel a materia de “Dereito Político” (curso 1905–1906).


Ó ano seguinte, 1895, desprazouse a Salamanca<sup>6</sup>. Iniciou os estudos de Dereito coa inscrición na materia “Economía política y estadística”, á que non se presentou, e en dúas máis, “Derecho Natural” e “Derecho Romano”, avaliada a primeira, en xuño, cun sobresaliente e a segunda, en setembro, cun notábel. No curso seguinte, 1896–1897, matriculouse novamente na materia pendente, aprobada cun sobresaliente na convocatoria de setembro.

Estes estudos compatibilizounos cos de Filosofía e Letras. A este respecto cómpre salientar-las exitosas notas. Así, no curso 1894–1895, obtivo un notábel en xuño en “Literatura General y Española”; un ano despois, na convocatoria de xuño, senllos sobresalientes en “Historia Universal (1º curso)” e “Lengua Griega”; en 1896–1897, cursou “Lengua y Literatura Latina” e “Historia Universal (2º curso)”, as dúas cun sobresaliente en xuño, amais

<sup>5</sup> Vid. Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela, Fondo universitario A 286, rexistro de pagos ó contado, p. 67, e mailas certificacións académicas AH.-B.-31 e AGUCM\_D 541,14 da Facultad de Derecho da Universidad de Salamanca e da Central de Madrid, respectivamente, ademais do documento de traslado á Universidad de Madrid –AGUCM\_EA-52/51–.

<sup>6</sup> Vid. Certificación AH.-B.-31, Servicio de Archivos de la Universidad Literaria de Salamanca.

de “Literatura griega”, aprobada esta última con sobresaliente en setembro, e, por último, en 1897–1898, inscribiuse en “Literatura española” e “Lengua Hebrea”, nas que obtivo un sobresaliente na convocatoria de maio. A isto hai que lle sumar a obtención de dúas matrículas de honra nas materias “Historia Universal (1º curso)”, polo exercicio “Esparta en el interior y en el exterior después de la guerra del Peloponeso”, e outra en “Literatura Griega”, por obter premio en “Lengua Griega”. O día 25 de maio de 1898 acadou o grao de licenciado en Filosofía e Letras, logo de supera-lo exercicio oral —”Organización política, social y religiosa de las Españas Visigodas”— coa nota de sobresaliente. Pouco tempo despois, o 19 de setembro dese mesmo ano, expedíuselle o correspondente título.



Fachada do edificio histórico da  
Universidad de Salamanca



Miguel de Unamuno

Durante a etapa en terras salmantinas relacionouse académica e persoalmente con Miguel de Unamuno, quen lle presentou diversos membros da Institución Libre de Enseñanza coa pretensión de introducilo nas elites académicas. Paralelamente ó periplo

universitario, pasou as tempadas de lecer en Vilardevós. Neste lugar interviu, canda a Manuel Núñez González<sup>7</sup>, nun faladoiro que foi recollido pola prensa da época.



Panorámica de Vilardevós

Foi en Salamanca onde configurou a vocación docente e o salmanticismo, concibido como esquema de pensamento e sensibilidade mediante os enfoques tradicional e revolucionario. A

<sup>7</sup> **Manuel Núñez González** (Vilardevós, Ourense, 1865–id., 1917) desenvolveu o bacharelato en Ourense e a carreira de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Nesta última localidade entrou en contacto co movemento galeguista e militou no Partido Liberal. Gañou a oposición ó Corpo de Rexistradores da Propiedade, con destino na localidade zaragozana de Almunia de Doña Godina. Tralo traslado a Vilalba, ingresou como novicio na Compañía de Xesús durante dous anos. Retornado a Verín, por motivos de saúde, retomou o exercicio profesional. A morte impidiulle ler o discurso de ingreso “La Compañía Familiar Gallega” na Real Academia Galega. Foi colaborador de numerosas publicacións, tanto da diáspora (*Vida Gallega, Alborada* e o bonaerense *El Eco de Galicia*) como de Galicia (*A Monteira, O Tío Marcos d'a Portela* e *La Patria Gallega*). Entre as composicións poéticas, que adoitaba asinar co pseudónimo *Ma-Nu-Gon* ou co seu nome, figura en galego a obra costumista *Salayos (Versos gallegos)* (1895). Nela, abórdanse as temáticas amorosa, patriótica, política e social. En castelán redactou a monografía *La poesía popular gallega* (Madrid, 1894) e o poemario *Efusivas* (1908), que acolle os textos premiados en diversos certames. Pola súa parte, a prosa galega figura co conto fantástico “O muíño d'os tios Mariquiñas”, aparecido no Parrafeo 112 (24-I-1886) d'*O Tío Marcos d'a Portela*. Vid. Alonso Girgado e Rodrigues Esteves –edis.–(1998).

este proceso de formación interna hai que lle engadi-la achega de correntes intelectuais vixentes a comezos do século XIX na localidade castelá, tales como o enciclopedismo<sup>8</sup> e outras tendencias artísticas de procedencia francesa.

Dous anos despois (curso académico 1899–1900), a Universidad Literaria de Salamanca<sup>9</sup> pensionouno co obxecto de cursar formación superior nos centros universitarios de Leuven, Brussel e París. Entre 1901 —momento do seu retorno a España— e 1904, desenvolveu unha intensa actividade no Ateneo Científico, Literario y Artístico de Madrid, institución na que se relacionou coa intelectualidade da época. Despois de tentativas fallidas a cátedras universitarias de Madrid<sup>10</sup>, con resultado negativo por mor das irregularidades das que foi obxecto, en 1904 gañou a oposición de ensino secundario (Psicoloxía, Lóxica, Ética e Fundamentos de Dereito) con destino no Instituto de Soria. Transcorridos catro meses de docencia, trasladouse á cátedra do Centro de Ensino Secundario de Ourense, a causa dos problemas de saúde da súa tía Generosa.

---

<sup>8</sup> Tendencia ilustrada e liberal que se desenvolveu en Francia entre mediados e finais do século XVIII e que se divulgou a través da *Encyclopédie, ou Dictionnaire raisonné des sciences, des arts et des métiers, par une société de gens de lettres* (1751–1766). Malia a obra vir a luz de forma semiclandestina, foi obxecto da persecución política e da condena eclesiástica, a causa dos seus postulados ideolóxicos, entre os cales están a confianza máxima na razón, a defensa da liberdade relixiosa e a crenza no progreso. Co paso do tempo, ben a finais do século XVIII ben durante as centurias seguintes, os países europeos e da outra beira do Atlántico tentaron crear unha enciclopedia para exalta-la cultura nacional, tal e como aconteceu en Galicia coa *Gran Enciclopedia Gallega* (1974). Vid. Equipo Glifo (2003).

<sup>9</sup> Vid. *Gaceta de Madrid* (7 de xuño de 1904).

<sup>10</sup> Entre elas, figurán a de Teoría da Literatura e das Artes, resolta a favor de Andrés Ovejero Bustamante; a de Historia da Filosofía, adxudicada a Adolfo Bonilla y San Martín, e a de Socioloxía, con Severino Castillejo. Para a primeira cátedra, a listaxe de candidatos e o correspondente nomeamento figura, respectivamente, no número 536 (12–XII–1901) [p. 423] e no número do 6 de xuño de 1902 da *Gaceta de Instrucción Pública* (Madrid). No relativo ós candidatos de Historia de Socioloxía, consúltese o nº 589 (30–XI–19002) [p. 389] da *Gaceta de Instrucción Pública* (Madrid).

En 1906, o goberno español comisionouno coa finalidade de estuda-lo funcionamento do Ministerio de Fomento dos estados francés, belga e italiano<sup>11</sup>. As esculcas deron como froito unha memoria coa recomendación da división do ente administrativo español en tres departamentos: obras e comunicacíons, economía nacional e traballo.

Un ano despois, cando ocupaba a Cátedra en Ourense, contactou con Francisco Giner de los Ríos para obter unha bolsa da Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas<sup>12</sup>. Entre 1907 e 1908, a citada entidade negoulle a bolsa solicitada para ir a Alemaña e despois outra ós Estados Unidos, onde estudaría o pragmatismo con William James<sup>13</sup>.

No ano 1909 intereseouse pola reunión do movemento solidario<sup>14</sup>, acontecida en Monforte de Lemos, e recibiu unha bolsa da Junta de Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas para

---

<sup>11</sup> Vid. Real orde de 28 de xullo de 1906.

<sup>12</sup> Institución que apareceu mercé ó Real decreto de 11 de xaneiro de 1907 e que cesou a comezos de 1938, por orde do Ministerio de Educación Nacional. Procuraba o fomento de traballos de investigación científica, a protección das institucións educativas nas fases do ensino secundario e superior, as delegacións en congresos científicos e mailo servizo de información estranxeira e de relacóns internacionais en materia de ensino. Vid. Currás Fernández e Dosil Maceira –dirs.– (1999), Carpintero (2004) e VV. AA. (2007).

<sup>13</sup> **William James** (New York, 1842–Chocorua, New Hampshire, 1910). Logo de se doutorar en Medicina, exerceu a docencia de Psicoloxía na Universidade de Harvard. Fundou o primeiro laboratorio de Psicoloxía empírica no continente americano. O seu posicionamento alicérbase no agnosticismo respecto á primeira causa e o fin último das cousas, a consideración dos fenómenos fisiolóxicos como resultado dos sentimentos e o valor efectivo das ideas, aspecto este último resultado da influencia de pensadores contemporáneos. Escribiu as obras *Principles of Psychology* (1890) e *Pragmatism* (1907). Vid. VV. AA. (1991) e Currás Fernández e Dosil Maceira –dirs.– (1999).

<sup>14</sup> Movemento político rexionalista que, a imitación de Solidaritat Catalana (1906–1909), apareceu en Galicia no mes de xullo de 1907 e que desapareceu en 1912, froito da inestabilidade interna. Caracterizouse pola crítica do atraso de España e Galicia e pola inconcreción política, aspecto este último fornecido polo predominio do electoralismo e polo difícil consenso entre os diversos sectores ideolóxicos. Algunxs obxectivos eran a eliminación do caciquismo, os estudos de economía galega, a cooperación entre as clases sociais, un reformismo social e agrario impreciso, a transformación radical do sistema político e a autenticidade do sufraxio. Vid. Beramendi González (2007) e Villares (2004).

continua-la formación nas universidades alemás de Leipzig e Jena. Por unha parte no Instituto Superior de Psicoloxía, baixo a tutela de Wilhelm Wundt<sup>15</sup>, realizou por designación especial o estudo *Die Sprachmelodische Kurven in verschiedenen lebenden Sprachen von Dr. Eloy Luis André* (*Melodía da linguaxe nas diferentes linguas e dialectos*), datado en 1911 no Mietglieder der Psychologische Institut Universitäts Leipzig. Estamos ante un traballo recoñecido polo seu titor no segundo volume da terceira edición de *Völkerpsychologie*. Por outra parte en Jena recibiu o maxisterio de Rudolf Eucken<sup>16</sup>.



Wilhelm Wundt

<sup>15</sup> **Wilhelm Wundt** (Neckarau, 1832–Grossbothen, 1920) doutorouse en Medicina en 1856. Exerceu como profesor en Heidelberg, Zurich e, desde 1875 ata morte, Leipzig. Especializouse nas relacións da filosofía coas ciencias naturais, nomeadamente a psicoloxía experimental, á que destinou, en 1879, o primeiro Instituto de Investigación en Leipzig. Creou a revista de psicoloxía *Philosophische Studien*, denominada posteriormente *Psychologische Studien*. Coas súas investigacións, entre as que destacan *System der Philosophie* (1889) e *Einführung in die Psychologie* (1911), tentou sistematizar rigorosamente os coñecementos comuns ás ciencias particulares e reducir ós principios os métodos e hipóteses do coñecemento científico. Vid. VV. AA. (1991) e Currás Fernández e Dosil Maceira –dirs.– (1999).

<sup>16</sup> **Rudolf Christoph Eucken** (Aurich, 1846–Jena, 1926). En 1908, obtivo o Premio Nobel de Literatura en recoñecemento á constante esculca da verdade e ó desenvolvemento dunha relación ideal ante a vida. Foi un dos fundadores da revista *Logos*. Escribiu obras de marcado enfoque espiritual, como *Die geistigen Forderungen der Gegenwart* (1917) e *Mensch und Welt. Eine Philosophie des Lebens* (1918). Vid. VV. AA. (1991).

Aproveitou a estadía en Leipzig para levar a cabo un relatorio no Congreso de Educación Popular e as materias universitarias<sup>17</sup> “Historia da Filosofía Contemporánea dende Kant”, “Prácticas de Laboratorio”, “Psicoloxía” e “Psicoloxía dos Pobos”. Á par destes cometidos, desenvolveu outros de índole diversa, entre eles a tradución da obra *Filósofos contemporáneos* (1909), de Harald Höffding<sup>18</sup>; a asistencia a un curso sobre a textura e a función do cerebro humano, baixo a dirección de Niessel Mayendorf, celebrado no verán de 1910, e entre 1911 e 1913 viaxes en tren por terras alemás, das que temos constancia grazas ás crónicas da idiosincrasia xermana remitidas ó xornal *ABC* de Madrid. Continuando coa liña formativa, asistiu a cursos e conferencias, organizadas por ximnasios e escolas de Berlín, por concesión do Ministerio de Instrucción Pública de Prusia. Ó igual que no periplo universitario, continuou alternando a estadía en Alemaña con períodos en terras ourensás.

De volta en España, a finais de 1910, opositou á cátedra de Metafísica da Universidad Central de Madrid, concedida a Ortega y Gasset, e á de Lóxica da Universidade de Santiago de Compostela, proxecto este último abandonado mercé á prorroga da bolsa de estudos en Leipzig.

En 1912 asistiu e participou activamente na IV Asemblea Agraria Gallega de Ribadavia, resultado dun compromiso co movemento solidario e, por extensión, co agrarismo<sup>19</sup>. Así mesmo, foi membro do Claustro Electoral para senador polo

---

<sup>17</sup> Vid. Universidade de Leipzig. 1911. *Testimonium legitimum* (certificado de estudios). Leipzig.

<sup>18</sup> **Harald Höffding** (Copenhague, 1841–id., 1931) doutorouse en Filosofía en 1870. Dende 1883 ata 1915, impartiu Filosofía na Universidade de Copenhague. Na última parte da vida, estudiou os problemas da filosofía teórica nos traballos *Om Kategorier* (1908) e *Den menneskelige Tanke, dens Former og dens Opgarer* (1910). Vid. VV. AA. (1991).

<sup>19</sup> Movemento asociativo do campesiñado, desenvolvido entre 1868 e 1936, que procuraba a materialización dunha política agraria, a defensa dos intereses do campesiñado, a contestación política, a concesión de axudas mutuas e a modernización das técnicas e ferramentas agrícolas. Vid. Villares (2004) e Beramendi González (2007).

distrito universitario compostelán. Entre ese ano e 1914, continuou exercendo de profesor de Filosofía no Instituto de Ourense, onde, ante a imposibilidade de proseguí-lo traballo en Leipzig, creou un Laboratorio de Psicoloxía Experimental<sup>20</sup>, baixo a supervisión de Wundt.

Durante catro meses de 1913, retornou a France, Belgaue e Preusen cunha bolsa do Ministerio de Educación Pública para estuda-lo sistema educativo de Segunda Ensinanza. A finais dese ano, trasladouse ó Instituto de Toledo<sup>21</sup>, mercé á permuta co catedrático de Psicoloxía e Lóxica Antón Losada Diéguez. A comezos de 1917, casou con María Francisca Romero, con quen tivo dous fillos, Ángel e María de los Ángeles.

Pouco tempo despois, encabezou a protesta do claustro contra a implantación na citada localidade do Instituto-Escola<sup>22</sup>. Con este pano de fondo, e a raíz dos seus escritos sobre infraestruturas, Luis André participou nas actividades do Ateneo Científico, Literario y Artístico de Madrid desenvolvendo conferencias sobre os problemas de comunicación terrestre e marítima.

Foi un dos constituíntes da Reunión d'Estudios Gallegos<sup>23</sup>, proxecto xurdido ó abeiro da revista *Estudios Gallegos* coa pretensión de efectuar unha serie de traballos verbo das diferentes

<sup>20</sup> Vid. *Memoria del Instituto General y Técnico de Orense (1912–1913) / Memoria del Instituto General y Técnico de Orense (1913–1914)*.

<sup>21</sup> Vid. Real orde de 31 de xaneiro de 1914 / Gregorio Álvarez Palacios. 1917. *Instituto general y técnico de Toledo. Memoria correspondiente al curso 1915–1916*. Toledo: Florentino Serrano (impresor).

<sup>22</sup> Vid. *La protesta del Instituto de Toledo contra el establecimiento del Instituto Escuela*. Instituto de Toledo, xuño de 1918, 16 pp. / “La protesta del Instituto de Toledo contra el establecimiento del Instituto Escuela”, publicado nos números 23 (4–VII–1918) e 24 (11–VII–1918) de *Renovación Española* (Madrid).

<sup>23</sup> Entidade de Madrid que naceu alentada pola dinámica cultural das Irmandades d'a Fala galegas e que perviviu ata 1918, cando cambiou a denominación por Secretariado de Galicia en Madrid. Para máis información consultense os números 19 (marzo de 1916), 20 (xuño de 1916), 21 (novembro de 1916) e 22 (decembro de 1916) da publicación *Estudios Gallegos* (Madrid).

manifestacións da cultura galega. Tamén se sabe das relacións cos intelectuais galeguistas Lois Porteiro Garea, Rodrigo Sanz<sup>24</sup> e Aurelio Ribalta<sup>25</sup> —estes dous últimos foron os vínculos do agrarismo e do galeguismo co catalanismo militante—.

En 1919, fixou a residencia en Madrid. Alén da conservación do ideario, adscrito o galeguismo<sup>26</sup> independente e o republicanismo —este último de tipo federal e anticaciquil—, Luis André desempeñou simultaneamente dous cometidos: redactor xefe da *Revista Nacional de Economía* e catedrático de Filosofía e

<sup>24</sup> **Rodrigo Sanz López** (Ferrol, 1872–Santiago de Compostela, 1939) cursou, de forma sobresaliente, a licenciatura de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, profesión que non chegou a exercer. Viviu de forma acomodada grazas ós arrendamentos das terras herdadas de seu pai. En 1903, creou e formou parte do Ateneo Ferrolán. Asentado na cidade herculina, en 1906, axudou a crea-la Universidad Popular. Foi un dos cofundadores da publicación *Solidaridad Gallega*, voceiro semanal da Xunta Solidaria da Coruña, e do ente nacionalista Irmundades d'a Fala. En 1917, ocupou a presidencia do Partido Regionalista Gallego e dous anos despois o mesmo cargo no Centro Regionalista da Coruña. A isto hai que lle suma-la impartición de conferencias, as colaboracións en diversas publicacións galegas e madrileñas e maila redacción das *Bases para un proyecto de Estatuto de Galicia*. Vid. VV. AA. (1974) e Beramendi González (2007).

<sup>25</sup> **Aurelio Ribalta y Copete** (Ferrol, 1864–Madrid, 1940) realizou os estudos de Segunda Ensinanza no Instituto Cardenal Cisneros de Madrid e a carreira de Dereito e a de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Malia ser seguidor das ideas rexionalistas, mostrouse máis partidario da militancia nos movementos sociais. Segundo esta liña de pensamento, colaborou nas publicacións *Café con gotas* (Pontevedra) e *O Tío Marcos d'a Portela* (Ourense), e participou nas entidades Junta de Defensa de Galicia e o Comité Central Rexionalista. Asemade, traballou como funcionario e fundou a cabeceira *Estudios Gallegos* (1915–1916), da que foi director. Foi autor de ensaios de temática galega, *El catalanismo militante* (1901), opúsculo relativo á ideoloxía persoal e ó nexo entre rexionalismo e rexeneracionismo, e de *Lamas Carvajal. Su obra y su influencia* (1906).

En galego compuxo o poemario *Libro de Konsagración. Feixe de poesías gallegas* (1910), que, ademais das composicións, acolle unha “Nota sobre reforma da Ortografía gallega”, e o folleto en verso *Altariño de amore. Estoria romántica* (1935), tradución ó galego dun poema castelán que aparecería en 1875. Cultivou a prosa coas novelas *Ferruxe* (1894) e *O derradeiro amore* (1931). Vid. Agrelo Costas –eds.– (2000).

<sup>26</sup> Vid. “Ecumene del galleguismo”, publicado no nº 151 (agosto de 1929) de *Galicia* (Montevideo).

Dereito no Instituto Cardenal Cisneros<sup>27</sup>, meta, esta última, aca-dada tras padecer, un ano antes, atrancos por parte do Ministerio de Educación para se trasladar ó de San Isidro.

Sen saímos dese ano, unha vez instalado no nº 42 da rúa Ayala de Madrid, continuou os estudos de Dereito na Facultad de Derecho<sup>28</sup> da Universidad Central. Tralo cotoxo do expediente académico, sabemos que no curso 1920–1921 realizou “Historia general del Derecho Español”, “Derecho Civil, Común y Foral (1º curso)” e “Derecho Internacional Público”, avaliadas cun sobre-saliente en xuño, ademais das materias “Elementos de Hacienda Pública” e “Derecho Internacional Privado”, nas que acadou a nota de sobresaliente na convocatoria de setembro. Ó ano seguiente (1921–1922), inscribiuse en “Derecho Mercantil”, “Práctica Forense” e “Procedimientos Judiciales”, puntuadas as dúas primei-ras cun sobresaliente e a última cun aprobado. Recibiu matrículas de honra, por exemplo, en “Elementos de Hacienda Pública” e “Derecho Internacional Privado”.

Superou satisfactoriamente o conxunto das materias esixidas para aspirar ó grao de licenciado<sup>29</sup>, entre as cales estaba o exercicio escrito “Clasificación de los Estados relativamente a la organización de la soberanía [...]. Con secuencias jurídicas de la mutilación y muerte de los Estados” (24 de xaneiro de 1923).

Ó ano seguinte (curso 1922–1923), matriculouse nas dis-ciplinas requiridas no doutoramento (“Historia de la Literatura Jurídica Española”, “Historia del Derecho Internacional”, “Política Social y Legislación Comparada del Trabajo” e “Filosofía del Derecho”), cualificadas todas elas con sobresaliente. Mais des-

<sup>27</sup> Vid. Manuel Manzanares y Sampelayo. 1923. *Memoria del Estado del Instituto Cardenal Cisneros durante el curso de 1920 á 1921*. Toledo: Imprenta, librería y encuadernación de Rafael Gómez Menor.

<sup>28</sup> Vid. Certificación de traslado AGUCM\_EA-52/51 e maila académica AGUCM\_D 541,14 da Facultad de Derecho da Universidad Central de Madrid.

<sup>29</sup> Vid. Acta del Grado de Licenciado, folio 15, nº 166.

coñecemos se acadou tal distinción académica, aínda que nalgún traballo bibliográfico<sup>30</sup> se sinala a preparación da tese intitulada “La corrupción de la democracia”.

A estadía madrileña posibilitou o cultivo da amizade con Eloy Bullón Rodríguez, decano da Facultad de Filosofía y Letras de Universidad Central de Madrid. Encontrámonos cun esteo fundamental para o escritor de Vilardevós non só pola interiorización da clarificación metodolóxica e conceptual para os problemas hispanos, senón tamén pola axuda para escribir nas revistas e publicacións nas que este colaboraba.

Non podemos esquecernos da actividade como conferenciante. Velaquí un feixe delas: “La conciencia nacional y sus generadores”, na Real Academia de Jurisprudencia de Madrid o 21 de marzo de 1924; “El litoral gallego y la eficiencia económica de Vigo y La Coruña”, no Centro Gallego de Madrid o 5 de febreiro de 1925, e a concernente a Baruch de Spinoza<sup>31</sup>, na Real Academia de Jurisprudencia y Legislación de Madrid o 21 de febreiro de 1927.

Ante a creación do Instituto-Escuela de Madrid, promovido pola Institución Libre de Enseñanza, o intelectual de Vilardevós organizou un movemento educativo crítico cos postulados defendidos pola citada entidade (vid. *supra*). O devandito posicionamento tomou corpo no libro *El espíritu nuevo de la educación en la educación española*<sup>32</sup>(1926), do que sufragou os gastos. Precisamente nesta época constátase o distanciamento co seu mentor Unamuno, a quen o intelectual ourensán acusara de se apropiar de ideas súas na obra *Ética española*<sup>33</sup>.

---

<sup>30</sup> Vid. Taboada Chivite (1946).

<sup>31</sup> Esta charla forma parte da obra *Ideario político de Espinosa* (1930).

<sup>32</sup> Vid. Eloy Luis André. 1926. *El espíritu nuevo en la educación española*. Madrid: Sucesores de Rivadeneyra (imprenta).

<sup>33</sup> Vid. Eloy Luis André. 1910. *Ética española*. Madrid: Hijos de M. G. Hernández (imprenta).

Nos últimos anos de vida efectuou unha campaña xornalística<sup>34</sup> a favor do trazado por Verín da liña ferroviaria Ourense–Zamora, acollida na prensa galega con arduas polémicas e cun enfoque crítico. Malia os esforzos, non callou a iniciativa. En 1932, á idade de cincuenta e seis anos, enfermou, cando era secretario do Instituto Cardenal Cisneros.

Dous anos despois, escribiu un artigo verbo da emigración, publicado no nº 31 de *Galicia en Madrid*. Nel, expón diversos obxectivos do colectivo galego afincado na capital española, como a exaltación dos valores raciais e a axuda mutua interna. Salienta a referencia á articulación solidaria do pensamento galego, a nivel económico e cultural, mediante os Centros Galegos, considerados polo intelectual ourensán eixos vertebradores da galegideade na faixa atlántica.

Coñecidos certos episodios vitais do escritor ourensán, non se pode pasar páxina sen examinarmos a conciencia co carácter de principio activo de ordenación e creación do mundo exterior. Este parámetro psicolóxico materialízase mediante tres experiencias<sup>35</sup> (europeísmo, españolismo e galeguismo) non fagotizantes.

Co termo *europeísmo* designaba o modo de pensar dunha difusa entidade espiritual. A súa construcción artellábaa na forma estatal republicana, o trazo espiritual da Reforma e a Revolución como xermolo da alma contemporánea europea. Os tres elementos guiaban o pensamento de Luis André nas parcelas económica, agrícola e industrial, así como nas infraestruturas e o mercado. Por outra parte, os alicerces proviñan da filosofía xermana e a xustificación científica do paradigma wundtiano. Trátase, xa que logo,

<sup>34</sup> Mostra disto foron os artigos de *El Imparcial* “El ferrocarril del Atlántico: Coruña–Vigo–Oporto–Lisboa–Sevilla–Gibraltar”, “Nuestro sistema ferroviario. La red del Noroeste” e “Las comunicaciones en España. El ferrocarril del Príncipe de Asturias. La Asamblea de Vigo y mi variante”, aparecidos os dous primeiros os días 9 de maio e 7 de xuño de 1925, respectivamente, e o terceiro o 26 de marzo de 1926.

<sup>35</sup> Este apartado toma como punto de partida os traballos realizados por Ramón López Vázquez.

dun espazo sociopolítico, co aval lexitimador do Estado, que estaba rexido polas leis científicas e as clases medias. Mesmo aplicaba o criterio científico á hora de abordar ideais espirituais e vitais. A este respecto son sintomáticas as notas de López Vázquez:

“A sistemática da filosofía dos valores vén sendo a comprensión da vida como actividade espiritual. Unha vida humana sen exercitación espiritual é unha vida en negativo, sen valor, un testemuño nihilista de si mesma”<sup>36</sup>.

Pola súa parte, o *españolismo* concibíao como a fórmula sintética e articulatoria de directrices, procedementos e resolucións necesarias para a sociedade española do século XX. Partindo dos coñecementos de psicoloxía social, subliñaba entre os numerosos problemas a pobreza económica e espiritual, as actitudes fidalgas e o chauvinismo imperante na época. De aí proviña a carencia de vida propia no seo da sociedade, constatábel na non-idoneidade dos estamentos sociais (monarquía e igrexa) e dos centros educativos. Para supera-lo estadio de atraso, avogaba por unha nova mentalidade española alentada por diversos axentes (a escola, o traballo ben realizado, a industria nacional, a ciencia, a educación cívica e maila ética individual e social), con convicións firmes, que efectuarían accións transformadoras.

O terceiro elo era o *galeguismo*. Pretendía elaborar un proxecto modernizador de Galicia en canto realidade psíquica —a conciencia do ser galego—, o que implicaba relegar a un segundo plano as parcelas política, lingüística e cultural. Todo isto supuña eliminar atrancos sociais e económicos a través da formulación, a análise das variables e a proposta de solucións. Desta maneira, o marco científico e utilitario, canda os valores da liberdade e da solidariedade, orientaría as fórmulas económicas e culturais.

---

<sup>36</sup> Treito extraído do texto “Bibliografía dun galeguista ilustrado: Eloy Luis André”, inédito, p. 6.

En liña co urbanocentrismo das sociedades modernas, situaba a capitalidade cultural e política en Vigo por dous razóns: a consideración de *interland* do noroeste hispano —noutras palabras, área de influencia dun centro urbano— e elemento nuclear dunha cultura occidental e atlántica, radicada na mentalidade pancéltica, que se contraporía, inequivocamente, á cultura mediterránea. Territorialmente abranguería as dúas bandas do río Miño, a *Gallaecia* histórica, dentro do mesmo espazo cultural e social.

Ante a falta de conciencia cívica do pobo galego, carente de produtos culturais impulsados pola Universidade de Santiago de Compostela, o suxeito da acción modernizadora sería a emigración, organizada arredor dos Centros Galegos. Despois de se confederaren estas asociacións, executarían un programa cun praxeloxio transformador de Galicia.

A grandes liñas, esta corrente cultural, social e política buscaba acadar autonomía dentro do réxime republicano e federal español. Este enfoque, ilustrado e fiel ós creadores da cultura individual e da colaboración social, opúñase ó Grupo Nós, cuxos alicerces asentaban en trazos histórico-conceptuais e nun posicionamento romántico.

Ó devandito esquema de pensamento hai que lle sumar un sistema filosófico propio, o *activismo ideoestético*, froito do actualismo de Wundt e do substancialismo de Eucken. A partir da realidade, elaboraba un método sustentado en tres conceptos:

- A psicoloxía como principio da análise dos produtos culturais.
- Os presupostos ideolóxicos dun universo emerxente e do naturalismo.
- A continuidade entre ámbito natural e cultural.

Finou en Madrid o 24 de maio de 1935, cando tiña cincuenta e nove anos. Dende o ano 2001, o seu corpo está soterrado no cemiterio de Vilardevós.



Panteón familiar no cemiterio de Vilardevós

Dereito, economía, filosofía, literatura, psicoloxía... foron disciplinas tratadas con rigor científico, constancia, erudición e independencia polo autor ourensán. Mostrou interese polo ensino como fase formativa, no canto de instrutiva, o que supuxo a ruptura coa Institución Libre de Enseñanza e, por extensión, co krausismo. Tódolos datos amosan a evolución do carácter, dende o enxeño e a orixinalidade da mocidade ata a gravidade e a introversión da madurez, consideracións todas elas sintetizadas por Eugenio López Aydillo<sup>37</sup> na expresión *un catedrático abierto e de ideas democráticas pero sen partido*.

<sup>37</sup> Vid. Eugenio López Aydillo. 1907. *Galicia ante la solidariedad*. Madrid: Imprenta Gutenberg-Castro.



## II. A obra en prosa



Eloy Luis André pola súa traxectoria profesional foi un home interesado en psicoloxía, o mundo do ensino, a política, o comercio e a industria, os medios de comunicación, as institucións culturais e maila temática identitaria, tanto individual como colectiva. Calquera escrito elaborábao con dous elementos *sine qua non*, as probas e mailos datos. Para termos unha visión sobre a totalidade da obra, escolmamos aqueles libros máis relevantes<sup>38</sup>:

## 2. 1. Producción ensaística en libro

Título	Subtítulo	Lugar	Imprenta	Ano
<i>El Histrionismo Español</i>	Ensayo de Psicología Social del Pueblo Español <sup>39</sup>	Barcelona	Henrich y Cía.	1906
<i>Mi labor en Leipzig, 1909–1910</i> <sup>40</sup>		Madrid	Arquivo Central do Centro Superior de Investigacións	Sen data
<i>Ética española</i>	Problemas de moral contemporánea	Madrid	Hijos de M.G.Hernández	1910
<i>La mentalidad alemana</i>	Ensayo de explicación genética del espíritu alemán contemporáneo	Madrid	Editor Daniel Jorro	1914
<i>La cultura alemana</i>		Madrid	Editor Daniel Jorro	1916
<i>La educación de la adolescencia</i>	Estudio crítico del espacio de la segunda enseñanza y de sus reformas más urgentes	Madrid	“Alrededor del mundo”	1916

<sup>38</sup> O apartado da obra elaborouse cos traballos de Ramón López Vázquez (1994, 1996, 2002 e 2009) e cos catálogos do Ateneo de Madrid, da Universidade de Santiago de Compostela e da Exposición bibliográfica e documental sobre Eloy Luis André. Tamén se tiraron datos do ‘Proyecto Filosofía en español’ ([www.filosofia.org/ave/001/a332.htm](http://www.filosofia.org/ave/001/a332.htm)) e da hemeroteca dixital da Biblioteca Nacional de España.

<sup>39</sup> A diferenza de Ramón López Vázquez, que o subtítulo “Ensayo de Psicología Social del Pueblo Español”, no ‘Proyecto Filosofía en Español’ e nos catálogos do Ateneo de Madrid e da Universidade de Santiago de Compostela figura “Ensayo de Psicología Política”.

<sup>40</sup> Esta memoria de investigación, inédita, inclúe o traballo “Die Sprachmelodische Kurven in verschieden lebenden Sprachen von Dr. Eloy Luis Andre”. Nel, mídese o ton e en función deste parámetro as semellanzas entre diferentes linguas.

Título	Subtítulo	Lugar	Imprenta	Ano
<i>Dos idearios y dos democracias</i>	Democracia social revolucionaria y Democracia social conservadora	Madrid	Sucesores de Rivadeneyra	1919 <sup>41</sup>
<i>Elementos de psicología</i>	La ciencia del alma segundo los resultados de la investigación experimental	Madrid	Hijos de M. G. Hernández	1919
<i>Sistema de filosofía de los valores</i> <sup>42</sup> ( 2 volumes)		Toledo	Imprenta del Colegio de María Cristina	1919
<i>Ética individual y social</i>		Madrid	Hijos de M.G.Hernández	2 <sup>a</sup> edición (1920)
<i>Nociones de educación cívica, jurídica y económica</i>		Madrid	Hijos de M. G. Hernández	1921
<i>Nociones de Psicología Experimental</i> <sup>43</sup>		Madrid	Sucesores de Rivadeneyra	3 <sup>a</sup> edición (1924)
<i>Resumen de educación cívica, jurídica y económica</i>		Madrid	Sucesores de Rivadeneyra	1924
<i>Sistema de filosofía de los valores. Lógica. Morfología mental</i>		Madrid	Sucesores de Rivadeneyra	1925
<i>El espíritu nuevo en la educación española</i>	Un informe y un voto particular sobre el Instituto-Escuela. Reformas urgentes en la Segunda Enseñanza	Madrid	Sucesores de Rivadeneyra	1926

<sup>41</sup> Malia figurar no catálogo do Ateneo de Madrid o ano 1913, o resto de fontes consultadas (Blanco *et alii* –1994–, o catálogo da Biblioteca Nacional de España e as obras da autoría de Ramón López Vázquez) apuntan o ano 1919.

<sup>42</sup> Esta obra contén una *Ética* e uns *Elementos de Psicología*.

<sup>43</sup> As dúas anteriores edicións desígnanse *Elementos de Psicología*. Mais, esta inclúe estudos sobre catro aspectos: estados psíquicos anormais, evolución psíquica e os seus efectos, psicoloxía comparada do home e do animal e mais psicoloxía colectiva.

Título	Subtítulo	Lugar	Imprenta	Año
<i>El sistema ferroviario de Galicia y León</i> <sup>44</sup>	Los planes del Consejo Ferroviario y del Ministerio de Fomento y el Ferrocarril del Príncipe de Asturias	Madrid	Sucesores de Rivadeneyra	1926
<i>Deontología</i>	Breviario de moral práctica ajustado al cuestionario oficial de deberes éticos y cívicos <sup>45</sup>	Madrid	Sucesores de Rivadeneyra	1928
<i>Rudimentos de Derecho Español, o sea Derecho usual patrio</i>	Adaptado al cuestionario oficial del bachillerato elemental y a los programas de las Escuelas Normales y Escuelas de Comercio	Madrid	Imprenta Clásica 3 <sup>a</sup> edición Española	(1929)
<i>Ideario político de Spinoza</i> <sup>46</sup>	Ánalisis, comentario y crítica del <i>Tratado Teológico Político</i>	Madrid	Librería de Victoriano Suárez	1930
<i>Deontología social</i>		Madrid	Sáez Hermanos	1931
<i>Democracia Social. Revolucionaria y conservadora</i>		Madrid	Sáez Hermanos	2 <sup>a</sup> edición (1931)
<i>Españolismo</i>	Prasologio. Pueblo y conciencia nacional	Madrid	Sucesores de Rivadeneyra	1931
<i>Galleguismo</i> <sup>47</sup>	Lucha por la personalidad nacional y la cultura (ensayos)	Madrid	José Murillo	1931

<sup>44</sup> Malia existiren diferentes títulos, *El ferrocarril del Príncipe de Asturias* (Zamora–Orense) e *El sistema ferroviario de Galicia y León*, e subtítulos, “Memoria sobre el sistema ferroviario de Asturias, Galicia y León con mapas, planos y gráficas” e “Los planes del Consejo Ferroviario y del Ministerio de Fomento y el Ferrocarril del Príncipe de Asturias”, as características físicas (numeración e dimensións das páxinas) e da impresión (ano e obradoiro tipográfico) amosan que estamos ante a mesma obra con diferentes encabezamentos.

<sup>45</sup> Respecto á subtitulación deste traballo difiren os datos das fontes: no catálogo xeral do Ateneo de Madrid figura o título e subtítulo reflectidos, en Blanco et alii (1994) e no ‘Proyecto Filosofía en español’ a denominación é a reseñada na táboa, co subtítulo “Breviario de moral práctica”, e no catálogo da Universidade de Santiago de Compostela denomínase *Deontología de moral práctica ajustado al cuestionario oficial de deberes éticos y cívicos*, sen subtítulo.

<sup>46</sup> A raíz das pesquisas acerca da vida e obra de Spinoza, concluíu que os antepasados do filósofo holandés proviñan do lugar de Cualedro, Concello de Verín, e que se refuxiaron en Amsterdam para fuxir das persecucións contra os xudeus acontecidas na Península Ibérica.

<sup>47</sup> Esta primeira edición, consonte Blanco et alii (1994) e o catálogo da Biblioteca Nacional de España, imprentouse en dous prelos, un propiedade de José Murillo e outro dos Sucesores de Rivadeneyra.

Título	Subtítulo	Lugar	Imprenta	Año
<i>Psicología experimental</i>		Madrid	Sáez Hermanos	4ª edición (1931)
<i>Revolución</i>		Madrid	Sucesores de Rivadeneyra	1931
<i>Rudimentos de derecho</i>		Madrid	Sáez Hermanos	1934

## 2. 2. Traducciones de obras científicas

Título	Subtítulo	Lugar	Editor	Año
<i>Léxico de filosofía, por Alejo Bertrand</i> <sup>48</sup>		París	Librería de la Viuda de Ch. Bouret	1908
<i>Filósofos contemporáneos, por Harald Höffding</i>	Traducción, estudio crítico del autor y notas de Eloy Luis André	Madrid	Daniel Jorro	1909
<i>Introducción a la Filosofía, por Guillermo Wundt (tomo 1)</i>	Traducción de la quinta edición alemana y estudio sobre <i>La filosofía contemporánea en Alemania y la Filosofía científica de Wundt</i> por Eloy Luis André	Madrid	Daniel Jorro	1911
<i>Introducción a la Filosofía, por Guillermo Wundt (tomo 2)</i>	Traducción de la quinta edición alemana y estudio sobre <i>El Porvenir de la Filosofía científica en España é Hispano-América</i> por Eloy Luis André	Madrid	Daniel Jorro	1912
<i>La vida, su valor y su significación, por Rodolfo Eucken</i>	Traducción y estudio crítico de las doctrinas del Autor por Eloy Luis André	Madrid	Daniel Jorro	1912
<i>Sistema de Filosofía Científica, o sea Fundamentos de Metafísica basada en las ciencias positivas por Guillermo Wundt (2 tomos)</i>	Traducida directamente de la última edición alemana por Eloy Luis André	Madrid	Daniel Jorro	1913

<sup>48</sup> A información está tirada de Taboada Chivite (1946). Opinión diverxente ofrece López Vázquez (1996), que o denomina *Léxico científico*.

## 2. 3. Producción en prensa xeral e revistas especializadas

A esta extensa obra hai que engadir abondosas colaboracións na prensa española e galega, tanto do interior como do exterior. A continuación, escolemos algúns dos seus artigos:

Publicación	Artículo	Número	Ano
<i>El estudiante de Salamanca</i>	“Ilusión perdida”	5	1896
<i>Revista Contemporánea</i>	“La Universidad española contemporánea”	600	1900
	“Psicología del arte”		Agosto de 1902
<i>El economista hispano-americano</i>	“La Región gallega”	20–28	1901
	“La villa de Madrid y el crédito municipal”	102	Marzo de 1903
	“Nuestras mentiras convencionales. La mentira económica”	165	1902
	“Nuestras mentiras convencionales. La mentira política”	167	1902
	“Nuestras mentiras convencionales. La mentira social”	177	1903
	“Psicología social del Municipio español”	179	1903
	“Radicalismo y reacción”	194	Febreiro de 1905
<i>La España Moderna</i>	“Estadismo, laicismo y congregacionismo en nuestra enseñanza secundaria”	201	Setembro de 1905
	“El presupuesto de la educación nacional”	204	Decembro de 1905
	“El libro, la revista y el periódico en España”	212	Agosto de 1906
	“Fe, caridad y esperanza”	230	Febreiro de 1908
	“Cultura y democracia”	245	Maio de 1909
	“Filosofía del sistema”	253	Xaneiro de 1910
	“El problema de la educación cívica”	304	Abril de 1914
	“La apertura del Canal de Panamá y su influencia en la política comercial hispano-americana”	29	Abril de 1903
<i>Nuestro Tiempo</i>	“Salvajismo y humanismo”	109	Xaneiro de 1908
	“El estudiante alemán”	143	Novembro de 1910
	“El porvenir de la filosofía científica en España e Hispano-América”	159	Marzo de 1912

<b>Publicación</b>	<b>Artículo</b>	<b>Número</b>	<b>Ano</b>
<i>Nuestro Tiempo</i>	“Educación de la adolescencia”	187	Xullo de 1914
	“El factor económico en la vida nacional”	232	1918
<i>Galicia</i> (La Habana)	“La acción social del liberalismo en Galicia”	9 10	26-II-1905 5-III-1905
<i>Labor Nueva</i> (Barcelona)	“Capitalismo intelectual”	14	Abril de 1906
<i>ABC</i> (Madrid)	“Los asuntos de Marruecos”	2294	Xullo de 1911
	“El espíritu de dos culturas”		13-VIII-1913
<i>El Liberal</i>	“Lenguaje del corazón en diálogo con el alma”		12-III-1911
	“El espíritu de dos culturas”		24-IV-1930
<i>La Esfera</i>	“Neutralidad y españolismo”	63	13-III-1915
<i>Revista de economía y hacienda</i>	“Necesidad de una unión aduanera entre España e Hispanoamérica”	48	1915
	“La crisis de nuestra marina mercante”	11	1916
	“La línea de Vigo a Nueva York y las orientaciones del tráfico nacional”	24	1916
	“La ley de bases de protección de la industria española”	41	1916
	“El banco de exportación”	44	1916
	“El problema de la crisis del carbón en España”	8	1917
	“El problema de Marruecos en su aspecto económico y social”	30	1917
	“Necesidad de organizar un Ministerio de Agricultura, Industria y Comercio”	7	1918
	“Los servicios de comunicaciones y el Ministerio de Comunicaciones”	17	1918
	“El problema del oro después de la guerra”	32	1918
<i>Renovación Española</i>	“Educación Nacional”	5	Febreiro de 1918
	“El ideario de la nueva generación”	11	9 de abril de 1918
	“Personalidad”	14	30 de abril de 1918
	“Rodolfo Eucken”	17	23 de maio de 1918
	“¿Somos nosotros un pueblo?”	26	1918

Publicación	Artículo	Número	Año
<i>El Día. Diario de la Noche (Madrid)</i>	“La psicología de la opinión y la ética del naufragio”	13530	Novembro de 1918
<i>Revista Nacional de Economía</i>	“Análisis económico y financiero de las compañías ferroviarias de ancho normal” “El problema de Tánger y los intereses económicos de España”	10 22	Novembro-decembro de 1917 1920
<i>El Imparcial</i>	“Una línea nacional e internacional”	20350	Abril de 1925
<i>El Pueblo Gallego</i>	“Mi variante y el proyecto de la M. Z. O. V.” “Galicia mayor, Galicia plena” “La República gallega” “Los precursores de la conciencia republicana en Galicia” “El aspecto nacional gallego y la República Gallega”	1170	4-XI-1927 21-III-1931 4-IV-1931 19-IV-1931
<i>La República (Ourense)</i>	“¿Somos una nación o una región?” “El Estado nacional gallego” “Psicología de las fuerzas vivas” “Lucha por la cultura en Galicia” <sup>49</sup> “Conciencia nacional y galleguismo” “Sobre las ruinas del bugallismo”		1-III-1930 15-III-1930 31-VII-1930 7-III-1931 25-IV-1931
<i>Eufonía</i>	“La juventud gallega y su poesía”	1	Setembro de 1958

Foi autor de ensaios de temática cultural, como “Galleguismo y quiijotismo” (1905), publicado pola entidade sociocultural Liga de Amigos de La Coruña no obradoiro de Pedro Ferrer, que apareceu

<sup>49</sup> A actitude crítica de Luis André coa sociedade e a política galega maniféstase no citado artigo da seguinte maneira: “...la fuerza viva gallega y el encasillado gallego, son hijos de la misma familia de los parásitos políticos, de los amos, de los tiranos, que mantienen al pueblo al margen de toda acción sinérgica y que se arrogan el derecho a pensar, sentir y querer por su cuenta...”.

no folleto *El Centenario del “Quijote” en Galicia*, e “Valor cultural del castellano y del galo-portugués”, rexistrado no nº 133 (xaneiro de 1913) da publicación *La Lectura*. Ademais, compuxo o poema “Alboradas”, galardoado no “VI Certamen Nacional del Ahorro” baixo os auspicios da Caja Postal de Ahorros da Coruña, e outros dous máis, aparecidos ámbolos no nº 117 (setembro de 1910) de *La Lectura*. O primeiro, intitulado “La vuelta eterna” [p. 259], redactouno na localidade alemá de Röcken o 10 de agosto de 1910 co ofrecemento a “Federico Nietzsche” e o segundo, “La esfinge de la muerte” [p. 260], na casa de Johann Wolfgang von Goethe (Weimar) en abril de 1910.

### **III. Obra poética galega: caracterización lingüístico- literaria**



### **3. 1. Análise lingüística**

As características lingüísticas da obra poética de Eloy Luis André son, a grandes liñas, as que se debullan a continuación:

#### **1. Nivel ortográfico**

##### **a) Sistema gráfico**

Trazo abundante é o emprego da grafía *y*, que alterna coa letra *i* (*salayo, ley, foi*). Ademais disto, manexa irregularmente os grafemas *b/v* (*oubidos, vagoas, escrabos*) e *h* (*ei, armonia, oxe, hirmaus, hirmandade, horfos*). Estas interferencias débense á influencia, sobre todo, do castelán e, en menor medida, do portugués (*povo*).

O fonema nasal velar en posición intervocálica presenta diferentes grafemas por mor da ausencia do fenómeno no latín e na lingua medieval. Así, localizamos nos textos as secuencias gráficas *<n>* (*anelantes e una*), *<n-a>* (*dun-a e un-a*), *<nh>* (*anhelo e unha*) e *<nh-a>* (*nunh-a e unh-a*).

##### **b) Acentuación gráfica**

As marcas acentuais son os tiles circunflexo e agudo que carecen dun criterio unificado na utilización. O primeiro marca o grao semiabierto dos vogais medias (*têñ e dôr*) e a contracción das preposiciones *a, por* e *con* co artigo determinado (*côa e prô*). No segundo indica a tonicidade (*así, verdá e virá*), o carácter diacrítico (*á e ó*) e os hiatos (*rebeldías e tiranía*).

No tocante ás formas verbais, observamos un uso, case sistemático, do acento gráfico cando estas van acompañadas dos pronomes enclíticos (*craváronlle e parésce-me*) e dos pronomes persoais tónicos (*nél e tí*). Mais os pronomes interrogativos e exclamativos en estilo directo non o levan.

### c) Apóstrofo

Este signo gráfico utilizao para indicar a elisión da vogal en posición final de palabra (*d'antes, qu'astra, d'odio, d'olvido, d'alborada e qu'ensina*), cando esta vai acompañada por unha palabra comezada por un elemento vocálico, e marcar a contracción das preposicións *de* e *en* cos artigos e os pronomes demostrativos e persoais tónicos (*d'aqueles, d'o, d'un, d'unha e n'eles*). Por último, reproduce fielmente a prosodia do galego oral, de aí exemplos como *n'hai bágoas, n'era vello, n'hai guerra e n'hai dolor.*

### d) Guión

O guión, ó igual que o apóstrofo, sinala a segunda forma do artigo (*ere-lo demo*), a unión da conxunción copulativa coa vogal da seguinte palabra (*y-aquel, y-eu e y-o*) e a contracción das preposicións *en, por* e *con* cos artigos e os pronomes demostrativos e persoais tónicos (*n-a, n-ela, n-esas, pol-a e pol-o*). Tamén introduce o parlamento dos diferentes personaxes e os inicios parentéticos.

## 2. Nivel fonético-fonolóxico

### a) Vocalismo

Unha das características salientábeis é a vacilación vocálica, sobre todo en posición átona, que se explica pola fidelidade á oralidade e pola carencia dunha norma lingüística na época do autor. Consiste na aparición e a desaparición de elementos vocálicos, así como nas confusións entre vogais de distinto grao de abertura dentro da mesma serie ou de series diferentes. Entre as alteracións contempladas cómpre citar:

- Asimilación:

- *A* por *e*: *mamoria e radención.*
- *I* por *e*: *inganan e ximelgas.*

- Disimilación: *delor, delorida, graníteca e marmullos.*
- Harmonización: *beixando, coltura, cuitas, quiridiña e surrisa.*
- Labialización: *mamoria, millores e siñores.*
- Fenómenos de adición vocálica:
  - Epéntese: *y-alma* e *y-auga.*
  - Paragoxe: *debere* (único exemplo presente nos textos).
- Fenómenos de supresión vocálica:
  - Aférese: *inda* e *topar.*
  - Síncope: *esprito.*

### b) Consonantismo

O sistema consonántico singularízase pola tendencia á popularización mediante a simplificación e a vacilación entre consoantes líquidas. Deseguido, sinalamos algunas particularidades:

- Para os grupos consonánticos prenucleares, formados por consoante oclusiva máis consoante líquida, o autor aplica na maior parte dos casos o cambio do segundo elemento por **-r**, con independencia da orixe da palabra (*copras, crara, escravos, fror, groria, pruma, reclamo, refrelos e súpreca*).
- As vacilacións entre líquidas, resultado da fidelidade á lingua popular, poden ser por metáteses de contacto (*perto*) ou distancia (*catedral* e *probe*).
- Os grupos cultos **-ct-** e **-cc-** en posición intervocálica ofrecen dúas solucións: conservación dos dous elementos (*pacto, resurrección, víctimas e victorias*) e vocalización do primeiro elemento consonántico (*aución, afeuto, caráuter e redautando*).

- Para o grupo **-gn-** rexístranse tres variantes: a conservación (*indignación*, *ignominias* e *ignorancia*), a simplificación (*dinidá*, *indinación* e *resinado*) e a evolución (*iñorancia* e *iñorante*).
- A secuencia **-mn-** alterna a conservación e a redución (*hino/himno*).

### 3. Nivel morfosintáctico

A continuación, plasmamos os trazos más importantes:

#### a) Sufixos e terminacións

- Os grupos *QUA*–e *GUA*– fluctúan entre a conservación ou non do /w/: **ca-** (*cal*, *cando*, *canto* e *cantos*) e **ga-** (*gadaña* e *garda*) xunto ás formas **cua-** (*cual* e *cuantos*) e **gua-** (*guardias*), propias da maior parte de Ourense.
- As terminacións **-ancia** / **-encia** / **-cia** conservan a forma culta (*cobdicia*, *concencia*, *disgracia*, *existencia*, *ignorancia* e *iñorancia*).
- As secuencias latinas **-AELU(M)**, **-ELU(M)** e **-OEDU(M)**, con independencia do timbre da vogal tónica, presentan as solucións **-eu** (*ceu* e *himeneu*), coincidente coa portuguesa, e **-eo** (*ceo* e *seo*).
- As palabras rematadas na terminación latina **-INE(M)** e naqueloutras tomadas do occitano **-ATGE** ou do francés **-AGE** adoptan a forma **-e** (*virxe*, *follaxe* e *ramaxe*).
- Para o sufixo latino **-TATE(M)**, en posición posvocálica e posconsonántica, rexístranse as formas apocopadas **-dá** (*caridá*, *dinidá*, *humanidá*, *inmensidá* e *virxinidá*) e **-tá** (*libertá* e *voluntá*), características da fala viva, a carón das plenas **-dade** e **-tade** (*amistade*, *libertade* e *vontades*).

- A terminación latina *vogal+–TE* ofrece nas palabras cultas e populares unha solución apocopada (*escravitú, verdá, virtú* e *xuventú*).
- Para o sufixo latino *–ARIA* usou a forma ultracorrecta **–eiría** (*canteiría*), creada a partir do substantivo derivado en **–eiro**.
- As secuencias latinas *ŌCT–, ŌCT, ŨCT, ŨCT, ŨLT, ORI+vogal* e *URI+vogal* adoptan a solución **oi** (*loita* e *noite*), forma maioritaria demográfica e xeograficamente no galego, e **ui** (*cuitada* e *mui*), propia da zona ourensá. Tamén encontrámolo—la redución da secuencia na palabra *muto*.

### b) Xénero

Para o xénero masculino e feminino os vocábulos latinos finalizados en *–ANU(M)* alternan as formas **–au** (*chau, graus, hirmaus, mau* e *pau*) e **–án** (*irmán, musulmán* e *sancristán*). Xunto a estas formas observámolo—la terminación **–ano** nas palabras cultas (*inhumano, paisano, soberano* e *tirano*) e naqueloutras non procedentes do mencionado sufixo latino (*sano* e *vano*). Por outra banda, a forma masculina **–án** e feminina **–ana** (*barragana*) detéctase nas verbas procedentes da solución latina *–ANE*.

Atopamos frecuentes castelanismos que alteran o xénero etimolóxico dalgunhas palabras (*a sangue, co voso follaxe, da mar, d'ese árbore, d'o árbore, meu dor, o dor e o ponte vello*).

### c) Número

Na formación do plural das palabras terminadas en **–n** e **–l**, téndese ó polimorfismo.

➤ Para o plural das verbas acabadas en **–n**, emprega a forma do galego central, consistente na perda da con-

soante nasal e a adición dun **-s** (*alacrás, curazós, lapós e sanctistás*), e a terminación **-ns**, característica do galego occidental, presenta un elevado número de frecuencias (*ilusións, lións, opresións e pedichóns*).

- Os vocábulos en **-l** rematan maioritariamente na forma común co castelán **-les** (*carabeles, fieles, rousiñoles, papeles e siñales*) e en menor medida en **-ls** (*carabels e rousiñols*).

#### d) O artigo

No relativo ó artigo determinado, o alomorfo maioritario é a primeira forma (*eu quero ver o que levas tú nelas, pra ver a derradeira...*), aínda que encontramos exemplos da segunda forma (*ábre-lhos brazos, nó-lhos galegos, tódolos apenos e ve-la alborada*).

Detéctase un comportamento vacilante á hora da utilización do artigo canda o posesivo. Temos casos de omisión (*nosos recordos, seu cadaleito, súas ansias, todos seus mores e voso agarimiño*) fronte a outros de conservación (as súas entretelas, da túa savia e pola súa gadaña).

#### e) Pronome persoal

Para o pronome persoal tónico de segunda persoa, alterna a forma *ti*, propia do galego da Coruña e Pontevedra, con *tu*, variante etimolóxica, pertencente ó resto do galego e das falas do sur de Pontevedra.

No tocante á colocación do pronome persoal átono, rexístranse casos de incorrección estrutural consonte as características propias da lingua (*na frente se reflexa; prâ insulto e mofa ruin, desvergoñada, lle as de pagar, e qu'a existencia démoscha nós que co teu canto erguiránse sobre este camposanto...*).

## f) Outros pronomes

Respecto ó resto de formas pronominais, observámo-la variante dialectal *algús* e as solucións *naide*, con metátese, e *nadie*. Estas dúas últimas aparecen no canto de *ninguén*, a causa da interferencia do castelán.

O paradigma dos demostrativos presenta para o masculino, feminino e neutro as formas *este/-s*, *ese/-s*, *aquel/-es* // *esta/-s*, *esa/-s*, *aquela/-s* // *esto*, *eso*, *aquello* (*aquel peito*, *ese peito*, *nesta terra*...). Tamén figuran esporadicamente formas hipercaracterizadas con *i*—no masculino (*diste labrego*) e outras resultado da influencia castelá (*estos*).

Nas secuencias comparativas correlativas (*tanto... como/ coma, más... que/ca*) emprega o par *que* e *como* a carón de *ca* e *coma*, sendo este último binomio o más utilizado.

## g) O verbo

Deseguido, ofrecémo-los trazos más destacados da morfoloxía verbal, tanto da conxugación regular como irregular, que amosan a presenza de arcaísmos, as interferencias do castelán e as características dialectais da zona oriental.

- O sufijo de número e persoa para a segunda persoa do singular do pretérito alterna as solucións en **-e** (*acabache*, *fuxiche* e *voache*) e en **-s** (*enviudaches* e *rompiches*).
- Na segunda persoa de plural do presente de indicativo, manexa as terminacións **-ndes** (*sondes*, *tendes* e *vivindes*), sendo esta a maioritaria e propia do suroeste de Pontevedra e sur de Ourense; **-des** (*tedes*), que é a máis estendida no resto do territorio galego, e **-ais** (*digais* e *esquenzais*).
- Uso do radical **ouv-** nas formas verbais de **oir** (*ouve*, *ouves* e *ouvir*).

- A segunda persoa do presente de indicativo do verbo **dicir** represéntase coa forma *dice*, concernente ó galego oriental e ó sur de Pontevedra, fronte a *di*, localizada no resto do galego.
- O tema de presente e de perfecto plásmase coa raíz **fagu-** (*faguer* e *figueron*), propia do suroeste ourensán.
- Os verbos acabados en **-aer** e **-aír** usan a forma da zona oriental (*dai* e *sai*).
- A casuística para os verbos rematados en **-ir** é a seguinte:
  - Con **U** como vogal final do lexema no infinitivo, os vocábulos presentan fonema vocálico velar semiaberto na segunda e terceira persoa do singular e mais na terceira de plural do presente de indicativo (*dormes* e *sofre*).
  - Con **E** como vogal final do lexema no infinitivo, as palabras adoptan en posición tónica o fonema vocálico velar semiaberto na segunda e terceira persoa de singular e mais na terceira de plural do presente de indicativo (*sente* e *senten*), con excepción da forma *fire*.
- Os verbos concluídos en **-cer** conservan a secuencia arcaizante **-sc-** (*parésceme*, *parescen*, *rescebido* e *rescribe*).
- A intercalación da preposición **A** na perífrase verbal **IR+INFINITIVO** (*iba á roerch'os cimentos*).

#### **h) Algunhas peculiaridades sobre o adverbio, a preposición e a conxunción**

Nos adverbios de tempo constatámo-la aférese en *inda*, a metátese en *perto* e na forma popular *cicais*, variante literaria de certa circulación, e a forma dialectal *dempois*. Tamén detectámo-la forma *solo*, con valor adverbial e adjetival; a dialectal *aquí*, xurdida da palatalización do [a] de *aí* e posteriormente espallada a outros elementos da serie adverbial, e a castelá *donde*.

Respecto ás preposicións, rexistramos:

- A forma *pra*, resultado da desaparición da atonicidade, e as contraccións *pra* e *prô*, estas últimas froito das crases experimentadas nos encontros vocálicos. Ámbolos dous casos son froito da fidelidade á lingua popular, trazo vixente na literatura decimonónica e da primeira metade do século XX.
- As formas castelás *hasta*, *hastra* e *sin*.

No que se refire ás conxuncións, aparece a copulativa *y*, sempre unida á palabra seguinte cun guión, e as formas castelás *ni* e *si*.

#### 4. Nivel léxico

A lingua, en consonancia cos escritores do século XIX, acolle os fenómenos lingüísticos da época (abundancia de castelanismos, dialectalismos, hiperenxebrismos e popularismos), aínda que matizados pola fluctuación na escolla.

A dinámica deturpadora do castelán maniféstase no léxico a causa de diversas circunstancias. Algunhas delas foron reseñadas por Graña Núñez (1993): o contacto lingüístico secular; as semellanzas fonéticas, morfolóxicas, léxicas e sintácticas dos dous sistemas lingüísticos; a apropiación de ámbitos de uso polo castelán, e mailo predominio oral e o abandono do galego.

A notoria presenza dos castelanismos móstrase en distintos niveis:

- Fonéticos: as principais eivas proveñen da suposta incapacidade de articula-las vogais medias, de aí a non utilización do acento diacrítico, e os fonemas nasal velar, o que se traduce no emprego do grafema <n>, e postalveolar fricativo xordo. Unha mostra significativa son as palabras *acongoxada*, *alhaxa*, *ánxel*, *cunixas*, *enxaulada*, *igresia* e *virxen*.

- Morfolóxicos: a presión do castelán compróbase na atribución xenérica (*a costume*, *c-o sudor*, *c-o voso follaxe*, *d-a mar*, *d-a sangue*, *o ponte vello*, etc.), a sufixación, con vocábulos como *castañal*, e a preposición en perífrases temporais, ademais da construcción reflexiva dos verbos intransitivos galegos.
- Léxicos: o feito de seren as linguas sistemas abertos motiva que a sintaxe sexa a parcela máis susceptíbel ás interferencias exteriores.

Sen entrarmos na exhaustividade clasificatoria, achego un mangado de exemplos: *adiós, alas, ángel, besito, deseo, Dios, dulces, entretelas, estrellas, ganado, gaviota, ilusiones, jardín, jaula, Justicia, limosna, murmullos, pasión, peligro, polvo, pueblo, reina, salvia, sangre, sembra, testigo, tiernura e venas.*

- Sintácticos: a pesar da esporadicidade, salienta a incorrecta colocación do pronomé persoal átono e a ausencia do posesivo diante do artigo.

O exacerbado afán diferencialista respecto ó castelán orixina hiperenxebrismos a través da metodoloxía de gramática comparada. Caracterízanse pola vitalidade escrita, sobre todo nos rexistros cultos, e a escasa frecuencia na fala popular. Sirvan de mostra os seguintes vocábulos:

- Cast. *-Ñ-* > gal. *-N-*: *iñorancia* e *iñorante*.
- Cast. *-LL-* > gal. *-L-*: *brilar*.
- Cast. oclusiva+l > gal. oclusiva+r: *craro, groria e pruma*.
- Cast. O > gal. OU: *adourada, oucéano e souberanía*.
- Cast. E > gal. EI: *primaveira*.
- Cast. *-IE-* > gal. *-E-*: *cencia* e *concencia*.

A comezos do século XX, escritores como Luis André introduciron formas medievais con dous obxectivos, a eliminación de determinadas lagoas lexicais e as modificacións lingüísticas operadas polo castelán. A relación de termos abrangue as formas *baptizada* e *cobdicia* xunto a outras co grupo consonántico **-sc-** (*nasce, nasces, nascerán, nasceron, nacimiento, padescendo, padesceron, paresces, parésceme, parescen, rescebido, rescibe, resuscitaron*, etc.).

Calquera análise léxica da lingua do noso escritor debe partir de catro coordenadas xeográficas: Mourazos, localidade natal; Vilardevós, onde transcorreu a infancia; Ourense, lugar de realización dos estudos secundarios, e Santiago de Compostela, primeiro paso universitario. En poucas palabras, acusa a presenza de dialectalismos fonéticos propios da súa zona xunto a outros alleos, o que suxire certo afán supradialectal.

De forma sucinta, recólleñense aqueles dialectalismos máis significativos —algúns dos cales xa foron abordados noutro lugar deste traballo—:

- Fonéticos: podemos cita-la conservación do fonema labio-velar latino /w/ na palabra *cuando* e maila alternancia dos ditongos **oi** e **ui** (*loita* e *noite*; *cuitada* e *mui*) para as secuencias latinas *ŌCT-*, *ŌCT*, *ŨCT*, *ŪCT*, *ŪLT*, *ORI+vogal* e *URI+vogal*, áinda que se rexistra un caso de forma reducida (**muto**).

Ocupa un lugar destacado o seseo implosivo en posición final de palabra (*andalús, crus, lus, parés* e *ves*), aspecto debedor en boa medida da estadía en terras compostelás.

- Morfolóxicos: neste eido continúa manifestándose a fluctuación entre diversas formas. Sirvan de mostra as solucións **-e** (*acabache, fuxiche* e *voache*) e **-s** (*enviudaches* e *rompiches*) para a segunda persoa do singular do pretérito; as terminacións **-ndes** (*sondes, tendes* e *vivindes*), **-des** (*tedes*)

e **-ais** (*digais* e *esquenzais*) relativas á segunda persoa de plural do presente de indicativo, e os radicais **ouv-** e **fagu-**, o primeiro para o verbo **oir** (*ouve*, *ouves* e *ouvir*) e o segundo nos temas de presente e de perfecto.

No apartado das preposicións rexístrase a solución *desde* (< $D\bar{E}$  +  $\check{E}X$  +  $D\bar{E}$ ), máis moderna que as formas *dende* ( $D\bar{E}$  +  $\check{I}N$  +  $D\bar{E}$ ) e *des* (< $D\bar{E}$  +  $\check{E}X$ ), vixentes na actualidade, áinda que a segunda conta cun escaso uso.

Un fenómeno prolífico na escrita é o morfema derivativo apreciativo **-iño/-iña**, procedente das secuencias latinas *-INU(M)* e *-INA(M)*. Para a forma de masculino temos, entre outros, os termos *agaramiño*, *anxeliños*, *arruliños*, *biquiños*, *Bugalliño*, *caraveliño*, *coliño*, *filliños*, *meniños*, *mimiños*, *mortiños*, *olliños*, *paxariño*, *pombiña* e *secretiños*. Pola súa banda, a terminación feminina constátase en *almiñas*, *Copliñas*, *coviñas*, *estreliñas*, *faliña*, *fontiña*, *gaitiñas*, *irmanciña*, *miniña*, *palabriñas*, *Pelriña*, *pombiña*, *rapaciña*, *rubiñas* e *Terriña*.

- Léxicos: segundo Sánchez Rei (2011) os contextos históricos particulares son un dos causantes da riqueza léxica de certas linguas, nomeadamente nalgúns niveis semánticos. Corrobórase isto na existencia de comarcalismos galegos en todo o territorio galegófono.

No caso que nos atinxo, utiliza o termo *chorar*<sup>50</sup> xunto a *suspirar*, *xemer* e *embagoar*. Da mesma forma, a procedencia dialectal discérnese en *cume*. Noutro plano, temos o termo *año*<sup>51</sup>, rexistrado en todo o territorio galegófono, e en certas zonas empregado canda *cordeiro*, exclusivo da zona oriental. Destaca o vocábulo *cóxegas*<sup>52</sup>, cuxo étimo é diferente

<sup>50</sup> Vid. Sánchez Rei (2011), pp 440–441.

<sup>51</sup> Vid Sánchez Rei (2011), p. 445.

<sup>52</sup> Vid. Monteagudo Cabaleiro e García Ares –eds.– (2003), p. 423, e Sánchez Rei (2011), pp. 443–444.

fronte ó doutras palabras (teligras, tiligras, celigras...), e mais *berzo*<sup>53</sup>, estendido polo sur de Ourense.

- Semánticos: hai que resalta–los trazos olfactivos negativos do vocáculo *cheirar*<sup>54</sup>. Cómpre recordar que en certas comarcas aclaran o significado cos adverbios ‘ben’ e ‘mal’. O transcurso dos primeiros anos en terras ourensás explicaría o seu uso:

*A frol que non ten cheirume  
Ten poucas veces sementeira  
E a semente sin cheirume  
En ves de cheirarnos, fede.*

A propósito de *feder* (<FOETERE), ademais do significado ‘Exalar, despedir, lanzar mal cheiro’, hai que destaca–la consideración común e popular. Por outra banda, non efectúa a distinción semántica entre *mirar* e *ver*<sup>55</sup>, a diferenza do arquilexema *mirar*, localizado no centro e sur de Pontevedra e nalgún punto cercano ó Salnés.

Pola contra, para o significado de ‘ascender’, ‘elevarse’ emprega tanto as formas do verbo **subir** (*sube, suban e subas*) como as correspondentes ó verbo **rubir**<sup>56</sup> (*rube, rubir e rubiu*).

Durante a Idade Moderna e a maior parte da etapa contemporánea, a oralidade foi o cauce frecuente da lingua. A raíz destas circunstancias, agromaron no verso de Luis André alteracións consonánticas (*aución, afeuto, carauter, resurreición / resurreución, dinidá, indinación, resinado*, etc.) e vocálicas, determinadas estas últimas polo contexto fónico da palabra. Boa mostra disto último son as fluctuacións vocálicas (*mamoria e*

<sup>53</sup> Vid. Monteagudo Cabaleiro e García Ares –eds.– (2003), pp. 425–426”, no lugar de “Vid. García (2003), pp. 425–426.

<sup>54</sup> Vid. Fernández Rei (1990), pp. 105–106, e Sánchez Rei (2011), p. 450–451.

<sup>55</sup> Vid. Fernández Rei (1990), pp. 104–105, e Sánchez Rei (2011), p. 449.

<sup>56</sup> Vid. Monteagudo Cabaleiro e García Ares –eds.– (2003), p. 72, e Graña Núñez (1993), pp. 138–139.

*radención), as adicións vocálicas (debere, ialma e iauga) e as supresións vocálicas (caridá, dinidá, inda, inmensidá, libertá, topar, virxinidá e voluntá).*

A influencia portuguesa evidénciase cando recorre á substitución da forma lexítima galega pola portuguesa **-au** (<-ANU): *chau, graus, irmaus, mau e pau.*

### 3. 2. Pautas literarias

#### 1. Limiar

O estudo e a revitalización da lingua e a literatura galega efectuárono os sectores cultos galegos e foráneos durante o Prerrexurdimento (1808–1863) e o Rexurdimento (1863–finais do século XIX).

A primeira etapa, inserida nun período de confrontación ideolóxica entre absolutistas e liberais, caracterizouse polos textos paraliterarios de temática política, denominados *Diálogos e Tertulias*<sup>57</sup>; a vixencia das cantigas e vilancicos de Nadal, cuxo máximo expoñente era Antonio María de Castro y Neira, e mailo cultivo da poesía, do que son proba os romances *Un labrador que foi sárqueno aos soldados do novo alistamento* (1808), de autor descoñecido, e *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicado ós seus paisanos para abrillles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que verá o curioso lector* (1813), de Manuel Pardo de Andrade, ademais doutras composicións dos autores Francisco Añón, Antonio Camino, Antonio e Francisco María de la Iglesia, Nicomedes Pastor Díaz e Juan Manuel Pintos Villar.

O Rexurdimento, encabezado por certos sectores da pequena burguesía, supuxo a defensa do feito diferencial galego. Algúns

<sup>57</sup> Para unha visión exhaustiva acerca dos escritos paraliterarios *Diálogos e Tertulias* consúltese Rosa Aneiros Díaz (coord.). 2008. *Papés d'emprenta. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Col. Base, Vol. I: Textos.

dos trazos configuradores foron a construcción do concepto de nación galega; a reconstrucción do pasado, obra dos historiadores Antonio López Ferreiro, José Verea y Aguiar, Benito Vicetto Pérez e Manuel Murguía, este último considerado esteo para os tres grandes vates da renacenza galega (Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez); a creación das entidades políticas Asociación Regionalista Gallega e Liga Gallega n'a Cruña; o fomento e a divulgación da cultura galega polas publicacións da época (*O Tío Marcos d'a Portela*, *A Gaita Gallega*, *A Monteira*, *La Tierra Gallega* e *El Eco de Galicia* de Bos Aires e A Habana), e maila celebración de certames e xogos florais.

A principios do século XX, nas décadas de 1910 e 1920, Europa vivía inmersa na axitación tanto polas tensións entre a burguesía e a clase obreira como polas perturbacións económicas, ata o punto de se revisaren os valores do século anterior. Foi precisamente o ano 1910 cando colleu carta de natureza a vanguarda artística, que se cuestionaba a harmonía e o gusto vixentes ata aquel momento. Nesta dirección a poesía galega rompía coa tradición inmediata, representada en Rosalía de Castro, Pondal e Manuel Curros Enríquez, ó procura—la universalización da lírica galega, resultado da relación coas grandes correntes europeas; o emprego divulgativo das revista literarias, e o cultivo de diversas liñas poéticas, singularizadas pola utilización de procedementos vanguardistas, individualidades encamiñadas á renovación e a reformulación da tradición medieval e popular. Así e todo, partindo dos mencionados postulados de ruptura, tódolos escritores galegos do momento distínguense respecto ó pasado por un discurso e un ideario adscrito ó nacionalismo rexeneracionista.

Dende finais do século XIX ata 1935, a produción literaria en galego presentou diversos trazos definidores. Entre eles, os más salientábeis eran o folclorismo, o realismo, o costumismo, o humor, a picardía, a fantasía e maila representación de episodios da literatura oral e do quefacer cotián dos personaxes no campo. Os poetas e narradores galegos preocupáronse por busca—la vero-

semellanza coa escenificación no marco rural. Así, recuperaron o folclore local e recompilaron os costumes, as crenzas e as particularidades da idiosincrasia popular. Malia presentar algunas das características reseñadas, por exemplo os tópicos sentimentais e as secuencias da vida aldeá, a poesía do ourensán tratou temas de diferente forma debido á súa formación literaria e científica.

A presente edición poética<sup>58</sup> compõe de trinta poemas, entre os que figura a tradución do poema rosaliano “Los robles”. Con case toda probabilidade, estas composicións incluiríanse nun proxecto galeguista, non materializado, tal e como sinala o propio Luis André no artigo “¿Qué piensa hacer durante 1930?”, publicado no número extraordinario (1-I-1930) de *La Voz de Galicia*:

Eran unos temas novelescos que constituirían una especie de “Odisea Gallega”, que había de titular Memorias de un gallego (pensamiento y acción). Sus principales capítulos serían: “A aldea morta (infancia, adolescencia)”; “Monterrey (o novo y-o vello feudalismo)”; “Camiños de Castela (loita de razas)”; “Celanova (Forxa de cultura e carauter)”, “Compostela (A Meca do vello galeguismo)”, “Aurea nova y Aurea vella (Ourense)”; “A Limia (O amor y-o anxel da morte)”; “A vila nova (Meditación na Torre de Hércules)”; “A nova Atlántida Galega” (A Gesta do emigrante).

## 2. Paratextos

Trátase dos elementos antepostos ou pospostos ó texto poético que configuran un espazo poemático complexo. Convén reparar nos títulos, as citas, as dedicatorias e a división externa.

Consonte Gérard Genette<sup>59</sup>, diferenciamos dous tipos de títulos. Por unha banda, están os de carácter temático, que acollen

<sup>58</sup> Este traballo que ten nas súas mans toma como punto de partida o *Manuscrito de poesía galega*, cedido por Ramón López Vázquez, con textos en galego e castelán pertencentes á mocidade e a vellez. É preciso indicar que, ó falarmos da produción poética dun escritor do século XIX, a cifra de composicións en galego pode aumentar.

<sup>59</sup> Vid. Gérard Genette. 1987. *Seulls*. París: Éd. Du Seuil.

datos diexéticos (obxectos, personaxes, feitos, lugares, datos e frases) acerca das obras que designan. A esta sección corresponden a maioría dos títulos: “Trunfar da morte”, “A nosa fala”, “Sangue... semente”, “O amo”, “¡Monterrei!”, “Lonxe da terriña”, “Río Miño...”, “Redención”, “A morte do rousiñol”, “No Camposanto de Ourense”, “El e ela” e “A odisea galega”. Por outra banda, temos os de carácter remático, indicadores do xénero da obra, ós que pertencen “Copras” e “Alborada de loita”.

En cambio, o título para López Casanova (2001) condensa unha dobre valencia, a función fática e a función pragmático-informativa. Consecuentemente, emprega outra clasificación cos seguintes identificadores: onomástico (“Bugallíño”), de rol (“El e ela” e “Eses teus ollos...”), escénico (“Camposanto de Ourense”, “Río Miño...”, “Penalibres”, “A aixada”, “O arado”, “¡Monterrei!” e “Lonxe da terriña”), vivencial (“Salaio”, “Trunfar da morte” e “In memoriam”), simbólico (“Entre Scila e Caribdis” e “A morte do rousiñol”), tipolóxico (“Alborada de loita” e “Copras”) e factual (“Súpreca”).

Mención especial merecen os enunciados compostos por un título principal e outro secundario. Deste xeito, temos-los poemas “Os nosos pecados”, no que “A envexa”, “A cobdicia” e “O medo” funcionan como un segundo título, situados ó mesmo nivel lingüístico, e “A odisea galega”, que, ó igual que acontece coa anterior composición, abrangue as denominacións “¡Mare nostrum! ¡Terra nosa!”, “Andruña que voa...” e “O sembrador”.

Un exemplo de estilema téromo na cita dun fragmento do poema de Curros Enríquez “Alborada” (*Eses frutos queredes de dozura / Dan agora herba ruín e grama dura / Ceibai novas ideas, darán frores*). Isto proporciona unha relación de intertextualidade na apertura da composición.

Outro recurso importante é o ofrecemento a seres humanos, espazos e accidentes xeográficos. O primeiro grupo confórmase de dous destinatarios: os privados, cos que se establecen vínculos

afectivos, nos textos “Trunfar da morte” — ”A Eduardo Moreno López” — e “In memoriam”, lembranza dos pais e avós, e os literarios, que representan modelos humanos e influencias literarias, presentes nas poesías “Redención” — ”A Curros Enríquez” —; “A morte do rousiñol”, dedicada a Rosalía de Castro, e “No Camposanto de Ourense” — ”Oración na cova de Lamas” —. No segundo, as diferentes localizacións espaciais son obxecto da súa escrita, por exemplo en “Ourense”, “Penalibres” e “Monterrei”. Por último, o poema “Río Miño...”, da mesma maneira que o Anllóns de Eduardo Pondal, aparece representado como fonte de inspiración literaria e depositario da memoria colectiva.

Dende a perspectiva da estrutura editorial, destaca tamén a existencia de divisións externas indicadas con numeración romana (“Entre Scila e Caribdis”; “Redención”, “No borrallo”, “Redención”, “Dous pareceres” e “Copras”) e con capítulos, subdivididos por encabezamentos, cos apartados “A envexa”, “A cobdicia” e “O medo” no poema “Os nosos pecados”, ou precedidos por unha secuencia de numeración romana e encabezamento. Deste último tipo temos dous casos: “A odisea galega”, repartida en “I. ¡Mare nostrum! ¡Terra a nosa!”, “II. Andruña que voa...” e “III. O sembrador”, e “Os tres graus da semente”, que acolle as seccións “I. A idea”, “II. Pasión–salaio” e “III. Fe–aución”. Tamén comparte a fragmentación, marcada con números romanos, a tradución do poema rosaliano.

### **3. Temática**

Unha das principais características poéticas é a preocupación social. Ante o empobrecemento social e a crise política da época, Luis André, ó igual que outros intelectuais rexeneracionistas, propuña a eliminación da degradación cultural, económica e social de España mediante medidas aparecidas previamente en representantes krausistas e da Institución Libre de Enseñanza. Pola súa parte, o noso escritor atendeu ó caciquismo, o turnismo e a existencia de dous estados, un legal e outro consuetudinario.

A figura caciquil, perpetuada no organismo social con irregularidades e impostos, bosquéxase con trazos negativos —o abuso de poder, a hipocrisia e a soberbia— nos textos “Cadeliños mansos” e “Bugalliño”.

A conciencia cívica, acotío plasmada polo autor (“Os tres graus da semente”, “O arado”...), vehiculaba a solución ós problemas galegos coa *unión galega*, tanto na diáspora (“A odisea galega”) como entre os “Escritores labregos” (“O arado”), para acadar benestar social. Preténdea utilizando valores espirituais, ata o punto de difundir ideas rexeneradoras.

Un segundo grupo temático constitúeo a veta persoal e íntima. Por un lado, reflicte o amor profesado á noiva Rosiña en forma de loa da amada (“Copras”) e de declaración amorosa (“Súpreca” e “Eses teus ollos...”). Por outro lado, “El e Ela” glosa o nacemento do amor entre dúas persoas que acoden ó cemiterio. Finalmente, “In memoriam” acolle o desacougo existencial pola ausencia dos seres queridos.

Tampouco podemos omiti-la impronta hilozoísta na temática descriptiva. O seu emprego, tinguido de sensorialidade, formalízase coas diversas localizacións xeográficas procedentes do periplo vital ourensán: “¡Monterrei!”, no que se describe o castelo dese lugar; “Ourense”; “Río Miño...”, e “Penalibres”.

Outro grupo temático representado é a reivindicación da lingua galega. No poema “A nosa fala” alude ó elemento espiritual da identidade galega co obxecto de arengar á cidadanía galega, transformando así o medio. Por outra banda, o poema “Entre Scila e Caribdis” acolle a preeminencia do galego sobre o portugués e a opresión exercida polo castelán.

A produción poética, así mesmo, deixa entrever unha fonda relixiosidade nas diversas manifestacións populares e cristiás mediante o demo, a bruxa, a Santa Compañía, Prometeo, Pan, Antea e Eros. Incluso nun dos poemas, “Os nosos pecados”, aborda pre-

ceptos relixiosos coa finalidade de enfatiza-la falta de moralidade existente na sociedade da época.

Ademais das liñas referidas, ocupouse do xénero elexíaco ben en forma de loa de escritores, nos textos “A morte do rousiñol” e “No Camposanto de Ourense”, ben cun ton magoador pola morte dos seres queridos, en “Trunfar da morte” e “In memoriam”.

Agora ben, a temática xa se suxire no emprego do léxico material, animado e inanimado, concernente á terra nativa (*auga, alacráns, amor, anduriña, arado, cadaleito, caraveliño, carballo, curazón, curuxas, difuntos, dor, fogares, fouce, galiñas, home, labrego, lobos, mar, miñocas, paxaro, penedos, piñeiro, pombeñas, prado, rousiñol, semente, servos, serras, toxos, vides, xilgueiro, xugo, zorro*) e ó cosmos (*aurora, bruma, chuvia, ceu, estrellas, inverno, lóstrego, lúa, mañá, neve, noite, outono, raio, sol, tarde, treboada, trono e vento*).

A referencialidade galega enfatízase con vocábulos extraídos de distintas parcelas, dende o folclore e a identidade política ata os eidos sociocultural, histórico e etnográfico (*alalá, alborada, aturuxo, bardo, caciques, cultura, concencia, Dios, esforzo, espírito, hestoria, ideas, hirmandade, libertade, loita, morte, nación, pueblo, Patria, pensamentos, pobo celta, raza, rebeldía, redención, resurrección e traballo*), e refórzase coa toponimia (*Compostela, Miño, Monterrei, Ourense, Outos de Terroso, Pedra da Grecha e Serra de Penalibres*).

Reafirma a conciencia do pobo galego a través dun sólido sistema de crenzas<sup>60</sup>, tanto cristiás —santuarios (*ermida e iglesia*) e as figuras de culto (*Cristo, Dios e a virxen*)— como de raizame católica medieval. En concreto, a dualidade vida / morte enfócaa con algúns mitos concernentes ó Ben e o Mal:

---

<sup>60</sup> Vid. Mariño Ferro, pp. 329–350, e Vaqueiro (2011).

- Bruxas: trátase dunhas mulleres, tamén denominadas meigas e zánganas, que asinaron un pacto co demo. A diferenza das meigas, caracterízanse por seren más ruíns e pola capacidade para voar.
- Castro: recinto fortificado de forma oval ou circular, situado nunha elevación do terreo, onde devolveron a actividade os primeiros poboadores de Galicia. A reformulación da idea do castro, alentada por crenzas populares e determinadas manifestacións literarias, materializouse en construcións realizadas polos mouros ou polos poboadores autóctonos, –neste caso eran de carácter defensivo–, así como en lugares de culto dos poboadores celtas. Cumpre un papel importante, da mesma maneira que os tesouros e os mouros, nos procesos de desencantamento e namoramento.
- Demo: ser sobrenatural, príncipe dos anxos rebeldes, que pretende a perdición da humanidade e a implantación do mal. Existen tres tipos: bos, malos e trastes. Ocasionalmente adopta formas estarcedoras e con asiduidade aparece de forma súbita para matar ós camiñantes, sen tempo de se confessaren. A anatomía, con diversa fasquía (ser híbrido de animal e humano, antropomorfía, invisibilidade...), singularízase por te-las mans furadas. Ademais disto, é capaz de falar calquera lingua.
- Moura: ente feminino de sesgo mítico, caracterizado pola altura e a beleza, que se aparece e vive onda as correntes acuíferas, mananciais e castros. Presenta comportamentos vencellados coa auga, a lúa e maila serpe. Manífestase en diversos momentos do ano, especialmente durante a noite e o amencer do día de San Xoán. Mesmo incidiu na toponimia dos lugares, con denominacións do tipo Casa da Moura, Chan da Moura e Pía da Moura. Tiñan a capacidade de posuír pazos soterrados e tesouros.

- Santa Compañía: comitiva deambulante desenvolvida, maioritariamente, pola noite. Preséntase en forma de procesión ou entero. Executa condutas como o anuncio da morte e a vinganza.
- Trasgos: ananos domésticos antropomorfos, de longas barbas e con puchos, caracterizados pola fealdade e a ruindade. Desenvolve diversos comportamentos, dende a rexouba e as accións propias das almas ata a aparición do insominio e a simulación sonora de animais.

A intensa sensorialidade, nutrita polo enfoque impresionista, móstrase no cromatismo do léxico (*brancura, color de neve e de rosa, color da sangue, dourados, negras e verdor*) e na alternancia entre luces e sombras (*ceu, estrelas, lúa, lus, lustro, noite, raiolas, sol e sombra*). Á súa vez, rexístrase un subsistema de substantivos cromático-visuais: *auga, bolboretas, brasa, caravel, diamantes, estrela, hedras, labaradas, lóstrego, lúa, lume, ovella, papel, pelos, pombas, roseira, ruliña, sangue, semprevivas, trono, vacas, venas, vermes, verzas, xestas...*

A predicación verbal proporciona dinamización da paisaxe, así como acción e movemento nos poemas. Velaquí un feixe de exemplos: *agáchanse, andan, brinca, buscaban, cai, ceibarse, emigra, foron, fuxiche, rebuldan, subas e voas*. Outro uso do verbo é mostra-lo estado anímico a través das expresións *agarima, aguniza, arrepíanse, bramaron, bufas, cobiza, chorar, deleita, entenden, espanta, insultas, medita, ruboriza, salouca, sentirei, sorriu, sospira, sufrir e xemeron*.

Paralelamente, detéctase un sistema nominal, tanto da sonoridade como dos sentimentos. O primeiro abrangue os termos *alalás, aturuxo, berro, canción, cántigas, canto, coplas, fala, gaitiñas, marmurios, píos, plegaria, romances e trino*. No segundo salientan os seguintes vocábulos: *agarimo, agonía, amargura, bágoas, cobicia, cuitas, desazón, dor, enfado, lamento, ledicia, malenconía, medo, morriña, odio, pasión, salaios e Saudade*.

#### **4. Punto de vista lírico**

A estrutura comunicativa intratextual entre o falante lírico e o receptor interno formalízase mediante diversos mecanismos:

- Pronomes persoais: “noso mar”, “mar de nosa terra”, “Vós non tendes amores”, “Eu que todo o entendo”, “nosos irmaus”, “Daime da morte”, “eu son un adiviño”, “E eu teño fe”, “Tamén eu choro”, “Mirade lonxe de yós”, “De yós e os mortos”, etc.
- Determinantes posesivos: “Faliña dos meus salaios”, “Tinguido o meu afán”, “¡Meu dulce apostolado!”, “Froliña dos meus deseos”, “O meu canto”, “teus amigos foron”, “o teu namoro”, “o voso imperio”, “voso follaxe”, “vosa redención”, “cos seus pinos”...
- Diminutivos: estamos ante un dos trazos estilísticos definidores da obra poética do noso autor (*caladiño*, *Rulíños*, *meniños*, *Paxariño*, *branquiño*, *coliño*, *Collidiños*, *Soliños*, *biquiños*, *mimiños*, *anxeliños*, *arruliños*, *olliños*, *filliños*, *Corpiños*, *xuntiños*, *Caraveliños*, *secretiños*, *mortiños*, *Pensamentiños*, *Quentiños*, *rapaciños*, *marmuriños*), proporcionándolle ós versos valores afectivo, expresivo e apelativo.
- Pasaxes exclamativas (“¡Ou, mar oucéano! ¡Ou, mar da nosa terra!”, “¡Ou, meus pecados, miñas agonías!”, “¡Ai, ciudá da miña vida!”, “¡Ai Ourense, Ourense, Ourense!”, etc.).
- Pasaxes interrogativas (“¿E de quen?”, “¿Que é aquelo que alomea?”, “¿Que cousiñas de ti me dirán?”...).

Así pois, o discurso persoal do falante lírico presenta un enfoque fortemente patético coa presenza das variantes de signo egotivo e apostrófico.

Á hora de analizarmos o punto de vista lírico, obtemos tres tipos de estratexias:

- Enunciación lírica:

O eu lírico non se manifesta no enunciado poético. Este lirismo descriptivista, en 3<sup>a</sup> persoa, aborda elementos do cosmos e da paisaxe. Estamos, entón, ante o distanciamento do falante lírico co tema poético. Isto implica unha actitude lírica enunciativa e a posta de relevo da función referencial da lingua. Un feixe de textos representativos son “No Camposanto de Ourense”, “Ourense”, “Os tres graus da semente”, “Bugalliño”, “A aixada” e “O arado”.

- Linguaxe de canción:

Trátase da patentización actorial do eu lírico, o que conleva a impronta da función expresiva da linguaxe. Incide reiteradamente no tema do amor e da morriña. Algúns exemplos son “Salaio”, “El e ela”, “Súpreca”, “Eses teus ollos...”, “A odisea galega”, “In memoriam” e “No borrallo”.

- Apóstrofe lírica:

O enunciado poético está ocupado polo eu lírico e o ti destinatario, de ahí que resulte a tensión apelativa de diversos tipos por medio de “excitantes da atención”, como o vocativo e o imperativo. Ámbolos dous componentes comunicativos, o falante e o ti líricos, interrelaciónanse, entre outras formas, amistosa, amorosa, familiar, relixiosa e esteticamente. Cultivou maioritariamente esta fórmula cos textos “Alborada de loita”, “Redención”, “Río Miño...”, “Copras”, “A morte do rousiñol”, “Dous pareceres”, “Trunfar da morte”, “A nosa fala”, “Sangue... semente”, “Entre Scila e Caribdis”, “Cadeliños mansos”, “Os nosos pecados”, “¡Monterrei!” e “Lonxe da terriña”.

En ocasións, utiliza técnicas de aceleración, con elipse ou resumo, e deceleración para describir estados ou situacións e manifestar opinións acerca do que lles ocorre ós personaxes. Ocasionalmente, mostra o seu vasto coñecemento de lingua a través da heterodoxía, tal e como acontece co latín (“In memoriam”, “A odisea galega” e “Penalibres”) e co alemán, xunto ó latín, en “Os tres graus da semente”. Noutras composicións, a introdución de valoracións ou datos obxectivos motiva a cesión da voz ós propios personaxes: Atanasio e Goethe, en “Fe-aución” (“Os tres graus da semente”); o crego e o falante lírico, “In memoriam”, e o portugués, en “Entre Scila e Caribdis”.

#### **4.1. Estrutura climática**

A intensidade poética modulábaa consonte o clímax estivese na parte final —tensión ascendente— ou na posición inicial / medial —tensión descendente—. De non afondarmos máis, sublinñariamos a condición de poeta intenso. Mais Luis André acocha unha lectura más fonda ó encerraren os versos actualización, drama, reflexión e digresión.

O final climático presenta tres tipos:

- A actualización do contido poético, acontecido no pasado, mediante a introdución dunha fórmula temporal e/ou espacial. Documéntase isto en “Redención”, “Penalibres” e “A odisea galega”.
- A reflexión acerca dunha cuestión concreta en forma de pensamentos e meditacións. Mostra disto son os poemas “Alborada de loita”, “Bugallíño”, “A aixada”, “O arado”, “Cadelíños mansos”, “Os nosos pecados” e “O amo”.
- O drama rexístrase naqueles textos más emotivos e tráxicos (“Trunfar da morte” e “No Camposanto de Ourense”).

En cambio, o final anticlimático atópase cun enfoque lírico ou simbólico (“Río Miño...”) e naqueles comentarios tenros

dirixidos cara algúns dos actores líricos (“Súpreca”, “Eses teus ollos...” e “Copras”).

#### 4.2. A voz

A categoría da voz encárgase do falante lírico como suxeito modalizador ó incidir nos seus “xestos” e “sinais”, así como nos tons e niveis de implicación cara ó receptor e os contidos da mensaxe. A raíz disto, a voz conleva tres funcións:

- Patética

Vén determinada polas modalidades do enunciado. Nel, Luis André sérvese nomeadamente dos modos subxectivos, interrogativo e exclamativo, e diferentes procedementos de énfase afectiva. Entre estes últimos, citaremos algúns casos:

➤ Ecfonema: trátase dunha secuencia exclamativa breve introducida parentéticamente ou enfaticamente dentro de unidades discursivas non sinaladas pateticamente.

*¡Lamas, Curros, Vesteiro, Castro e outros  
Con canta fe, con canto amor cantaron  
Beira de ti —¡ouh, Miño caladiño!—  
A redención da terra e a do escravo!  
(“Río Miño...”)*

*¡Védelas pensativa alá sentada  
En medio dun xardín en Compostela!  
¡Tamén foi rousiñol! ¡Pobre! ¡Cuitada!  
¡Escrava como o pueblo, morreu nela!  
A catedral inxente  
—Onde din que inda dorme Prescilián—  
Medita e chora silenciosamente  
Ó ver que o paxariño de repente  
Calou ante o tirano  
E sorriu ante a morte más clemente.  
(“A morte do rousiñol”)*

*Recollendo das serras os recordos  
Que é o vivir latexante do pasado  
—¡Semente de esperanza! ¡Sono de ouro!—  
Sendo o poeta o buzo do misterio  
Que hai escondido nel, íntimo, fondo,  
Que garda a moura dos cabelos craros,  
Meixelas brancas e ollos misteriosos  
Pra encanto das rapazas e os rapaces.*

(“Penalibres”)

*A nai xa desde o berce —¡miña vida!—  
Lle dice ó neno que quere pór no colo  
E, ó darlle o último adiós de despedida,  
Ponlle nos beizos o seu nome solo.*

(“A nosa fala”)

➤ Epifonema: esta exclamación colocada ó final da composición con carácter sintético, conclusivo ou de reflexión final rexístrase en diversos poemas.

*¡Ourense, nai quiridiña,  
Ourense, desperta agora  
E si queres ser ditosa  
Dai desde hoxe vida nova!*

(“Ourense”)

*¡Crear unha nación, cuallar un sono  
De esperanzas e ideales no presente,  
No lar, na fala, no direito novo,  
Na irmandade da fe —relixión santa—,  
No ethos castizo do céltigo pobo  
Nunha concencia solidaria e libre  
Que sea curazón e ialma de todos!*

(“Penalibres”)

*¡No amor de Dios que é puro coma lume,  
Que é labarada viva, brasa ardente,  
Que é da mesma roseira celestial cheminea,  
Que nos deleita o ser eternamente!*

(“No borrallo”)

➤ Interrogación retórica: a fórmula dunha pregunta, cos correspondentes signos, remarca un enunciado declarativo ou focaliza a atención sobre unha proba. Algúns exemplos son:

*¿Quen obrou o milagro? ¿De onde veu?  
Si é que houbo un redentor, ¿onde el está?  
(“Redención”)*

*¡Resurreción! ¿Quen nos dará xa vida?  
(“A morte do rousiñol”)*

*¿Que din eses marmurios? ¡Son salaios!  
¿E os lóstregos do ceo?  
¿A vos do trono?  
[...]  
¿Como rademir, nai, Terra querida?  
(“Penalibres”)*

*¿Onde a futura guerra  
Ha de refarse sin igual na Hestoria?  
(“A odisea galega”)*

- Modal

Esta función refírese ás modalidades do enunciado de tipo semántico. Nos textos obxecto de estudio localízamola con marcadores en estruturas encabezadas polos verbos *querer* e *saber*, o primeiro concernente á categoría volitiva e o segundo relativo ó sistema cognitivo/epistémico.

- Ideolóxica

Nos poemas obsérvense as diversas implicacions asumidas polo falante lírico mediante incisos, comentarios, reflexións e aclaracións cando aborda episodios sentimentais e sociais. Entre estes últimos, salientan o anticaciquismo e a denuncia do atraso económico e social da cidadanía galega.

## 5. Actores líricos

Un dos aspectos significativos da protagonización poemática é a extracción, predominantemente rural. Responden a seres humanos, individuais ou colectivos, que se configuran polos trazos psicolóxicos e pola súa pertenza a unha determinada clase social.

Nun grupo encontramos aqueles co atributo do nome:

a) Rosiña: en diversos poemas (“Súpreca”, “Eses teus ollos...” e “Copras”), sinálase o eu lírico (Eloy Luis André) e o obxecto (Rosiña) dentro do proceso amoroso. Nel, descríbese a beleza física da amada através dos ollos, o corpo e os beizos.

b) Atanasio e Goethe: ámbolos dous personaxes caracterízanse co nome e cadanseu atributo espiritual. Tal procedemento, enmarcado no proceso de renovación galega, encamiñase no proceso de reivindicar valores espirituais para Galicia.

c) Bugalliño: ademais da designación con diminutivo, o personaxe de Gabino Bugallal y Araújo salienta pola dimensión social, mantendo unha relación dialéctica co grupo social maioritario, o campesiñado, considerado polo noso autor xenuinamente galego.

Partindo do modelo de Greimas<sup>61</sup>, o cadro dos personaxes correspondente ó poema homónimo sería o seguinte:

- Suxeito: Bugalliño.
- Obxecto: o poder.
- Destinador: o mesmo poder.
- Destinatario: Bugalliño.

---

<sup>61</sup> Vid. Julien Algirdas Greimas. 1971. *Semántica estructural. Investigación metodológica* [*Sémantique structurale. Recherche de Méthode*, 1966]. Madrid: Editorial Gredos.

- Adxuvante: o partido conservador .
- Opoñente: as eivas mentais de Bugallíño e a fortaleza doutros membros terratenentes.

d) Rosalía:

A poesía “A morte do rousiñol” abrangue unha considerábel listaxe de atributos para se referir á poetisa de Ortoño. Primeiro, a referencia ó rousiñol verbo de Rosalía de Castro encerra diversas lecturas: unha relación simbólica coa paixón do personaxe, a descripción da facultade de redimi-lo pobo galego e a actitude sentimental do autor ourensán. Segundo, a penetración na psique rosaliana impúlsao a racionalizar sentimentos, accións e desexos. Malia non se referir á súa condición social, realzase a submisión compartida polo pobo e pola escritora.

Noutro grupo sitúanse personaxes referencia da historia e a sociedade (labrego–amo, labrego–crego–sancristán e portugués–galego–castelán). Baixo un prisma de confrontación, o escritor concatena habilmente diversos episodios para, por unha banda, critica-lo caciquismo e, por outra banda, sinalar, sen ambaxes, a manipulación e o silenciamiento do papel de Galicia e das súas xentes dentro do panorama peninsular. Non cómpre esquecer que as figuras do labrador e do amo foron empregadas apelativamente co obxectivo de denuncia–la opresión social e económica do pobo galego.

Xa que logo, o rol temático dos actores líricos indícase cos seguintes identificadores:

a) Sentimental:

*Eu son rousiñol sin niño,  
tu pombiña sin pombar.  
Os dous sentimos morriña,  
Os dous pensamos na Nai.*  
(“Eses teus ollos...”)

b) Social:

*Herdou o mando e afianzou coa morte  
Dun partido a funesta primacía  
E, inda tendo a cachola tan vacía,  
Ten máis mando que os condes de Monforte.  
("Bugallíño")*

*¡Ai paxariño ferido  
E como te asesinaron  
Os siñores de Galicia  
Que queren servos e parvos  
Pra que viva asoballada,  
Pra que teña sempre un amo!*  
("Alborada de loita")

*Decíame un cacique una vez sola:  
“O saber é una trola,  
Quen naceu para ser boi, non será home.  
Si crías corvos, sacaranche os ollos.  
O boi apaña os mollos  
Do pan que sementou e nunca come”.*  
[...]

*Así falou o bárbaro tirano,  
Eu reprigueille en vano.  
Meroume con desdén, ou amiaza,  
Pero este rousiñol que adrento teño  
Fíxome pór empeño  
De oírlle a confesión con gran cachaza.  
("I. ¡Mare nostrum! ¡Terra nosa!, en  
“A odisea galega”)*

c) Cultural

*¡Paxariño! ¡Paxaro! ¡Paxariño!  
¡Xilgueiro! ¡Rousiñol! ¡Cotolovía!  
Esqueceuse o teu canto e no camiño  
Que o teu trinar voando recorría,  
Xa non hai alegría,  
Sólo rosma rebelde o río Miño.  
("A morte do rousiñol")*

d) E, mesmo, relixioso no caso do crego e o sancristán.

*Évos o trasgo un viciño,  
Que o crego e o sancristán  
teñen domado fai tempo  
Prá muller e pró rapaz.*

(“O medo”, en “Os nosos pecados”)

Para rematarmos este apartado, cómpre subliñar na maioria das poesías o uso de personaxes mitolóxicos (Prometeo, Antea, a Esfinxe...), históricos (os irmandiños, Cristovo Colón e Prisciliano) e literarios (Luís de Camões, Manuel Curros Enríquez...) cunha pretensión moralizante. Porén, os personaxes anónimos —galego, portugués e amo— sitúanse en diferentes núcleos poboacionais —Monterrei, Ourense e a Serra de Penalibres—, nun ámbito descoñecido ou nun escenario colectivo, Galicia. Estas dúas últimas localizacións implican evitar localismos e sementa-lo espírito de unión entre a ciudadanía galega, tal e como figura no seguinte treito:

*¡Ten en Galicia miles de almas presas  
Coas cadeas do medo e da mentira.  
De odio as súas ansias sempre están acesas  
E mata o ser do home pra quen miran.  
[...]  
¡Ten poder! ¡Opresión! ¡Cega obediencia!  
¡Delación, chismorreo, hipocresía!  
El xurde as ignominias na concuencia  
coma xurde un poeta a poesía.*

(“O amo”)

## 6. O tratamento do espazo e o tempo

Estes personaxes preséntanse na maioría dos textos nun *espazo-marco* que non afecta significativamente á acción e amosa a realidade próxima ó lector, xustificada esta nalgúns textos polo posicionamento crítico. Esta categoría toma corpo no escenario rural de “Penalibres”, no vilego de “¡Monterrei!” e nos urbanos dos textos “No Camposanto de Ourense” e “Ourense”.

Á marxe disto está o espazo—estruturador do “Río Miño...”, que se converte en trazo xenolóxico por mor da incidencia no discurso.

Noutras composicións detectamos indeterminación espacial ó se construí-la acción nun escenario colectivo —Galicia—ou sen presenza dun pano de fondo. Trátase, xa que logo, de recursos focalizadores da atención nos sentimientos humanos (o amor e a morte) ou no nexo colectivo da identidade. Procura a universalización da anécdota e, asemade, sérvelle literariamente para incidir no estado anímico e apelar á unión e á acción do pobo galego. Así acontece en “Trunfar da morte”, “A nosa fala” e aqueloutras de temática amorosa.

Pola contra, noutros textos destaca a paisaxe a través de animais. Uns teñen unha valencia económica e outros intensifican o tempero anímico. Ás veces, compatibiliza os dous valores. Así e todo, os dous tipos contan cunha simboloxía humanizada. A listaxe abrangue, entre outros, as *vacas*, a *ovella*, os *porcos*, o *can*, as *galiñas*, a *anduriña*, a *ruliña*, a *araña*, os *corvos*, os *lobos*, o *zorro*, as *cobras* e os *mouchos*.

Existen casos de localizacións xeográficas con referentes reais, como son a Pampa (Arxentina), Nicea (Asia Menor) e mais Senegal e Congo (África). Esta estratexia úsaa con dous obxectivos, capta-la atención do lector e proporcionar maior verosemellanza.

A maioria das composicións defínense pola indeterminación temporal, matizada ás veces por adverbios (*agora*, *antes*, *arestora*, *daquela*, *entón*, *hoxe*, *mañá*) ou locucións adverbiais, coa intención de prevalece-lo fondo sobre a forma. A carón destas expresións existen anacronías, en concreto técnicas de evocación do pasado, nas poesías “¡Monterrei!”, “Entre Scila e Caribdis” e “A odisea galega”. Esta técnica constrúe unha especie de temporalización íntima, xa que o tempo é vivido cunha forte implicación psicolóxica dende a conciencia e a memoria

do personaxe. Isto obsérvase, ademais dos anteriores textos, en “Trunfar da morte”, “A nosa fala”, “Sangue... semente”, “In memoriam”, “O amo”, “¡Monterrei!”, “El e ela”, “Eses teus ollos...”, “Salaio”, “Súpreca” e “Lonxe da terriña”.

A contemporaneidade sinálaa tamén mediante a alusión ós escritores Rosalía de Castro (“A morte do rousiñol”), Valentín Lamas Carvajal (“No Camposanto de Ourense”), Manuel Curros Enríquez (“Redención”), Teodosio Vesteiro Torres (“Río Miño...”) e Filomena Dato Muruais (“Ourense”).

Por regra xeral, o emprego de referencias temporais configura a localización da enunciación poética cos seguintes recursos:

- a) Indicacións explícitas que fan medicións do tempo, con maior ou menor exactitude:

*¡Victoria! ¡Froito serodián logrado  
Nos eidos noitábregos do pasado  
Polos xermolos vivos duna idea!*

(“Os tres graus da semente”  
—“A idea”—)

*A nai xa desde o berce –¡miña vida!–  
Lle dice ó neno que quere pór no colo  
E, ó darrle o último adiós de despedida,  
Ponlle os beízos o seu nome solo.*

(“A nosa fala”)

*¡Cale a soberbia xa! ¡Enterra, enterra  
Ese insulto procaz na túa concencia  
Sabendo como sabes a existencia  
Cha demos nós, sen barullar, amantes  
Da Celtiberia de antes,  
Que o céltico varón pra femia quixo.*

(“Entre Scila e Caribdis”)

b) Referencias explícitas e/ou implícitas á meteoroloxía, ás estacións do ano e ás tarefas agrícolas:

*Cando San Martiño o vento brúa*

*Nas crechas dos penedos hastra os ósos  
Se estremecen de frío e de congoxa,*

(“Penalibres”)

*E desde o ceu descende á terra*

*En maina chuvia, miudiña,  
E fai nacer a frol, sin espiña,*

(“In memoriam”)

*As túas pedras van caíndo*

*Coma folerpas no inverno  
Da neve de Natal morno,*

(“¡Monterrei!”)

## 7. Retórica

A considerábel densidade retórica fornécese no só do amplio coñecemento da filosofía xermana e a mitoloxía grecorromana, senón tamén das influencias literarias, tanto na temática e o punto de vista lírico como da ambientación, proporcionadas por Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Eduardo Pondal e Manuel Núñez González. Así mesmo, mostrou datos da historia peninsular e da literatura castelá.

A seguir, recollemos algúns recursos retóricos:

### 7. 1. Nivel fónico:

- Aliteración: repetición de sons, vocálicos ou consonánticos, en palabras cercanas para producir expresividade, adecuación e pracer auditivo. No caso de seren sensacións non-auditivas estamos ante o fonosimbolismo por alitera-

ción<sup>62</sup>. Pode ser de diversos tipos: anímico, auditivo, cinético, táctil e visual. Como ben se viu anteriormente, esta suxestión obtense mediante sons vocálicos, nomeadamente o isotacismo, e consonánticos, entre eles o lambdacismo, mitacismo e polisigma.

*Home de te morres cheo de veneno  
Eres coma un home, que furga nun morto  
;Cantos saldios, cantas ideas,  
;Recordos dulces! ;Dulce cariño!*

- Anáfora: trátase da repetición dunha ou varias palabras situadas a comezos de varios versos cercanos ou de diferentes secuencias consecutivas ou próximas entre si. A función fundamental é a intensificación dos termos mencionados. Observemos algunas:

*Os que nazan cos ollos ben abertos,  
Os que xa estén despertos  
Alí xa non hai bois nin arados,  
Alí sólo hai semente e sólo hai máquinas  
Dios é a natureza, Dios é o noso espírito  
Dios é aquela idea que nos fai ser bos  
Dios é a colleita da nosa ventura.  
Daime da morte razón,  
Daime paz, daime sosego  
O sol, pai de Eros amante,  
Solimantará a túa vida.  
O sol quemánndoche a sangue  
Darache a pureza e ledicia.*

- Encabalgamentos: este fenómeno rítmico, que vén dado pola ruptura do ritmo fluínte, abunda notablemente naúa tipoloxía (extensión, estrutura e distribución) para expresar e intensifica-los contidos.

---

<sup>62</sup> Procedemento fónico relativo ó reforzamento do contido semántico dun enunciado, empregando o valor expresivo dos sons dunha ou más palabras que suxiren diferentes sensacións. Vid. Equipo Glifo (1998), pp. 437-438.

- Paralelismo: a disposición hipotáctica dunha construción en diversos lugares dun determinado conxunto transmite», no canto de. Un exemplo paradigmático témolo en:

Vai o barco tan calado,  
Vai o barco tan mainiño

### 7. 2. Nivel morfosintáctico:

- Adxectivación. Epítetos

A abundante adxectivación do enunciado poético patentiza diversas cuestiós: a sentimentalidade, a sensorialidade e maila humanización ou vivificación do substantivo. Repárese na presenza dalgún destes trazos nas seguintes expresións: *eterno sono, ideás mortos, sol andalús, pescozo alabastrino, río caladiño, carballo eterno, pasado vello, vida inmorredoira, concencia morta, nai quiridiña, sono milenario, Terra dormida, probes escravos, curazós abafados, himno funerario, única esperanza, noite eterna, loita feiticeira, fe mentida, papel branquiño, raza resiñada, rimas feiticeiras, novos rousiñols, pés cansos, graníteca forza, beiros milenarios, emigrantes bandos, garbidosa forma, eterna escravitud, mar famento, éntimos cantos, puras ansias, surrisas irónicas, ilusións perdidas, dolce ensino, novo nazareno, Insólitas chorimas, berzo namorado, alborada rebuldeira, luar craro, ledicia arrogante, copras noitébregas, salaio morto, tempos novos, Choucintas famentas, lar encendido, Corpiños encendidos, Mirada apagada, Meixelas brancas, ollos misteriosos, ethos castizo, iñorancia asoballada, ruda loita, sementeira xenerosa, casto leito, mística semente, maternos beiros, santa colleita, puro sacramento, Aixada augusta, espiga dourada, namorados beiros, eidos ceibes, Artello sacrosanto e Escritores labregos.*

- Algunhas consideracións sobre as recorrenrias e omisións

Nas acumulacións, frases, etc. alterna os fenómenos recorrentes do asíndeto e do polisíndeto. Mentre o primeiro elimina conxuncións, o segundo añade conxuncións coordinantes. Deste modo, o escritor prima a experimentación rítmica en detrimento da estrutura formal ó alterna-lo estilo concentrado do asíndeto e da xustaposición coa acumulación e a dispersión, características das enumeracións polisindéticas e reiterativas.

### 7. 3. Nivel semántico:

- Emblema: trátase dunha imaxe de fundamento subxectivo carente de capacidade suxestiva que o escritor de Vilardevós aborda a través dalgúns subsistemas:

➤ Cromático: céntrase a atención no valor simbólico dasgunhas cores.

*¡Recordos dulces! ¡Dulce cariño!  
¡Coma hedras verdes no pensamento!  
Por min vivindes e eu alimento  
As vosas ansias coma un miniño,  
A quen dá leite á súa nai  
Pra calmar o seu quebranto...  
Cinsas deste campo santo.  
¡Meus avoíños! ¡Meu pai!*  
(“In memoriam”)

*E alá no cimenterio a sepultura  
Da memoria brancura  
Farei labrar. ¡En noites estivales  
A lus da lúa cairá sobre ela!  
E o escravo que ó vela  
Fará oración pra remediar meus males.*

(“A odisea galega  
—I. ¡Mare nostrum! ¡Terra nosa”—)

*Non, non queiras ouvir, ou no teu sono  
De eterna escravitú sigas rosmando.  
Ábreme as entretelas más profundas,  
As más negras nun deses teus remansos.*

(“Río Miño...”)

➤ Numérico: a raíz da simboloxía complexa, contémplase na obra poética andriana a proliferación dos números tres, dez e, sobre todo, dous. Este último patentízase en once poemas (“Redención”, “El e ela”, “Eses teus ollos...”, “A aixada”, “A odisea galega”, “Entre Scila e Caribdis”, “Os nosos pecados”, “In memoriam”, “No borrallo”, “¡Monterrei!” e “Lonxe da terriña”) que realzan a sentimentalidade.

*Perto de ti hai tres estrellas  
Que mentras dormes te acoran:  
As almas de tres poetas.*

(“Ourense”)

*Morreua nai. ¡O campanario chora!  
Choran dez orfos que deixou na terra,  
E os homes piden fouce vingadora,  
E o poeta canta un alalá de guerra.*

(“Sangue... semente”)

➤ Floral: baséase tamén no simbolismo virtual dalgunhas flores.

*¡Caravel, caraveliño,  
Froliña dos meus deseos!  
¡Terriña dos meus amores  
que lonxe de min vos vexo!  
Cando vexo que estás lonxe,  
Véxome fóra do Ceo.*

(“Salaio”)

*Flores e mirtos do cimenterio,  
Rosas murchiñas perto da cova*

*Dos meus maiores, da lúa nova  
Luz que me alumbras neste misterio.  
(“In memoriam”)*

➤ Zoomórfica: xira arredor do valor referido nalgunhas aves e mamíferos. Entre os numerosos emblemas (*pom- biñas*, *xilgueiro*...), escolmamos os seguintes:

*Quixerá ser anduriña  
Pra tramontar o picouto  
Por onde o sol desaparece  
Pra atopar campos altos, novos.*

(“No Camposanto de Ourense”)

*Difuntos, bruxas e trasgos  
Na ialma do escravo están,  
Como están toxos e xestas  
En terra que non dá pan,  
Como están na noite escura  
Mouchos e noiteboas  
Hastra que o sol alumea  
Coa alborada da verdá.*

(“Os nosos pecados” — ”O medo” — )

*O curazón e a boca son viciños:  
Un é o rousiñol, outra é a rola.  
Si eles calaron como nós calamos,  
Un sería o coucho e outro a noiteboa.  
(“Súpreca”)*

➤ Esfera humana:

a) Corazón:

*Eu son o teu poeta, ¡miña vida!,  
Hei de darche coa pruma radención:  
A Bruma é lanza, que si fai ferida,  
Da morte á tiranía fe mentida,  
Porque chega hastra o mesmo curazón.  
(“Redención” — II — )*

*O froito do pensamento  
É o curazón que aguniza  
Por non poder darse a outro  
E faguer eterna a vida.*

(“Copras” —III—)

b) Alma:

*Vellos e mozos gallardos  
Fanche con tesón a ronda  
Pra ser donos da túa ialma,  
Pra che contar as súas cousas.  
Teu corpo é de canteiría  
De pedra gran que borbota  
Ó suar das entretelas  
Polas Burgas, que son bocas  
Do gran curazón da terra  
Que beira de ti salouca.*

(“Ourense”)

*No camposanto da ilusión el e ela  
Topáronse una ves. Os dous levaban  
Froles e semprevivas próx cadavres  
Que inda vivían dentro das súas almas.*

(“El e ela”)

c) Sangue:

*E empezan a cantar:  
¡Galicia! ¡Terra dormida!  
¡Galegos! ¡Probes escravos!  
¡Hestoria sin sangue escrita,  
Faliña dos meus salaios!  
Mirade lonxe de vós  
Un que quixo ser fidalgo.*

(“Alborada de loita”)

*¡Resurreución! ¡Ou, libertá dourada!  
Dálle vida a ese peito que se afoga,  
Dálle vida a esos ollos que non miran,*

*Onde n'hai bágoas que o salaio enxoga,  
Dálle sangue a eses bicos que suspiran  
Por beixos que presmiten a alegria  
Dun nacemento en berzo namorado:  
Fagamos libre a un pueblu asoballado  
Na escravitu... ¡Desperta Rosalía!*

(“A morte do rousiñol”)

- Metáfora: figura (externa) da imaxe que se alicerza na identidade. Dentro do tipo *in prasentia*, identifícanse tres esquemas:

➤ Co verbo **ser**:

[...]

*Son os difuntos e as bruxas  
Prós homes que son lerchás  
Dous vermes que na concencia  
Lle afogan a libertá.*

[...]

(“Os nosos pecados” — “O medo” —)

*Eu son o verbo de agudo lamento,  
Eu son o espello do infernal tormento  
Que a miña patrea padescendo está.*

(“Redención” — II —)

➤ Por aposición:

Malia seren menos frecuentes, encontramos algunha mostra: *Frolente xuventú, vida dourada,...; Homes de pouca fe, homes traidores,...; Os piratas de Malta / Eses siñores que andan nos papeles,..., e A dor, as alegrías da fontiña,...*

➤ Estrutura de sintagma nominal complexo (B de A):

Este recurso prolifera na escrita. A humanización, a vivificación e a animización recóllese nunha restra considerábel de expresións: *ánxel da morte, armas dos tira-*

*nos, esperanza do labrego, Días de lus, estreliñas do teu ceo, fontes de vida, Froliña dos meus deseos, mau do home, niño das almas, noites de luar, sol de maio, sol de mediodía, pruma do poeta, reina das augas, romaxe de dúas vidas, semente de vida, surcos da nai terra e Terriña dos meus amores.*

Por outra banda, os versos inclúen manifestacións sensorialistas (*brincos de groria, zoar do vento, delicias da terra, gaviota do mar, murmullos da mar, Perfume de ledicia, sonos de dolzura, trono das nosas serras e xaula de ferro*) e visionarias (*canto da victoria, cetro de souberanía, irmandade da fe, mar da Patria, rousiños do ideal, lenda de groria, siñores de Galicia e trunfo da alma*).

- Metonimia: figura de transferencia ou substitución de significado entre dous vocábulos, baseada nunha relación de contigüidade. Este recurso expresivo encontrámolo en *bágoas, cruz / crus, fermosura, ilusión, libertá, medo, morriña, odio e salaios*.
- Mitoloxema:

Estamos diante da figuración operada no sistema cultural, así como no código de relacións e valores, de Grecia e Galicia co obxecto de representar un determinado mitema. Dese xeito, o suxeito lírico radiografa e diagnostica a negativa situación da cultura, economía e sociedade galega.

O intelectual de Vilardevós é coñecedor do desenvolvemento mítico durante o helenismo. Trátase dun dos compoñentes fundamentais da inventiva grega ó aunar erudición, tradición oral cambiante e / ou recordos populares. Chegou a acadar certa relevancia a raíz de se distanciar da cosmovisión estática e xerárquica medieval.

No capítulo II do poema “Copras”, o suxeito lírico co mitoloxema de Eros representa a insatisfacción e inquietude, trazos do comportamento que contrastan co pulo continuista para as especies animais e a cohesión interna do cosmos.

*O sol, pai de Eros amante,  
Solimantará a túa vida.  
O sol quemánndoche a sangue  
Darache a pureza e ledicia.*

No poema “Penalibres”, usa o mitoloxema de Palas para se referir ó mitema do auxilio espiritual.

*¡Serra de Penalibres! ¡Esperanza!  
¡Pedra de Grecha! ¡Ponte do tesouro!  
¡Cota! ¡Libertade inmorredoira!  
¡Castelo! ¡Forxa do carballo! ¡Trono  
Onde a Cultura, nova Palas, reine  
Sementando colleita en dulce Outeiro!*

Pola súa parte, nos poemas “O amo” e “Redención” (capítulo IV) o suxeito lírico identifica a penuria existencial do pobo galego co mitema do suplicio, no primeiro en calidade de castigador e no segundo como sufridor.

<i>Hastra que a <u>Esfínxe</u> popolar, cansada</i>	<i>¿Quen obrou o milagro? ¿De onde veu?</i>
<i>De aturar estes piollos nunca fartos,</i>	<i>Si é que houbo un redentor, ¿onde el está?</i>
<i>Rañe a cabeza e quede espiollada E eles morran sin armas e sin cartos.</i>	<i>Foi este solitario que hastra o ceu Rubiu cal denodado <u>Prometeu</u> E trouxo en labaradas libertá.</i>

Noutro poema, concretamente o capítulo “III. O sembrador” da poesía “A odisea galega”, alude á anhelada rexeneración da terra galega na figura dunha nova Antea, en contraposición co mitema da infidelidade.

*E nesta terra inmensa como os mares,  
A nova Antea forzas racobrará,  
Cando nela caíu desvaecido  
Polas dores más íntimas da ialma,  
Sementará con estos graus de trigo  
O xenio de una terra e de una raza.*

Antes de continuarmos, precísanse indicar un par de notas. Dunha banda, Pan, protector dos rabaños e dos pastores, representaba a oposición á cidade e ó ámbito agrícola. Doutra banda, Telus, denominada ás veces *Terra Mater* e identificada coa deusa grega Xea, carece de representación mítica. Porén, no poema “O arado” os dous ítems actualízaos, converténdoos nun correlato do eu lírico.

*O arado é cetro de souberanía  
E é vínculo que o xongue coa nai terra,  
É pensamento e forza,  
É voluntá que manda,  
É timonel que guía...  
É o membro de Pan, que o surco forza  
Nas entretelas de Telus amante...*

A relixión popular ten o seu particular oco na poesía con feitos transcendentais e básicos da cosmovisión dun grupo social. Mentre o imaxinario popular presenta as mouras e os trazgos na condición de seres desencadeadores de mal, a cultura rural orixinou formas culturais arredor da morte como a Santa Compañía. Concretamente, a moura aborda a problemática das relacións home-muller. En resumo, o particular sistema de crenzas do pobo galego, do que xa se falou no punto 3.2.3., sintetízao o etnógrafo González Reboredo coa seguinte cita: “Estes entes-concepto [refírese ó demo e ás bruxas] son unha curiosa creación cultural galega, dotadas dunha fonda polisemia no que se refire á súa interpretación como símbolo cultural”.

## O medo

Évos o trasgo un viciño,  
Que o crego e o sancristán  
teñen domado fai tempo  
Prá muller e pró rapaz.  
  
Son os difuntos e as bruxas  
Prós homes que son lerchás  
Dous vermes que na concuencia  
Afóganlle a libertá.  
  
Difuntos, bruxas e trasgos  
Na ialma do escravo están,  
Como están toxos e xestas  
En terra que non dá pan,  
Como están na noite escura  
Mouchos e noiteboas  
Hastra que o sol alumea  
Coa alborada da verdá.  
  
Din que en cada aldea das nosas,  
Coa cruz cada noite vai  
O mozo máis medoñento  
Que coñecen no lugar  
As vellas do fiadeiro  
Pra ter algo que contar.

\*  
\* \*

*¡Sombras da Hestoria! ¡Santa Compañía!*  
Que das coviñas saís voando  
E o alalá fúnebre vades cantando  
Da morte e a vida, de amor e saña  
pra entregarnos una cruz...  
Veña acá a cruz que sen medo  
Levareina hastra ben cedo,  
Hastra que o sol me dé lus.

\*  
\* \*

Auria Bella che chamaron,  
Porque eres rapaza roxa  
Que fai a crencha sentada  
Beira do Miño, cal Moura.  
Que ten ollos feiticeiros  
Que relumbrantes namoran.  
Vai o Miño mui calado  
Beixándoche os pés e a boca  
Béixacha un sol andalús  
Que te volve a veces louca.

- Onomatopea: a creación dun signo ou expresión que imita a realidade; rexístrase con *Ai*, *Ou*, *¡Sus!* e *tiqui-taque*.
- Oxímoro: esta expresión con termos antitéticos corrobórase nas expresións *camposanto da ilusión*, *libertá asoballada*, *sono da morte* e *o ardor dos meus lamentos*.
- Prosopopea: a presentación con propiedades humanas de animais, elementos naturais, entidades abstractas, etc. encontrámola abondosamente. Algúns exemplos son:

*Béixacha un sol andalús  
E o sol dá cultura ó teu amante  
El dáche vida e xuventú radiante...  
E cos murmullos da mar  
¡Galicia! ¡Terra dormida!  
As caricias do vento feiticeiras  
¡E cantos rousiñoles e xilgueiros  
Ó verte triste a ti tamén choraron!  
O alento de Dios porque vos fixo;  
¡O campanario chora!  
Si o mar famento oulea ós teus ouvidos*

- Realema:

Trátase dun elemento da forma e do contido que proporciona verosemellanza e, mesmo, podería considerarse elo de unión entre o campos de referencia interna —o mundo imaxinario representado— e externa —o mundo real—.

Establece unha referencialidade que incide en diversos niveis do poema:

- O elemento paratextual do título plasma unha ilusión referencial directa ó se referir a roles sociais (“O amo”), obxectos da vida cotiá (“A aixada” e “O arado”); identificadores, tanto onomásticos (“Bugallíño”) como topónimicos (“No Camposanto de Ourense”, “Ourense”, “Río Miño...” e “¡Monterrei!”), e situacións, sucesos e acontecementos (“Salaio”, “Súpreca”, “Dous pareceres” e “Lonxe da terriña”).
- A protagonización actorial do eu lírico ou de figuras da vida histórica e social, entre as cales están Atanasio, Goethe e o portugués.
- Os motivos temáticos remiten ó realismo do mundo e da súa xente, servindo asemade para a ancoraxe do mundo imaxinario. Velaquí un feixe de motivos: a emigración,

a morte, Deus, o caciquismo, a liberdade e os diversos graos amorosos.

- A presenza dun falante lírico, sumada ás actitudes do discurso do personaxe, describe, conta ou escenifica algo sen se patentizar o eu lírico.
- O manexo de marcas distráticas e diafásicas para eliminar as separacións funcional / literaria.
- Símil: esta figura externa da imaxe, definida pola analogía entre dous planos mediante a partícula **como** (ou outro termo análogo), obsérvase abundantemente.

*A morte é como o sono entre dúas vidas.*

*As almas de tres poetas / Que cantaron como pombas  
/ No pimeiro augusto.*

*E nesta terra inmensa como os mares*

*E no corpo estrumado hai una fonte / Que mana sangue  
de muller ferida. / Ouvea de dolor coma no monte / A  
loba que lle arrincan a súa vida.*

*¿Non ouves, paxariño, / Que a fame como hedra na  
existencia / Deste pueblo mansiño / Con despiadada  
terquedá se ceba?*

- Sinéctico: figura de substitución significativa entre dous termos, sustentada nunha relación de contigüidade, que pode ser de dous tipos: particularizante e xeneralizante. Temos, pois, casos como *anduriña, cadeas, cans, caravel, carballeiras, colo, estrela, frol, galegos, grillones, lobos, mau, mulleres, ollos, ósos, paxariños, pés, picouto, rapaces, rousiñoles e xente*.
- Sinestesia: figura consistente na superposición de sensacións distintas. Isto acontece en *dulce fala, ilusión ardente, rebelde libertá dourada, o tremente son do trono, Prefume*

*de ledicia, aramio dulce, virxinal anhelo e pedras cristalinas.*

- Xerarquía semántica:

A hiperonimia alude á relación pola cal unha palabra comprende dentro do seu significado un conxunto de significados vencellados entre si. Por conseguinte, *animal* é un hiperónimo de *alacráns, anduriña, araña, cans, cobras, corvos, cunixas, curuxas, galiñas, hipopótamos, lións, lobos, miñocas, moscas, mouchos, ovella, panteiras, pavos, pitas, pombas / pombiña, rato, rousiñol / rousiñoles / rousiñols / rousiñoliño / rousiñols, ruliña, sapos, vacas e vermes*.

Mentres a hiponimia refírese á inclusión dun significado respecto a outro, a cohiponimia abrangue os termos incluídos baixo un hiperónimo, que manteñen entre si unha relación de inclusión. Polo tanto, a extensa relación explicitada son hipónimos de *animal*.

Para concluírmos, a raíz dos vocábulos empregados polo autor, constátase a amplitude de termos cohipónimos, o que se traduce nun incremento da extensión do vocabulo e nunha diminución da súa comprensión.

#### 7. 4. Nivel léxico:

- Anadiplose: repetición dunha palabra ou grupo de palabras localizadas nas posicións inicial, final e, en senllas secuencias sintácticas, no interior do verso. Ten por obxecto reforza-la temática e o ritmo.

*;Escravos! ;Libertade, libertade!*  
(“A nosa fala”)

*;Rousiñol, rousiñol, rousiñoliño!*  
(“A morte do rousiñol”)

*¡Arado! ¡Arado! ¡Fonte de coltura!  
¡Arado! ¡Arado! ¡Artello sacrosanto!*  
(“O arado”)

*Cale a soberbia xa. Enterra, enterra  
Ese insulto procaz na túa concencia  
(“Entre Scila e Caribdis”)*

- Epanadiplose (ou epanástrofe): repetición dunha mesma palabra nas posicións inicial e final de verso, frase e estrofa.

*Cavila que cavila. Na súa porta  
Só vedes pedichóns e medoñentos  
Xa non lle don na súa concencia morta  
Das viles canalladas os tormentos.  
(“O amo”)*

*Pía, paxariño, pía  
[...]  
¡Paxariño! ¡Paxaro! ¡Paxariño!  
(“A morte do rousiñol”)*

- Epanalepse (ou geminatio): repetición dun ou varias palabras en lugares inmediatos dunha frase ou verso.

*Fondo valor, valor como homes novos  
Daquel que o ten non precisa terra.  
(“Cadeliños mansos”)*

Atención merecen as epanalepses “No Camposanto de Ourense”, “Río Miño...”, “El e ela”, “Penalibres” e “¡Monterrei!” que se intitulan co incipit. Observemos deseguido o verso inicial:

*No Camposanto de Ourense  
¡Río Miño, río Miño, río Miño...!  
No camposanto da ilusión el e ela  
¡Serra de Penalibres! ¡Miña serra!  
¡Castelo de Monterrei!*

## 7. 5. Nivel sintáctico

- Hipérbato: a alteración de relacóns sintácticas e semánticas encóntrase en:

*;Cando ás portas da morte a ialma vexa, [...]  
E do perdón as brisas [...]  
Difuntos, bruxas e trasgos / Na ialma do escravo  
están [...]*

## 8. Métrica

A variedade é a constante dominante na obra poética do noso autor. Alicérvase en composicións xeralmente poliestróficas (dende 23 e 18 ata 16, 12 e 4 versos) , de arte menor ou maior, que abranguen estruturas tradicionais de raíz popular (cuarteta, cuarteto, quinteto e sextilla) xunto a outras cultas (soneto). A carón destas composicións atopamos outras monoestróficas, “O arado” e “Trunfar da morte”. Así mesmo, atopamos irregularidades heterométricas nos textos “A aixada”, “Solaio”, “In memoriam”, “No borrallo” e “Lonxe da terriña”. Textualmente resulta un caso especial a disposición expresiva e significativa do poema “In memoriam”.

En canto á rima, procedemento de recorrenza fónica dador da distribución homofónica, cómpre destacar tres funcións no verso andriano. Na *eufónica* salienta a cantidade asonante e consonante, así como a distribución abrazada e alterna, aínda que rexista algunha rima parcial (“Dous pareceres” e “Solaio”). Pola súa parte, o tipo e a forma dos vocábulos realza fundamentalmente a recorrenza categorial e grammatical de substantivos, adjetivos e verbos. En particular, a escrita poética suscítanos irracionalmente impresións, co seu correspondente significado, derivadas do elevado número de aliteracións e anáforas.

Na parcela rítmica subliñaremos dous factores, o ton e mailo timbre. O primeiro achega un maior pulo grazas ós diversos tipos de encabalgamentos, suaves e abruptos. En función das pausas

e da extensión para distribuíren os grupos fónicos, detéctanse tres tipos de ton: grave, localizábel no verso longo e sen pausas; semigrave, amplio mais cunha pausa regular, e agudo, tanto para o verso reducido como para o extenso e polipausado. No timbre, as recorrenrias fónicas das rimas asonantes remárquense coa instrumentación fónica de consoantes vibrantes, en posición final de sílaba ou acompañada doutra consoante, e tamén coa carga eufónica de nasais e oclusivas.

## IV. Criterios de edición



A presente edición recolle a obra poética en galego de Eloy Luis André. Agora ben, a persoa encargada de transcribir los textos foi a súa secretaria, de aí o seu nivel de influencia.

A intervención no orixinal tentou respectar-las características lingüísticas do autor, incidindo só naqueles aspectos ortográficos, consonte a normativa oficial da lingua galega<sup>63</sup>, para lle proporcionar unha lectura doada ó/á lector/a.

As mudanzas efectuadas sobre os textos foron as seguintes:

### **Actualización da acentuación e doutros signos gráficos**

- 1) Colocamos ou suprimímos-lo til naquelas palabras que o precisasen (*xardin* > *xardín*, *arbore* > *árbores*, *déses* > *deses*, *erguiránse* > *ergueranse*, *caladó* > *calado*). Tamén eliminámoo-los acentos circunflexos (*têlos* > *telos*, *cô* > *co*).
- 2) Empregámolo acento diacrítico onde era pertinente (á — preposición — / a — artigo —, ó — contracción da preposición *a* e mailo artigo *o* — / o — artigo —, é — forma verbal do verbo ser — / e — conxunción copulativa —, *dalle* / *dálle*, *no-los galegos* / *nó-los galegos*).
- 3) Recuperámolo til para marcar hiatos (*tua* > *túa*, *ruin* > *ruín*, *agonia* > *agonía*).
- 4) Suprimímos-lo acento gráfico dos monosílabos (*fé* > *fe*, *sí* > *si*, *tí* > *ti*).
- 5) Repoñemos ou separámolo os termos se son palabras independentes (*qu'esta* > *que está*, *tod'o* > *todo o*, *d'alegria* > *de alegría*).
- 6) Eliminámolo os apóstrofos na contracción da preposición máis o artigo e o pronome persoal tónico (*d'o* > *do*, *d'eles* > *deles*, *d'un* > *dun*, *n'elas* > *nelas*). Nos casos de elisión

---

<sup>63</sup> Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega (2008).

vocálica, motivada por fonética sintáctica, eliminámolo–lo apóstrofo e recuperámolo–la vogal elidida (*d'indinación* > *de indignación*, *qu'emigra* > *que emigra*, *s'acaba* > *se acaba*, etc.). A este respecto restauramos tamén a forma *coma* para a partícula comparativa *com'*, por se–la variante más rexistrada, e mantemos *como* nos casos plasmados polo autor.

- 7) Conservámolo–lo guión na segunda forma do artigo (*y'abrellos brazos* > *e abre–los brazos*, *ere–lo demo* > *ére–lo demo*), agás cando non lle corresponda normativamente.
- 8) Suprimímoslo–lo trazo naquelhas contraccións admitidas na actualidade (*co–a* > *coa*, *n–a* > *na*, *pol–os* > *polos*, *todo–los apegos* > *tódolos apegos*) e nas palabras precedidas por un iode epentético (*y–alma* > *ialma*).
- 9) Actuamos sobre os signos de puntuación e mais nos de interrogración e exclamación, coa colocación ó principio e ó final, para facilita-la lectura.

## Ortografía

- 1) Adaptámolo–la ortografía de *b* / *v* (*coba* > *cova*, *cobarde* > *covarde*, *barreuselle* > *varréuselle*) e *h* / Ø (*edra* > *hedra*, *oxe* > *hoxe*, *Hermandiños* > *ermandiños*, *horfos* > *orfos*) de acordo cos parámetros normativos actuais.
- 2) Omitimos aquellas grafías inexistentes no galego, como o <*y*> (*desmaya* > *desmaia*, *rayo* > *raio*, *salayo* > *salaio*).
- 3) Optamos polo mantemento dos arcaísmos, castelanismos, dialectalismos, hiperenxebrismos e popularismos co obxecto de respecta–la lingua do autor.
- 4) Mantémolo–las formas *pra* e *pro* non aceptadas na actualidade na escrita, malia seren as formas máis estendidas no galego moderno. Ademais, acentuámolo–las formas contractas para diferencialas de *pra* e *pro*, vocábulos relativos á preposición ‘para’ e á concunción ‘pero’, respectivamente.

5) No que se refire á vogal en palabras con dupla solución, concretamente a partícula comparativa *como* e a condicional *se*, recuperámo-las formas más concorridas *coma* e *si*. Mais mantemos *se* e *como* naqueles casos utilizados polo autor.

## Outras apreciacións

- 1) Adaptamos á normativa vixente determinadas palabras que presentaban vacilación respecto á aglutinación ou separación dos seus constituíntes.
- 2) Corriximos aqueles errores tipográficos que atopamos nos textos.
- 3) O emprego dos puntos suspensivos entre corchetes responde á imposibilidade de descifrar certos versos manuscritos.
- 4) Mantémo-las letras cursiva e maiúscula emplegadas no texto polo autor.
- 5) Incluímos notas na parte inferior das páxinas para facilitar a comprensión e a explicación de certas nocións.



## V. Bibliografía



## 5. 1. Bibliografía complementaria

### a) Lingua

Fernández Rei, Francisco. 1990. *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, Col. Universitaria, 1<sup>a</sup> ed.

Feixó Cid, Xosé. 2004. *Gramática da lingua galega. Sintese práctica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Ferreiro, Manuel. 1999. *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. Noia: Edicións Laiovento, Col. Ensaio, 4<sup>a</sup> ed.

\_\_\_\_\_. 2001. *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*. Noia: Edicións Laiovento, Col. Ensaio, 2<sup>a</sup> ed.

García, Constantino. 2003. *O libro das palabras (Obra xornalística completa)* [edición ó coidado de Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Graña Núñez, Xosé. 1993. *Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega*. Vigo: Ir Indo Edicións.

Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega. 2008. *Normas ortográficas e morfolóbicas do idioma galego*. Vigo: ILG/RAG, 22<sup>a</sup> ed.

Mariño Paz, Ramón. 1998. *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, Col. Estudios e Investigacións, Serie Maior, 1<sup>a</sup> ed.

Sánchez Rei, Xosé Manuel. 2011. *Lingua galega e variación dialectal*. Bertamiráns: Edicións Laiovento, Col Ensaio, nº 280.

**b) Educación**

Costa Rico, Antón. 1996. *A reforma da educación (1906–1936)*. A Coruña: Ediciós do Castro.

Currá Fernández, Celso e Agustín Dosal Maceira (dirs.). 1999. *Diccionario de psicoloxía e educación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**c) Historia**

Barreiro Fernández, Xosé Ramón. 1981. *Historia de Galicia. IV. Edade Contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia.

\_\_\_\_\_. 1982. *Historia Política*. A Coruña: Ediciones “Gamma”, 4 vols.

Beramendi González, Justo. 2007. *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.

Villares, Ramón. 2004. *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.

VV. AA. 2005. *Historia Xeral de Galicia*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2<sup>a</sup> ed.

\_\_\_\_\_. 2007. *A Gran Historia de Galicia*. A Coruña: *La Voz de Galicia* editora, tomo III: A Galicia Romana, vol. 2.

**d) Filosofía**

Ferrater Mora, José. 1990. *Diccionario de Filosofía*. Barcelona: Alianza Editorial, 4 vols.

Muñoz, Jacobo (dir.). 2003. *Diccionario Espasa Filosofía*. Madrid: Editorial Espasa Calpe.

#### d) Literatura

Agrelo Costas, Eulalia (ed.). 2000. *Obra narrativa en galego de Aurelio Ribalta y Copete*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Col. Narrativa Recuperada.

Alonso Girgado, Luís e Carmen Fariña Miranda. 2003. *Augusto María Casas. O vento segrel*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Col. Láncara de Poesía.

Alonso Girgado, Luís e Rodrigues Esteves, Amelia. 1998. *Manuel Núñez González. Salayos e outros poemas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Col. Láncara de Poesía.

Beloso Gómez, Josefa. 2000. *Xulio Sigüenza. Obra galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Col. Láncara de Poesía.

Carballo Calero, Ricardo. 1981. *Historia da literatura galega contemporánea 1808–1936*. Vigo: Editorial Galaxia, 3<sup>a</sup> ed.

Casares, Carlos. 1981. *Otero Pedrayo*. Vigo: Editorial Galaxia.

Couceiro Freijomil, Antonio. 1951–1954. *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela: Editorial Bibliófilos Gallegos, 3 vols.

Edicións Edman. 1988. *A Nosa Terra*. A Coruña: tomo I (anos 1916–1918), Col. Prensa–Galeguismo.

\_\_\_\_\_. 1995. *A Nosa Terra. Exilio*. Vigo: Nova Galicia Edicións, tomo I (1942–1945).

Equipo Glifo (Grupo Compostelán de Investigacións Semióticas e Literarias, formado por Anxo Abuín, Fernando Cabo, Arturo Casas, Blanca-Ana Roig, Anxo Tarrío e Darío Villanueva). 1998. *Diccionario de termos literarios a-d*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

\_\_\_\_\_. 2003. *Diccionario de termos literarios e-h*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Estébanez Calderón, Demetrio. 1996. *Diccionario de términos literarios*. Madrid: Alianza Editorial.

Genette, Gérard. 1987. *Seuils*. París: Seuil.

Gómez Sánchez, Anxo e Mercedes Queixas Zas. 2001. *Historia Xeral da Literatura Galega*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

González de Gambier, Emma. 2002. *Diccionario de Terminología Literaria*. Madrid: Síntesis.

González Reboredo, Xosé Manuel. 1999. “Estudio introductorio”, en *Galicia de lenda*. A Coruña: Hércules de Edicións, Col. Galicia para soñar, vol. 8, pp. 4–25.

Hermida, Modesto. 1995. *Narrativa Galega: Tempo do Rexurdimento*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, Col. Universitaria, 1995.

\_\_\_\_\_. (coord.). 2003. *Narradores ocasionais do século XIX (Narradores ocasionais)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Col. Narrativa Recuperada.

Hess, Rainer, Gustav Siebenmann, Mireille Frauenrath e Tilbert Stegmann. 1995. *Diccionario terminológico de las literaturas románicas [Literaturwissenschaftliches*

- Wörtherbuch für Romanisten*, 1989], traducción ó castelán de José María Díaz–Regañón López. Madrid: Editorial Gredos.
- L. Bernárdez, Carlos; Insua, Emilio Xosé; Millán Otero, Xosé M.; Rei Romeu, Manuel Rei e Laura Tato Fontañá. 2001. *Literatura galega. Século XX*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, Col Historia de Galicia, Serie Monografías.
- Lanza Álvarez, Francisco. 1953. *Dos mil nombres gallegos*. Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires.
- López–Casanova, Arcadio. 2001. *Diccionario metodológico de análise literaria I. A poesía (Textos líricos galegos da Idade Media ós nosos días)*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Platas Tasende, Ana María. 2000. *Diccionario de términos literarios*. Madrid: Editorial Espasa.
- Sáinz de Robles, Federico Carlos. 1982. *Diccionario de la literatura. Términos, conceptos, “ismos” literarios*. Madrid: Editorial Aguilar, 2 vols.
- Sanmartín Rei, Goretti. 2002. *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863–1936)*. A Coruña: Edicións Espiral Maior, Col. Universitas.
- Tarrío Varela, Anxo. 1994. *Literatura Galega. Aportacións a unha Historia Crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, Col. Universitaria/Manuais, 1<sup>a</sup> ed.
- \_\_\_\_\_.(dir.). *Dicionario sistémico da literatura galega do Rexurdimento*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (en proceso de edición).
- Vaqueiro, Vítor. 2011. *Mitoloxía de Galiza. Lendas, tradicións, maxias, santos e milagres*. Vigo: Editorial Galaxia.

#### d) Mitoloxía

Bonnefoy, Yves (comp.). 1998. *Diccionario de las mitologías y de las religiones de las sociedades tradicionales y del mundo antiguo* [Dictionnaire des mythologies et des religions des sociétés traditionnelles et du monde antique, 1981], traducción ó castelán de Cristina Serna e Maite Solana. Madrid: Referencias/Destino, 4 vols.

Grimal, Pierre. 1981. *Diccionario de mitología griega y romana* [Dictionnaire de la mythologie grecque et romaine, 1951], traducción ó castelán de Francisco Payarols. Barcelona: Editorial Paidós.

#### e) Xornalismo

Muñoz Molina, César Antonio. 1989. *Prensa literaria en Galicia (1809–1920)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, Col. Universitaria.

Santos Gayoso, Enrique. 1990. *Historia de la prensa gallega (1800–1986)*. Sada/A Coruña: Ediciós do Castro, Col. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, nº 52, tomo I.

Valcárcel, Marcos. 1987. *A prensa en Ourense e a súa provincia*. Ourense: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense.

### 5. 2. Bibliografía específica

Alonso Girgado, Luís; Cuquejo Enríquez, María e Manuel Quintáns Suárez. 2005. *Eufonía (Rimas y glosas de la poesía gallega)* [Buenos Aires, 1958–1959]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsimilar.

Blanco, Florentino *et alii*. 1994. *Catálogo da exposición biográfica e documental sobre Eloy Luis André*. Santiago

de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Vicerrectorado de Política Cultural.

Carande, Ramón. 1989. *Galería de amigos*. Madrid: Alianza Editorial.

Carpintero, Helio. 2004. *Historia de la psicología en España*. Madrid: Editorial Pirámide.

Carpintero, Helio e Fania Herrero. “La Junta para la Ampliación de Estudios y el desarrollo de la psicología española”, en *Asclepio. Revista de Historia de la Medicina y de la Ciencia*. Madrid: Instituto de Historia y Departamento de Historia del Centro Superior de Investigaciones Científicas, vol. LIX, nº 2 (xullo–decembro de 2007), pp. 181–212.

Costa Rico, Antón. 1996. *A reforma da educación*. A Coruña: Ediciós do Castro.

Cuquejo Enríquez, María. 2005. *Galicia. Revista do Centro Galego de Montevideo*. [Número 151, conmemorativo do cincuentenario do Centro Galego]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ed. facsimilar, s. p.

Fernández, Eusebio. 1978. “Los becarios de Filosofía de la Junta para la ampliación de estudios y sus repercusiones en la Filosofía española antes de la guerra”, en *Cuadernos salmantinos de filosofía*. Salamanca: Universidad Pontificia de Salamanca, nº 5 (1978), p. 435.

F. Alonso, Benito. 1923. “Orensanos ilustres”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*. A Coruña: Real Academia Gallega, nº 151 (1923), pp. 277–281.

\_\_\_\_\_. 1928. “Orensanos ilustres”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*. A Coruña: Real Academia Gallega, nº 211 (1928), pp. 121–128.

- Fernández Mazas, Armando. 1989. *Ourense: Atenas de Galicia*. Ourense: Ediciones Andoriña.
- López Vázquez, Ramón. 1994. *A Filosofía Krausista en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- \_\_\_\_\_. 1996. *O pensamento rexeneracionista de Eloy Luis André (Do europeísmo ó galeguismo)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- \_\_\_\_\_. 2002. *Eloy Luis André*. A Coruña: Baía Edicións.
- \_\_\_\_\_. 2008. “Luis André, Eloy”, en Torres Queiruga e Rivas García (2008).
- \_\_\_\_\_. 2009. “Bibliografía dun galeguista ilustrado: Eloy Luis André (1876–1935)”. Santiago de Compostela: traballo inédito.
- Luis André, Eloy. “Ecumene del galleguismo”, en Cuquejo Enríquez (2005).
- \_\_\_\_\_. 1933. *Revolución. Españolismo: Prasologio*. Madrid: Amor Scientia Labor.
- Mariño Ferro, Ramón. “Antropoloxía”, en Torres Queiruga e Rivas García (2008).
- Otero Pedrayo, Ramón. 1944. “Orense en las Letras”, en *La Región*. Ourense: 8–VI–1944.
- \_\_\_\_\_. 1953. *O libro dos amigos*. Buenos Aires: Ed. Galicia del Centro Gallego.
- Rodríguez Guerra, Alexandre. 2000. *Epistolario galego de Miguel de Unamuno*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Santiago Pérez, María José de e Agustín Dosil Maceira. 1997. “Juan Vicente Viqueira e Eloy Luis André: dous psicólogos galegos de principios de século”, en *Revista Galega do Ensino*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nº 14 (febreiro de 1997), pp. 79–93.

Taboada Chivite, Jesús. 1946. *Varones ilustres de la comarca verinense*. Madrid: Editorial Bolaño Aguilar.

Torres Queiruga, Andrés e Rivas García, Manuel (coords.). 2008. *Dicionario Enciclopedia do Pensamento Galego*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia e Consello da Cultura Galega, 1<sup>a</sup> ed.

VV. AA. 1974. *Gran Encyclopedia Gallega*. Santiago de Compostela/Xixón: Silverio Cañada (ed.), 32 vols.

\_\_\_\_\_. 1991. *Enciclopedia Universal Ilustrada europeo-americana*. Madrid: Espasa Calpe, 70 vols.

\_\_\_\_\_. 1993. “Una aproximación biográfica a la figura de Eloy Luis André (1876–1935) desde la historia de la psicología”, en *Revista de historia de la psicología*, vol 14, núms. 3–4, pp. 515–522.

\_\_\_\_\_. 1996. *Historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra / AS-PG, 5 vols.

\_\_\_\_\_. 2003. *Gran Encyclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo: El Progreso/Diario de Pontevedra, 54 vols.

### 5. 3. Publicacións consultadas

*Eufonía*. “Pubricación periódica de circulación intercontinental antre os galegos” (Bos Aires, 1958)

*Galicia*. “Revista del Centro Gallego” (Montevideo, 1929)

*El Imparcial* (Madrid, 1925, 1926 e 1935)

*La Lectura. “Revista de Ciencias y de Artes”* (Madrid, 1910 e 1913)

*A Nosa Terra* (A Cruña, 1917 e, Bos Aires, 1944)

*El Pueblo Gallego* (Vigo, 1927–1931)

*Renovación Española* (Madrid, 1918)

#### **5.4. Fontes hemerográficas**

Agencia Española ISBN

Archivo General de la Universidad Complutense de Madrid

Archivo Histórico de la Universidad de Salamanca

Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela

Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela

Biblioteca de Castilla–La Mancha

Biblioteca del Ateneo de Madrid

Biblioteca do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Biblioteca Nacional de España

Concello de Vilardevós

Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 2 de Verín





## VI. Poemas



## Datados

*No Camposanto de Ourense*  
(Leipzig, maio de 1910)

Oración na cova de Lamas

No Camposanto de Ourense  
Dorme un home o eterno sono:  
O corpo comeullo a terra,  
Latixa a ialma no pobo.

Cando morreu n' era vello  
Pero doi daquela os ósos  
De ter que aturar a tantos  
Que son más pillos que bobos.

Díxome unha ves o probe,  
Coa ialma a través dos ollos  
Que cegaron, porque o tedio  
Mostroulle os ideás mortos.

Quixerá ser anduriña  
Pra tramontar o picouto  
Por onde o sol desaparece  
Pra atopar campos altos, novos.

Quixerá ser un salvaxe  
Do Senegal ou do Congo  
Pra fuxir de tantos homes  
Que non pagan, porque mordo.

Entre lións e panteiras,  
Entre cobras e hipopótamos  
O meu canto sería libre  
E a miña pruma un tesouro.

[...]

¡Pobre Lamas! ¡Dorme, dorme!  
Que a nai terra no seu colo

Hache de dar o agarimo  
Que non viron os teus ollos.

E mentras che rezan credos  
Os que teus amigos foron,  
Rescibe esta ofrenda da ialma  
Dun que coma ti está solo.

*Ourense*

(Leipzig, outubro de 1910–Madrid, xuño de 1930)

Auria Bella che chamaron,  
Porque eres rapaza roxa  
Que fai a crencha sentada  
Beira do Miño, cal Moura  
Que ten ollos feiticeiros  
Que relumbrantes namoran.  
Vai o Miño mui calado  
Beixándoche os pés e a boca  
Béixacha un sol andalús  
Que te volve a veces louca.

Vellos e mozos gallardos  
Fanche con tesón a ronda  
Pra ser donos da túa ialma,  
Pra che contar as súas cousas.  
Teu corpo é de canteiría  
De pedra gran que borbota  
Ó suar das entretelas  
Polas Burgas, que son bocas  
Do gran curazón da terra  
Que beira de ti salouca.

Montalegre cos seus pinos  
E cunha crus te coroa  
Porque eres reina das augas  
En cen légoas á redonda.

A Catedral co seu Cristo  
É unha alhaxa que che adorna  
O pescozo alabastrino  
Color de neve e de rosa.

E o ponte vello é sandalia  
Que hastra a pantorra che monta

Pra poder brincar, si queres,  
Por unha ourela e por outra  
Do río maino e calado,  
Que tantas lendas che conta,  
Cal si fora o teu namoro,  
E tu do Miño a súa noiva.

¡Ai, ciudá da miña vida!  
¡Ourense! ¡Patria remota!  
Aiquí neste fin do mundo  
Teño morriñas que choran.  
Perto de ti hai tres estrellas  
Que mentras dormes te acoran:  
As almas de tres poetas  
Que cantaron como pombas  
No piñeiro augusto, eterno  
Da libertá vida nova.

O seu ritmo nos ouvidos  
Dalgún galán fixo cóxegas.  
O certo é que axotados  
Os tres foron como moscas.  
¡E sólo unha noite boa,  
unh-as cunixas e un zorro  
Berran mentras eles choran!

¡Ai Ourense, Ourense, Ourense!  
Desperta con fe arrestora,  
Íspete que tes miseria  
Na túa ialma e na túa roupa  
E no río caladiño,  
A quen contas as túas cousas,  
Bautízate coma un Cristo  
Que pola coltura loita.

E dempois de baptizada  
Para vivir vida nova

Pra Carvaxal e Mosquera<sup>64</sup>,  
Pra Curros e pra outros,  
Estreliñas do teu ceo,  
Que son teus brincos de groria  
Que rebuldan no teu seo  
Do ideal galego as raiolas,  
Fan unha ermida alá arriba.  
Porque o pueblo que na hestoria  
Deborca o carballo eterno  
Da tradición e a mamoria  
Dos seus fillos máis preclaros,  
Das súas pedras, das súas xoias  
Olvida; ó ser desleigado  
Ha de morrer e na cova  
Sin unha cruz o remorso  
Ha de cantarlle esta estrofa:  
“Aíquí dorme o eterno sono  
No limbo do olvido, agora  
Aquela nai descastada  
Que arrincou da súa mamoria  
Os cariños dos seus fillos,  
Que lle teceron na groria  
Un niño de amor e ensono,  
Non foi estrela, foi porca  
Que vivía emporcallada  
Dando o corpo xeneroso  
A quen lle cantaba ó ouvido  
Do falso amor as hestorias.

---

<sup>64</sup> **Adolfo Mosquera Castro** (Caldas de Reis, ?–?) foi director do xornal *La Unión* de Caldas de Reis. En 1899, formou parte do equipo redactor do pontevedrés *El Ciclón*. Colaborou en diversas revistas da diáspora e da Galicia administrativa, como *Follas Novas* da Habana e *O Tío Marcos d'a Portela* de Ourense. En galego compuxo os poemas “Cantares”, aparecido no nº 26 (15-V-1898) da pontevedresa *Galicia Moderna*, e o costumista “Os feitizos y–os meigallos”, galardoado nun certame pontevedrés. En prosa escribiu o relato “N-a represa”, publicado nas Parolas 170 e 171 d’*O Galiciano*.

Foi barragana e non nai,  
A que dorme nesta cova,  
Dos orellos e os canteiros  
Que axotaron como moscas  
Os rousiños do ideal  
E á nai volvérona tola”.

¡Ai, Ourense, Ourense, Ourense!  
¡Ourense, desperta agora!  
Borra o teu pasado vello  
E prá vida inmorredoira  
Frabica ese menamento  
Da túa lenda de groria,  
Onde Curros e onde Lamas,  
Dato<sup>65</sup>, Mosquera e os outros  
Ruliños do teu pasado  
Vivan sempre na mamoria  
Dos teus netos, dos meniños  
Que hoxe viven vida nova.  
O que non paga as súas deudas  
E os seus cabdales derrocha  
Con estranxeiros lapós  
Non ten dinidá nin honra.  
Nai que non premia ós seus fillos  
Que lle dan amor e groria  
Non é nai, é una madrasta;  
Non é muller, é una zorra

---

<sup>65</sup> **Filomena Dato Muruais** (Ourense, ?–Moruxo, Sada, 1926). Colaborou en diversas cabeceiras xornalísticas da diáspora americana e de Galicia, como *Álbum Literario*, *A Nosa Terra*, *As Burgas e*, de forma asidua, en *El Heraldo Gallego* de Ourense. En 1907, foi nomeada membro correspondente da Real Academia Galega. Morreu cega na localidade sadense de Moruxo o 26 de febreiro de 1926. A obra, galardoada e de gran popularidade na época, caracterizábase polo costumismo, a relixión, a defensa de Galicia e a reivindicación da figura feminina. De poesía en galego compuxo *Follatos: Poesías Gallegas* (1891), recompilación das poesías espalladas en diversas publicacións, e en castelán *Penumbra*s (1880), *Romances y cantares* (1885), *La Letanía. Lauretana en verso* (1887) e *Fe* (1911), obras estas últimas de temática relixiosa.

A que co que debe ós seus fillos  
Ós amantes fai limosna:  
O ser xustos é o primeiro,  
A caridá co que sufra  
Ou que, non sendo de outros,  
É cousa do que da propia.  
O primeiro amor: os fillos.  
A primeira ofrenda: a honra.  
O último empeño: Dios.  
A última ansia: a groria.

¡Ourense! Nai quiridiña  
Pra eses fillos que te adoran  
Fai un fogar no teu colo,  
Fai unha casa amorosa  
Pra telos sempre no seo,  
Todo o demais xa che sobra.  
Si non procedes así,  
Farás entrañas de loba,  
Serás a filla do demo  
Que odia con pasión a groria,  
Que non pode faguer niño  
Na súa concencia morta.

¡Ourense, nai quiridiña,  
Ourense, desperta agora  
E si queres ser ditosa  
Dai desde hoxe vida nova!

*Alborada de loita*  
(Alemaña, 1913–Madrid, 26 de xuño de 1930)

¡Terra que dormes sono milenario!  
Fillos que van coa cruz pró seu calvario  
Berrade: ¡Libertá!  
Os servos son siñores si na vida  
Senten o peso e sinten a ferida.

E empezan a cantar:  
¡Galicia! ¡Terra dormida!  
¡Galegos! ¡Probes escravos!  
¡Hestoria sin sangue escrita,  
Faliña dos meus salaios!  
Mirade lonxe de vós  
Un que quixo ser fidalgo.

[...]

[...]

¿Paxariño que voache,  
Por que voache paxaro?

[...]

[...]

¡Ai paxariño ferido  
E como te asesinaron  
Os siñores de Galicia  
Que queren servos e parvos  
Pra que viva asoballada,  
Pra que teña sempre un amo!  
¿Paxariño que voache,  
Por que voache paxaro?  
Paxariño volve ó niño  
E alí comenza o teu canto,  
Ese canto de alborada,  
Que é rebuldo e é salaio,

Esa semente de vida  
Nos curazós abafados  
Por amiazas e por dádivas  
—As dúas armas dos tiranos—  
Que asesina ós rebeldes  
E crían pitas e pavos.  
¡Paxariño volve ó niño!  
¡Paxariño canta alto!  
¡Poeta! ¡Que esas túas copras  
Teñan da bóla ó salaio  
O tremente son do trono,  
A lus do lóstrego claro,  
O calor das entretelas  
Do curazón namorado!  
Xa verás coma estes pobos  
Despertan como ese amo  
Sin concencia e sin honor,  
Zorro vello desleigado.  
Ó ver rebuldar as fouces,  
Foxe coma can ceibado  
E coma can perseguido  
Con aixados e cantazos  
Morre no foso dos lobos  
Sin pernas e esmiolado.  
¡Terra que dormes sono milenario!  
Pobo que cantas himno funerario:  
                *¡Tristísimo alalá!*  
Berrade con pasión, guerra e venganza  
A redención é a única esperanza.  
                A loitar, a loitar.

*Redención<sup>66</sup>*  
(abril de 1913)

A Curros Enríquez

**Alborada**

*Eses frutos queredes de dozura  
Dan agora herba ruín e grama dura  
Ceibai novas ideas, darán frores.*

**I**

Non tes, Galicia, sol, nin tes estrelas:  
*Vives en noite eterna, sin luar...*  
Eu sinto desazón nas entretelas  
Porque te levo escravo inda a ti nelas,  
E ó verte escrava, teño que chorar.

Tu e eu, cal solitarios camiñantes,  
Vamos xuntos collidos pola mau  
Soñando un ideal, cal dous amantes  
Escravos dunha pena. ¡Que anhelantes  
Miramos cara ó ceu desde este chau!

¡Un chau sin pan!... ¡Que terra tan pobriña!  
¡Un ceu sin sol! ¡Coa amargura o mar!  
Mais esta fala é unha fala tan meiguiña,  
Que asomella o chiar dunha anduriña  
Ou canto dunha rola nun pinar.

E o noso esprito que en larga ringuileira  
De mil nomes ilustres encarnou.  
El é o que fai eterna a sementeira  
Da libertá en loita feiticeira,  
Que é eterna, porque nunca se acabou.

---

<sup>66</sup> Poesía dedicada á “Nova María Pita redentora d’as Liber coruñesas”.

## II

Eu son o teu poeta, ¡miña vida!,  
Hei de darche coa pruma radención:  
A Bruma é lanza, que si fai ferida,  
Da morte á tiranía fe mentida,  
Porque chega hastra o mesmo curazón.

¡Pruma que roxes no papel branquiño  
Deixando nel tinguido o meu afán,  
Miñas ideas... todo o meu cariño!  
Dille ó papel que eu son un adiviño  
E que estes versos nunca morrerán.

Eu poño neles todo o pensamento,  
Odio, afeuto, caráuter, voluntá.  
Eu son o verbo de agudo lamento,  
Eu son o espello do infernal tormento  
Que a miña patrea padescendo está.

E eu teño fe que hei de acabar un día  
Da raza resiñada á escravitú.  
Sinto xudaica e pertinaz porfía.  
¡Ha de trunfar a miña valentía!  
¡Galicia! Si eu son libre, érelo tu.

## III

Xa te vexo vivir, terra trunfante,  
Coma caraveleira nun xardín  
E o sol dá coltura ó teu amante.  
El dáche vida e xuventú radiante...  
A túa gloria, Galicia, non ten fin.

Xa rompiches Galicia esas cadeas,  
Os teus brazos xa poden abrazar,  
Xa tes maiciña todo o que deseas:

Nova vida, outro lar, outras ideas.

*Días de lus e noites de luar.*

Cantos de nova vida, os teus cantores  
Con resonante vos cantando están.  
Xa non te ven chorar e inda que chores,  
Son bágoas de alegría... ¡os teus amores  
Que rimas feiticeiras rimaráن!

E eu nunha cova solitaria e fría  
Sentirei nos meus ósos a canción  
Dos novos rousiñoles que a Poesía  
Ensina nun eterno pía, pía,  
Enchéndolles de vida o curazón.

#### IV

¿Quen obrou o milagro? ¿De onde veu?  
Si é que houbo un redentor, ¿onde el está?  
Foi este *solitario* que hastra o ceu  
Rubiu cal denodado Prometeu<sup>67</sup>  
E trouxo en labaradas libertá.

Como novo Quixote, con cantazos  
Foi rescebido e logo nunha crus,  
Na do olvido, craváronlle os dous brazos...  
¡As cadeas fixéronse pedazos!  
¡*El fixo nova redención de lus!*

[...]

¡Lus, vida, amor! ¡Meu dulce apostolado!  
¡Con canta fe me sinto radentor!  
Vinde tiranos de aire solapado,

<sup>67</sup> Fillo do titán Xápeto e, consonte as tradicións, da oceánide Asia ou Clímene. Segundo un dos mitos, Prometeo roubou o fogo do ceo para que o empregasen os mortais. Coñecidos os feitos, Zeus encadeouno a unha rocha en Esticia, onde acudía tódolos días unha águia a devorarlle o figado, órgano que se rexeneraba pola noite.

Que o voso imperio quedará acabado  
Cantando á lus, á libertá, ó amor!

E tu, ¡terra bendita, nai querida!,  
¡Nai por quen ambiciono dar a vida!  
Párame xa agora mesmo de chorar  
Que a libertá, por ti tan deseada,  
Xa se ve nestes versos rebuldar.

*Río Miño...*  
(Festa do Corpus de 1913)

¡Río Miño, río Miño, río Miño...!  
¡Río Miño caladiño...! ¡Tan calado  
Coma un querubín que está dormindo  
No coliño da Terra e do Océano!

¡Canta vida latexa na túa sangué!  
¡Cantos coios che estorban os teus pasos!  
¡E cantos rousiñoles e xilgueiros  
Ó verte triste a ti tamén choraron!

Verde coma esperanza é a túa iauga  
Nos sosegados, prácidos remansos,  
Verde coma esperanza as túas ourelas...  
¡Son vides e piñeiro teu vestuario!

Non bufas como fera acortellada  
Nunh-a xaula de ferro, os teus pés cansos  
Saben que ó fin o seu descanso chega  
E barruntan no mar os seus salaios.

A túa ialma é de graníteca firmeza,  
Enxebre coma a dun galego sano,  
Que non bota por ela porque é serio,  
Que é valente e resolto, inda que é manso.

Alma e corpo nasceron nesta terra:  
Teñen a nosa traza, o noso garbo,  
Son fillos do himeneu, do mar coa patria  
En chorimas e beizos milenarios.

Por eso tu, do curazón da Terra  
Ó mar da Patria, levas os teus pasos,  
Ensinando ós galegos o camiño  
Que han de levar en emigrantes bandos.

Nasces en Fonte—Miña nunha fonte  
Da auga cor de cristal e ábre—los brazos  
Cando o mar no seu seo te rescibe  
Os teus peitizos con amor beixando.

Nas túas ourelas vexo tres cidades:  
Tui, Lugo, Ourense... son pra min paxaros,  
Tres rubiñas que buscan agarimo  
Onda o río, que están anamorando.

Elas nas túas ourelas feiticeiras  
Con garbidosa forma e con encanto,  
Con morriña e con sede de cultura  
O seu mimo figueron e animaron.

Neles puxeron ovos e ó estar chocos,  
Fixeron saír deles os paxaros  
Que á nosa terra a redención soñada  
Cos seus píos amantes insinaron.

¡Lamas, Curros, Vesteiro<sup>68</sup>, Castro e outros  
Con canta fe, con canto amor cantaron  
Beira de ti —¡ouh, Miño caladiño!—  
A redención da terra e a do escravo!  
Uns xemerón con lira melindrosa,  
E outros coma liós fortes bramaron  
Pra despertarte do sono da morte  
Que inda che fan dormir os teus tiranos.

---

<sup>68</sup> **Teodosio Vesteiro Torres** (Vigo, 1848– Madrid, 1876) estudou no Seminario de Tui. Alí titulouse en Filosofía e Teoloxía e demostrou grandes dotes como músico e escritor. En 1871, abandonou o seminario e marchou para Madrid, onde fundou a Sociedade Galicia Literaria, lugar de reunión para os intelectuais galegos. Tras retornar de Vigo, en xaneiro de 1876, disolveuse a sociedade e no mes de xuño suicidouse. Durante a súa breve vida, loitou, cun posicionamento cultural, pola rexeneración de Galicia. A obra, escrita integralmente en castelán, compõe do poemario romántico *Versos* (1874) e dos ensaios *Páginas sueltas* (1871) e *Recuerdos de Galicia* (1878).

Pero tu, angustiado e caladiño,  
Vas cara ó mar e no teu seo amargo  
Derretes toda a dor da nosa raza  
E fas amarga a iauga do Océano.

Levas o dor do curazón da terra  
No triste camiñar, no paso tardo...  
¡Hastra os picoutos de verdor espidos,  
Parescen somellar o teu enfado!

Non marmures romances e consellas  
Que non entenden os nosos paisanos.  
Non te arrepíes hoxe coa desgracia,  
Levanta o curazón e fala alto.

Abre os ollos pra ver a derradeira  
Canción de vida que onda ti che canto  
En alalás de “loita” e de “traballo”.

E cando o pío que é do peito boto,  
Cal novo rousiñol anamorado,  
Daqueles ideás de nova vida  
Que outros cantores onda ti cantaron.

Non, non queiras ouvir, ou no teu sono  
De eterna escravitú sigas rosmando.  
Ábreme as entretelas más profundas,  
As más negras nun deses teus remansos.

Eu quero ver o que levas tu nelas,  
Eu quero ouvir os teus éntimos cantos,  
Os que nunca a fror da auga deron cara...  
Pois deben ser cicaís os más dourados.

[...]

Río Miño, río Miño, río Miño,  
Río Miño, río Miño, río calado...

Si o mar famento oulea ós teus ouvidos  
¿Ese mestre cantor será o teu bardo<sup>69</sup>?

---

<sup>69</sup> Antigo poeta celta, pertencente á clase sacerdotal, que cantaba as fazañas dos heroes e das divindades, ademais de arengar ós soldados antes das batallas e de recompilalas tradicións relixiosas. Coa chegada do Romanticismo, a figura do bardo recuperou popularidade ó lle atribuír un papel fundamental na artellación das epopeas nacionais. A proba máis salientábel da súa importancia foi a entusiasta receptividade da obra de James MacPherson en toda Europa a partir da segunda metade do século XVIII. Nela, difundiñase unhas presuntas traducións do gaélico ó inglés por parte de Ossian (S. VI), reveladas posteriormente como apócrifas e como unha invención do antólogo. No Rexurdimento galego, Eduardo Pondal empregou de forma reiterada esta figura, pois para o poeta bergantiñán era un depositario da memoria colectiva e exercía como profeta.

*Salaio*  
(Berlín, 28 de agosto de 1913)

As froles do ánxel da morte  
choran de pena murchiñas.  
Tamén eu choro de pena  
Coa ialma chea de morriña.

¡Caravel, caraveliño,  
Froliña dos meus deseos!  
¡Terriña dos meus amores  
que lonxe de min vos vexo!  
Cando vexo que estás lonxe,  
Véxome fóra do Ceo.

*El e ela*  
(Múnic, 30 de agosto de 1913)

No camposanto da ilusión el e ela  
Topáronse una ves. Os dous levaban  
Froles e semprevivas prós cadavres  
Que inda vivían dentro das súas almas.

¡Tumbias de dous amores feiticeiros,  
Os primeiros da vida, as puras ansias  
Que como caravels brotan do peito  
Pra que o sol do ideal amante os abra!

¡Rescebide piedosas esa ofrenda  
Que dous amantes curazós consagran  
Facendo revivir no pensamento  
Os gratos beizos da ilusión dourada!

Ela chora, el medita; ambos calados  
Perto das tumbias cos cadavres que falan.  
Mais os ósos e o polvo das súas tumbias  
Por muto que os animen non din nada.

A morte ca mintira ou co fastío  
Segou as ilusiones daquelas almas  
Que buscaban na vida un paraíso  
E toparon co fío da gadaña.

¡Dudan de todo! ¡Sólo creen nos mortos!  
Nos mortos que arraigaron na súa ialma  
Como hedra nuna iglesia vetustosa  
Ou tumor dunha virxen nas intrañas.

Pero o tempo, ese vello misterioso,  
Con surrisas irónicas afaga  
Aquel delor das ilusíons perdidas  
Que por perdidas xa non valen nada.

A ilusión sai da salvia da existencia  
E cal rede tecida pola araña  
Nas eternas rexios do pensamento  
Co propio zume das propreas intrañas.

Tras dun tempo vén outro. A primaveira  
Viste con follas a escarnada  
Ramaxe de dúas vidas sin consolo  
E dálles nova forza, nova salvia.

A vida hai que vivirla como a viven  
Os paxariños que amorosos cantan  
Mentras fan o niño que os alberga  
Desque se pon o sol hastra a alborada.

Así lles fala o vello. El mira pra ela,  
Ela pra el ruboriza... ó fin repara...  
Os dous dan vida a novos pensamentos  
E deixan as dúas tumbias que non falan.

Os dous do camposanto caladiños,  
Collidiños da mau volven prá casa  
E a lus da lúa de estival encanto  
Nun novo amor imanta estas dúas almas.

*Súpreca*  
(1914–1930)

Si é verdá o que falan os teus ollos,  
Si non me engano no que os meus che contan,  
Fálame rapaciña co teu peito,  
Fálame rapaciña coa túa boca.

Que os ollos cuando a ialma sente fondo,  
Perto do gozo, a veces se embagoan,  
Mentras que o peito tique-taque bule  
E na intraña agarima tantas cousas.

O curazón e a boca son viciños:  
Un é o rousiñol, outra é a rola.  
Si eles calaron como nós calamos,  
Un sería o coucho e outro a noiteboa.

Eu quéroche contar unha cosiña,  
Eu quero que me digais una causa  
Pero os ollos non poden decir nada  
E o tempo foxe e os encantos voan.

Fálame tu, Rosiña, co teu peito,  
Fálame salaiando coa túa boca  
Que eses teus beizos de color da sangue  
Rimen cos meus o bico que é a Groria.

E con eles no bico confundidos  
Sean niño das almas de dúas rolas,  
Que xuntas viven o seu dolce ensono,  
Xunguindo dúas vidas nunha sola.

*Eses teus ollos...*  
(Outubro de 1914)

Como chos miro, miniña,  
Vexo delicias da terra  
Nesas dúas túas miniñas  
Que me fan chorar por ela.

Eu son rousiñol sin niño,  
tu pombiña sin pombar.  
Os dous sentimos morriña,  
Os dous pensamos na Nai.

Soliños os dous no mundo,  
Nun mundo que non é noso,  
Xuntemos os dous biquíños  
E beixémonos con ollos.

;No teu corpo calor de terriña,  
Nos teus ollos a lus feiticeira,  
Nos teus bicos que saben a gloria  
Os mimiños más dulces da terra!

;Ai Rosiña, Rosiña, Rosiña!  
;Pelriña de Vigo, gaviota do mar!  
Si esos ollos me miran con ganas,  
¿Que cousiñas de ti me dirán?

Eses teus ollos, Rosiña,  
Son meigos como anxeliños.  
Cando che miro pra eles,  
Quero comelos a bicos.

*Copras*  
(1914–1920)

I

A frol que non ten cheirume  
Ten poucas veces sementeira  
E a semente sin cheirume  
En ves de cheirarnos, fede.

Quen no corpo dunha nena  
Sementa vida do corpo,  
Non sementa de verdá  
Si non pon alma nos ollos.

As almas que non quixeron  
Son como pombas sonentas.  
¡Quen poidera despertalas  
Cos arruliños da terra!

¡Rosíña! ¡Caraveliño  
Que te abriches sin amor  
Dille ó sol, que te acaricia,  
Que te beixe coma un Dios!

Verás como o sol sementa  
Na túa ialma outra vida.  
Serás rousiñol que cante  
E non froliña murchiña.

II

O sol, pai de Eros<sup>70</sup> amante,  
Solimantará a túa vida.

---

<sup>70</sup> A teor da xenealoxía máis aceptada, era fillo de Afrodita e Hermes. Considérase o deus do amor e represéntase como un neno, por regra xeral, alado, que sementaba o amor nos corazóns das persoas.

O sol quemándoche a sangue  
Darache a pureza e ledicia.

Sai do esterco o caravel  
Froito de amor de dúas vidas  
Con pasión emporcalladas...  
É fillo do Ceo, Rosiña.

### III

¡Anxeliños!, ¡meus amores!  
¡Ensonos da nai querida!  
Baixade do ceo agora  
Que en soidá é morriña.

Teño sede de cuallarvos,  
Darvos ser coa miña vida.  
Cobizo nunhas intrañas  
Que agarimo de nai dian.

O froito do pensamento  
É o curazón que aguniza  
Por non poder darse a outro  
E faguer eterna a vida.

*A morte do rousiñol*  
(Vilardevós, 17 de xullo de 1917)

Pía, paxariño, pía  
Nesa xaula de ferro co lamento  
De lento agunizar a ialma enfería  
Con tremezós de morte... ¡Rosalía!  
A túa mamoria, ese monumento  
Enloita o pensamento  
recordando a túa dor, a túa agonía.

¡Pueblo sin redención, probiño, escravo!  
¿Por que morrer chorando coma un neno?  
¡Cantas cuitas me dá non verte bravo!  
De penar non acabo  
Ó ver que o teu trino non ten freno.

¡Védelas pensativa alá sentada  
En medio dun xardín en Compostela!  
¡Tamén foi rousiñol! ¡Pobre! ¡Cuitada!  
¡Escrava como o pueblo, morreu nela!  
A catedral inxente  
—Onde din que inda dorme Presciliiano—  
Medita e chora silenciosamente  
Ó ver que o paxariño de repente  
Calou ante o tirano  
E sorriu ante a morte más clemente.

Ten os bicos mui pechos e os olliños,  
Ten paz no curazón que non latexa.  
O seu estar parésceme un desmaio,  
Tan sólo o puro raio  
Da libertad, que piden os filliños  
De Galicia, na frente se reflexa:  
¡Rousiñol! ¡Rosalía! ¡Rosalía!  
¡Foi a malenconía

Que no teu corazón fixo o seu niño,  
Espreméndollo antes coa amargura!  
¡Rousiñol, alma pura!  
¿Por que a rebelde libertá dourada  
Non che deu pra esas maus más rebeldía  
E limpando esa pruma enmorriñada  
No—na mollache en sangre, Rosalía?  
Ferro é a pruma que con ansia crava  
Dun gran tirano o curazón famento.  
Cando, ó fin, espraxendo o pensamento  
A escravitu acaba;  
Cando latexa forte,  
Segundo o ritmo intenso  
Do curazón do pueblo que é inmenso,  
E, antes que ser escravo, quere a morte.

Vida que sinte o peso das cadeas,  
Que ten prás maus e prá concencia dono,  
Que na ignorancia dorme o dulce sono  
Sin rexurdir o lume das ideas,  
Que son da dulce libertá fermento.  
Non é vida, é un tormento:  
É fame que se ten e non se sinte  
Hastra que dela o corpo se resinte,  
E cai coma un carballo coa machada  
Que nel trinca con fame condenada.

¡Paxariño! ¡Paxaro! ¡Paxariño!  
¡Xilgueiro! ¡Rousiñol! ¡Cotolovía!  
Esqueceuse o teu canto e no camiño  
Que o teu trinar voando recorría,  
Xa non hai alegría,  
Sólo rosma rebelde o río Miño.

Vai cara ó mar fuxindo —¡cara ó Océano  
Que ten as augas coma a súa pena!—

Pra ser na morte libre e soberano,  
Imaxen deste pueblo galiciano,  
Que emigra, foxe, cala mais condena.  
¡Resurreción! ¿Quen nos dará xa vida?  
¡Cadavres nesta terra delorida!  
Todo amarga do pueblo á súa existencia,  
Todo a morrer, a suspirar convida  
Hastra o zoar do vento  
Parésceme un lamento,  
Un adiós, unha triste despedida.

¡Rousiñol, paxariño, que voache  
Dereito cara á gloria,  
Deixando na mamoria  
Do teu piar a mûseca dourada!  
¡Volve onda nós, muller inconsolada!  
Fálanos coma antes nos falache.  
Volve a cantar, paxaro,  
Que ese piar tan craro  
No noso ceu sin sol e sin entretelas  
Fará tremer as nosas entretelas  
De odio, de indinación, de rebeldía.  
¡Será do noso curazón amparo;  
Serviralle de escudo, Rosalía!

¡Rosalía! Eu quixerá que a túa imaxe  
Estivera soliña nunha serra:  
En Damanede altivo,  
Onda todo galego o seu viaxe  
Fixera recorrendo a nosa terra  
Do teu renome o ánimo cautivo,  
Cantando os teus romances e salaios,  
Repetindo as túas coplas deloridas,  
Latexando de fe, mais sin desmaios,  
Sintindo as túas feridas  
No propio curazón, cal cousa súa,

Vendo a túa imaxen Rosalía, ¡a túa!,  
Dunha noite invernal, cal crara lúa,  
Cuxa lus meiga a plácida alborada  
Dun sol de maio anuncia namorada.

¡Rousiñol, rousiñol, rousiñoliño!  
¡Volve apiar! ¿Non ouves, paxariño,  
Que a fame como hedra na existencia  
Deste pueblo mansiño  
Con despiadada terquedá se ceba?  
¿Non ouves na concuencia  
Un murmurar de santas rebeldías?  
El os grillóns mal resinado leva,  
A escravitú hoxe aguenta con paciencia,  
Mais han de vir uns días,  
¡Rousiñol! ¡Rousiñol!, que co teu canto  
Erguiranse sobre este camposanto  
Os mortos, que nel dormen sosegados,  
Cansados de luitar, desesperados  
De non sentir da libertá a alegría.  
E estonces ¡Rosalía!,  
¡Rousiñol solitario!,  
Acabará o calvario  
Do novo Nazareno  
Que, sendo un home, tratan coma neno,  
Matándollo de fame a tiranía.

Eu quixera, rulíña galiciana,  
Que fosen caraveles estas rimas,  
Insólitas chorimas  
Da ialma que se afana  
Por poñerche no colo esta coroa.  
Bolboreta que voa  
Pra bicarche no ouvido pensamentos,  
A inspiración que forxa estes acentos.

¡Desperta, paxariño!  
¡Volve a cantar, paxaro!  
Que xa rebulda a lus dun día craro,  
Xa dun novo vivir ve—la alborada,  
Xa de penar se acaba o teu camiño.  
¡Resurreución! ¡Ou, libertá dourada!  
Dálle vida a ese peito que se afoga,  
Dálle vida a eses ollos que non miran,  
Onde n'hai bágoas que o salaio enxoga,  
Dálle sangue a eses bicos que suspiran  
Por beixos que presmiten a alegría  
Dun nascimento en berzo namorado:  
Fagamos libre a un pueblo asoballado  
Na escravitú... ¡Desperta Rosalía!

*Penalibres*<sup>71</sup>

(Alemaña, 1913–Madrid, 26 de xuño de 1930)

¡Serra de Penalibres! ¡Miña serra!  
¡Pedra de Grecha! ¡Outos de Terroso!  
¡Cota! ¡Tichas! ¡Castelo! ¡Camposantos  
Dos nosos heroes! ¡Fonte dos recordos!  
¡Deixádeme beber nas entretelas  
Da pedra gran a vida dos meus sonos  
Nas boas entretelas  
Donde latexa todo:  
O alento de Dios porque vos fixo;  
O rebuldo do lustro; o son do trono;  
As caricias do vento feiticeiras;  
Os alalás eternos, sempre mozos;  
As copras pastorales das zagalas;  
O ouvear dos lobos...!  
¡Vida e pasión e ritmo! ¡Meiga fala  
Vinde a estes versos sólo  
Pra sementar na xente  
As novas esperanzas  
Co legón delorido dos recordos!  
No poder milenario dun imperio  
Que o pobo celta tivo sobre os outros.  
¡Serra de Penalibres! Fuches ara,  
Castro e fogar e cimenterio e couto.

Nos teus penedos, nosos cantos libres  
Zoaban como o vento, garimosos  
No mes de abril, nas noites feiticeiras  
De luar craro, de ledicia e ensoño:  
O canto era oración, era himeneo,  
fartura de vivir, palique, xogo,

---

<sup>71</sup> Paisaxe situada nos arredores de Vilardevós.

Prefume de ledicia redundante...  
Himno de guerra ou aturuxo ronco,  
Sinfonía á alborada rebuldeira,  
Idilio ós alalás de meigo tono,  
As copras noitébregas dos fiadeiros,  
O decálogo santo do namoro.  
Todo pasou, todo fuxiu, cal sombra,  
Como lóstrego, cal salaio morto.  
Todo morreu. ¡Sólo quedaron vías,  
Pero escravos tamén destes recordos!

Cando San Martiño o vento brúa  
Nas crechas dos penedos, hastra os ósos  
Se estremecen de frío e de congoxa.  
¡Hai que pensar en outros tempos novos!  
¿Que din eses marmurios? ¡Son salaios!  
¿E os lóstregos do ceo?  
¿A vos do trono?  
Din que Galicia sólo é nai de escravos  
E que hai que redimir logo, logo...  
  
¡Choucintas famentas, sin lar encendido!  
¡Corpiños encendidos!  
¡Miseria e piollos!  
¡Cariñas mui tristes! ¡Mirada apagada!  
N'hai pueblo tan probe coma é este noso.  
¡Todo vén de a drento! A malenconía  
Meteuse na sangue rillada hastra os ósos,  
Cravóuselle o medo na ialma aterida  
Coma unha espiña de silva ou de toxo.  
¡A ferida é fonda! E a saudade  
E o corpo a costume de estar de xionllos  
Dobíanlle o sarnizo, coma o aramio dulce,  
E amirar prá terra avezoulle os ollos  
Sin vida na ialma chea de iñorancia,  
Sin sangue nin forza, sin vida no corpo.

¿Como rademir, nai, Terra querida?

Recollendo das serras os recordos  
Que é o vivir latexante do pasado  
— ¡Semente de esperanza! ¡Sono de ouro! —  
Sendo o poeta o buzo do misterio  
Que hai escondido nel, íntimo, fondo,  
Que garda a moura dos cabelos craros,  
Meixelas brancas e ollos misteriosos  
Pra encanto das rapazas e os rapaces.  
Na fontaíña crara do tesouro,  
Pra min é a tradición eterna e viva  
Que, en plasma redundante e sin refolgo,  
O pasado revive no presente  
E espreme fe e esperanza nos recordos.

¡Serra dos meus amores! ¡Miña serra!  
¡Pedra da Grecha! ¡Outos de Terroso!  
¡Cota! ¡Tichao! ¡Castelo! ¡Camposanto!  
¡Dos tempos mortos e cuna dos novos!  
¡Serra de Penalibres! ¡Miña serra!  
Neste teu seo acho refolgo,  
Quero ter nos teus brazos agarimo,  
Calor de nai amante no teu colo,  
Inspiración no bico dos teus beizos  
Para poder resucitar os mortos  
Ou topar no borrallo do pasado  
A brasa acesa pra encender o fogo  
No curazón da libertá perdida,  
Que n'ha de ser alma e vida deste pobo.

¡Serra de Penalibres! ¡Esperanza!  
¡Pedra de Grecha! ¡Ponte do tesouro!  
¡Cota! ¡Libertade inmorredoira!  
¡Castelo! ¡Forxa do carballo! ¡Trono

Onde a Coltura, nova Palas<sup>72</sup>, reine  
Sementando colleita en dulce Outeiro!  
¡Deus fratesque gallaeciae<sup>73</sup>!  
¡Polo propio poder e o propeo esforzo!  
¡Faguer un pueblo á nosa imaxen libre!  
¡Crear unha nación, cuallar un sono  
De esperanzas e ideales no presente,  
No lar, na fala, no direito novo,  
Na irmadade da fe —relixión santa—,  
No *ethos*<sup>74</sup> castizo do céltigo pobo  
Nunha concencia solidaria e libre  
Que sea curazón e ialma de todos!

---

<sup>72</sup> Epíteto ritual de Atenea, deusa guerreira, das artes e da paz.

<sup>73</sup> Aparece desta maneira no orixinal.

<sup>74</sup> Estado emocional que o orador presenta no discurso de forma intencionada para provocar unha adhesión no receptor.

*Os tres graus de semente*

**I**

**A idea**

(1929)

É a lus rebuldante da alborada,  
É raiolar do espírito radiante,  
É a estreliña que guía o camiñante  
Con rumbo fixo á súa mañá adourada  
Prá ialma na iñorancia asoballada.  
É raio e trono, é mau que quebra amante  
As cadeas que atan o iñorante  
A un dono sin entrañas. Na cruzada  
De redención de lus, tras ruda loita,  
O escravo drento da súa ialma escoita  
O canto da victoria que deseaa.  
¡Victoria! ¡Froito serodián logrado  
Nos eidos noitébregos do pasado  
Polos xermolos vivos duna idea!

**II**

**Pasión–salaio**

(maio de 1929)

A dor, as alegrías da fontiña,  
Da pasión coma gotas da auga puras  
San sin canseira. O curazón apura  
Toda a gama vivindo o que adiviña.  
Facendo cara ó ideal, camiña  
Abismado con sonos de dolzura.  
Non desmaia, covarde ante a amargura,  
No seu pelerinaxe esta anduriña  
O curazón encarna no salaio  
O sentimento. É puro como raio,

É quente como sol de mediodía,  
O salao é o trunfo da alma forte,  
É resurrección frente da morte,  
É beixo e festa e queixa e melodía.

### III

#### Fe—aución (xuño de 1930)

“In principio erat verbum” —En Nicea<sup>75</sup>  
Dixo Atanasio redautando o Credo—.  
“In Aufang vard die That —dixo sin medo  
Goethe termando a voluntá na idea—.  
O pensamento é voluntá que crea,  
O pensamento é lus que á mañá cedo  
Beixa na serra o grávido penedo  
E rebulda alboradas para a idea  
Da fe ó pensamento fai semiente,  
Da fe que crea, desa fe nacente  
Que é vida e libertá, que é sono e feito.  
El xungue na aución todo un pasado  
Co porvir nun esforzo realizado  
Cal dos amantes seu amor no leito.

---

<sup>75</sup> Antiga cidade, denominada actualmente Iznik, que está situada en Asia Menor. Nesta urbe celebráronse os concilios ecuménicos contra o arrianismo (ano 325 despois de Xesucristo) e contra os iconoclastas (ano 787 d. C.).

*Bugalliño*<sup>76</sup>  
(Maio de 1930)

Herdou o mando e afianzou coa morte  
Dun partido a funesta primacía  
E, inda tendo a cachola tan vacía,  
Ten más mando que os condes de Monforte.  
Sin ler a Maquiavelo é del Consorte,  
En Dios e o demo ambos á vez confía.  
Son a súa lei: perfidia e tiranía.  
Co forte é débil e cos servos forte.  
Cando algúñ lobo lle entra en coutada  
Por unha ovella ou se lle escapa ó monte  
Ou lle espantan as vacas ó seu prado,  
O Tío Bugalliño non di nada  
Vai pola ovella, cal rapaza á fonte,  
E xongue as vacas pra labrar co arado.  
Nesta terra de medo e de estulticia  
Bugalliño é o amo de Galicia.

---

<sup>76</sup> Con este vocáculo faise referencia a **Gabino Bugallal y Araújo** (Ponteareas, 1861–?, ?). Proviña dunha familia de avoengo conservador e con influencia nas provincias ourensá e pontevedresa. Realizou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Á idade de vinte e cinco anos, ocupou a acta de deputado, en representación do partido conservador, polo distrito de Ponteareas e posteriormente por Ribadavia, Ourense, Xinzo de Limia, Bande e Pontecaldezas. Os méritos como parlamentario e administrador motivaron que desempeñase os cargos estatais de director xeral de “Administración y Deuda”, fiscal do Tribunal Supremo e, dende 1904 ata 1907, ministro de “Instrucción Pública y Bellas Artes”.

*A aixada*  
(Madrid, xuño de 1930)

¡Ferro é pau da terra, fillos!  
Da mau de home sempre compañeiros,  
Símbolo do traballo,  
Que xongue a terra e o home en himeneo  
De amor, de sementeira xenerosa,  
Que Dios tutela amante desde o ceo.

A aixada é a propria mau do home agrandada,  
É ofrenda, é caricia de deseо  
Da terra, nai fecunda, que nos chama.  
É brazo brioso que no leito,  
No casto leito do traballo santo,  
Aperta a entraña e o curazón de arreo.  
E funde nun ser sólo terra e home  
Tras cobizoso, virxinal anhelo.

¡Ferro! ¡Sangue da terra!  
¡Pau! ¡Froito do carballo eterno,  
Que é oración que da terra sube ó ceo...!  
¡Do árbore, raza  
Dese árbore vello,  
Que á primaveira de verdoras guinda  
E que de branca neve viste o inverno!  
Vós sodes os dous versos dun poema  
Que o traballo, o amor e o pensamento  
Plasman na aixada, ferramenta nobre,  
Que, beixando da terra ó santo ceo  
E inspirándolle vida que non morre  
Nos seus maternos beizos  
E sementando as súas entretelas  
De mística semente do seu peito,  
Coa forza mensaxeira  
Do traballo, que é firme e que é sereno,

Dáños santa colleita  
De pan, noso alimento,  
E carne de Dios vivo, consagrado  
Na hostia santa en puro sacramento  
Que xongue terra e ceo,  
Coma se xonguen na espiga dourada  
O sol e a terra en namorados beixos.

¡Aixada augusta! Do amor e do traballo  
De loita santa rebuldante espello!  
Tu serás con esta pruma do poeta  
Nos surcos da nai terra e nestes versos  
A irmanciña querida  
Que crea e ama no traballo eterno  
Coltura immorredoira  
E ideais que encarnan na nai Terra o Ceo.

*Dous pareceres*  
(Maio de 1930)

I

Fíxeno home e con lei,  
Fíxeno sempre ó meu lado  
Mais nunca foi meu de arreo  
Porque non quere ter amo.

II

Facer fíxome un favor,  
Despois un-a canallada.  
O favor ben o cobrou,  
Eu xa non lle debo nada.

*O arado*  
(Madrid, 19 de outubro de 1930)

A terra ó boi, á voluntá do home  
No fogar do traballo se irmanaron  
Polarella do arado  
Que beixa e fire e estremece a ponla,  
Que é colo e leito pra santa semente  
Do pan, fonte de vida,  
Fonte de amor e paz, sosego, acougo,  
Lembranza e esperanza do labrego  
Na mau diste labrego,  
Que marcha lento polos eidos ceibes,  
O arado é cetro de souberanía  
É vínculo que o xongue coa nai terra,  
É pensamento e forza,  
É voluntá que manda,  
É timonel que guía...  
É o membro de Pan<sup>77</sup>, que o surco forza  
Nas entretelas de Telus<sup>78</sup> amante...  
rasgando a virxinal fonte da vida.  
¡Arado! ¡Arado! ¡Fonte de cultura!  
¡Arado! ¡Arado! ¡Artello sacrosanto!  
¡Da humanidá que pensa e que traballa  
Coa natureza que é placenta súa!  
Eres de pruma nobre irmau pequeno  
Que vai ó fio direito sin tremaxe.  
¡Ó fin! A vida, que é verdá e xusticia,  
En fonte de traballo conquerida.  
¡Escritores labregos! Irmanaivos  
Que a terra e a concencia son ximelgas.

---

<sup>77</sup> Era fillo de Hermes do Monte Cíleno e da ninfa Dríope. Considérase o deus dos pastores e dos rabaños.

<sup>78</sup> Mientras no ámbito romano era a personificación da terra nutricia, a mitoloxía grega identificábaa coa deusa Xea, honrada ocasionalmente coa denominación *Terra Mater*, de quen xurdiron as razas divinas.



Sen datar



*A odisea galega*

I

**¡Mare nostrum<sup>79</sup>! ¡Terra nosa!**

¡Ou, noso mar da xuventú, de vida!  
Onde a terra querida  
Se goza a retratar a súa fermosura,  
A ouvir cal dulce noiva o eterno amante,  
a escoitar o arrogante  
canto que o vento para os dous marmura!

Mar e terra son dos anamorados,  
Mas ben son dos casados,  
Que un xugo que non rompe ten xuntíños.  
Un solo curazón, un solo espírito,  
Un apego infinito  
Sementa neles ideas cariñasas.

Dese grato himeneu nó—los galegos  
Con tódolos apegos  
Dun froito, que é de amor, vimos á vida:  
Apegos para a nai, pró pai potente  
Que tan pura semente  
Deixa na terra a súa muller querida.

O noso curazón é a nosa terra,  
É ansia que se aferra  
Á cuna que nos deu vida e concencia.  
Frolente xuventú, vida dourada,  
Morriña de alborada  
Dános a terra ó darnos a existencia.

E o mar fainos a mente voadora,  
A mente escrutadora

---

<sup>79</sup> Refírese ó Océano Atlántico.

De novos horizontes, doutros lares.  
O mar fainos viaxeiras anduriñas  
Que emigran caladiñas  
Cruzando a inmensidá dos nosos mares.

¡Ou, mar oucéano! ¡Ou, mar de nosa terra!  
¿Onde a futura guerra  
Ha de refarse sin igual na Hestoria?  
Dános a forza do viril arranque:  
Fai que o teu fillo amante  
Quede sempre dos homes na mamoria.

Que nós iremos polo mundo enteiro  
A buscar ó estranxeiro  
Lar aquel pan que a nosa nai precisa,  
O pan pra facelos bravos.

¡Coltura e libertá é a nosa divisa!

¡Escravos! ¿E de quen? Dos que nos venden,  
Daqueles que n'entenden  
Que pra ser libres sólo hai un camiño,  
Dos que se inganan cando dan a chave  
Do curazón, que saben  
Que quen secretos dá non ten cariño.

Escravos dos que temen que Galicia  
Sabendo máis se envicia,  
Dos que dan millor cibo ó forasteiro  
Que hernian ó famento que lles pide á porta,  
Dos que tendo a nai morta  
fanlle traición no instante derradeiro.

Homes de pouca fe, homes traidores,  
Vós non tendes amores  
Máis que o ciballo<sup>80</sup> que vos cai na boca,

---

<sup>80</sup> Alimento que dan as aves ás crías.

Máis ben que rousiñols sodes lobos.  
¡Sólo queredes bobos,  
Burros para montar, homes de estopa!

Decíame un cacique una vez sola:  
“O saber é una trola,  
Quen naceu para ser boi, non será home.  
Si crías corvos, sacaranche os ollos.  
O boi apaña os mollos  
Do pan que sementou e nunca come”.

A min danme de arriba vara alta  
Os piratas de Malta,  
Eses siñores que andan nos papeles,  
Entre eles e entre min brinca a mintira.  
Si a probeza sospira,  
A comedreira é pra min e pra eles.

¿Patriotismo? Virtú que non comprendo,  
Eu que todo o entendo,  
Eu quero ser un rico ou non ser nada.  
O verdadeiro amor é mandar solo.  
Quería ser un tolo  
Darlle ó boi esta vara de aguillada.  
¡Durmamos satisfeitos! ¡Hai escravos!  
E mentras haxa parvos  
E prebendas pra dar, todo se alcanza.  
A libertá é un don dos que dominan.  
Os servos só se incriminan,  
O seu año é siñor pola pitanza.

Os que nazan cos ollos ben abertos,  
Os que xa estén despertos  
Botámolos por ben ou mal pra fóra.  
Nesta niñada só queremos pitas...  
¡As galiñas benditas!...  
Que despertan despois que nasce a aurora.

Cando miro pra dentro nesta ialma  
Eu nunca vexo calma,  
Pra decirlle a verdá só vexo o demo.  
¡Ou, meus pecados, miñas agonías!  
¡Opresións e falsías!  
¡Ou, morte! ¡Ou, morte! ¡Sólo a ti che temo!

¡Cando ás portas da morte a ialma vexa,  
Metereime na Igrexa  
E o crego sin temor darame alentos!  
Eu dareille cen pesos para misas  
E do perdón as brisas  
Refrescarán o ardor dos meus lamentos.

E alá no cimenterio a sepultura  
Da memoria brancura  
Farei labrar. ¡En noites estivales  
A lus da lúa cairá sobre ela!  
E o escravo que ó vela  
Fará oración pra remediar meus males.

Así falou o bárbaro tirano,  
Eu reprigueille en vano.  
Meroume con desdén, ou amiaza,  
Pero este rousiñol que adrento teño  
Fíxome pór empeño  
De oírlle a confesión con gran cachaza.

Pois sólo así podrei voar agora  
Á Terra salvadora,  
Onde os nosos irmaus no traballo oran.  
Alí dicirlles cousas ós ouvidos  
Dos que están ateridos,  
De modo nesta terra, e sólo choran.

## II

### **Andruña que voa...**

Vai o barco tan calado,  
Vai o barco tan mainiño  
Que paresce un paxariño  
Que vai rozando no mar...  
Foxe e foxe e nunca para.  
Leva as entretelas cheas  
De xentes que son alleas.  
O que chaman *libertá*...

Eu vou sentado na popa  
solitario e pensativo...  
Levo o ánimo cativo  
De morriñas do meu lar.  
A xente berra e salaia  
Un *alalá*, no que chora  
Contra aquela mau traidora  
Que a separa da súa nai.  
Calade irmaus que algún día  
As bágoas que hoxe vertedes  
E as miserias que hoxe tedes  
Serán vosa redención.  
¡O chorar é prós miniños  
Hai que loitar pola vida!  
Tapade agora a ferida  
Que tedes no curazón.

¡Lerchás sodes! E siñores  
O traballo que conforta  
Ha de nos abri-la porta  
Da soñada libertá.  
¡Tede voluntá de homes!  
Pode curazón na idea

E o ideal na vosa aldea.  
¡Botade o canguelo ó mar!

Este predica de irmau  
Nesta inmensidá marina,  
Parés palabra divina  
Que nos deu a salvación.  
Somos outros, somos novos,  
Xa non seremos escravos.  
¡Cantaremos como bravos  
a Alborada ó novo sol!

¡Ou novo sol da coltura,  
O novo sol da enerxía!  
Tu acabache esta agonía,  
Tu acabache o noso mal,  
Tu fixéchenos siñores  
E siñores desa terra,  
Que se alcanza en loita e guerra  
Da terra da libertá.

¿Que é aquelo que alomea?  
—canta con ansia o amigrante—  
¿Que é aquelo que alá diante  
Beixa a lus dun novo sol?  
É a nosa noiva adourada,  
Terra que pide semente,  
Cal virxen de amor ardente.  
¡*Coltura, traballo, amor!*  
É sangue das nosas venas,  
Onde se enterran as penas  
Coma un difunto no mar:  
É forza, é lus, é alegría  
E ansia ideal dos pobos,  
Que sólo os que son máis novos  
Poden na terra sembrar.

Estas maus e esta cabeza,  
Estas forzas e este besito  
Son para a nai que no leito  
Quedou maliña sin nós.  
A vida das entretelas,  
A lus das nosas almiñas  
E as caricias caladiñas  
Han de sanar a súa dor.

¡Veña agora un *aturuxo*!  
¡Dande siñales de vida  
Que á nova terra querida  
Tamén lle hai amor que dar!  
A nosa sangue é pra ela,  
Fecundadora semente,  
Que ha de cuallar en potente  
Colleita de libertá!

Vai o barco tan calado,  
Vai o barco tan mainiño  
Que paresce un paxariño  
Que voa rozando o mar.  
Ó ver a terra de lonxe,  
Sente o paxaro alegría...  
Parés que di cando pía  
*¡Patria, amor e libertá!*

### III

#### O sembrador

Está o labrador na Pampa<sup>81</sup> augusta,  
Que é grande coma o mar que atravesara

---

<sup>81</sup> Provincia arxentina que abrangue diferentes territorios: o oriental, semiárido e con vales rodeados de lagoas de auga doce ou salgada; o occidental, superficie árida, con solos de salitre e, por regra xeral, sen auga potábel, e o noroccidental, onde se expande unha estepa herbácea atravesada por franxas de montes.

Abrindo un surco virxinal na terra  
Regada co sudor das súas intrañas.  
Alí xa non hai bois nin hai arados,  
Alí sólo hai semente e sólo hai máquinas,  
Pero hai un home que traballa e pensa  
Por más que alguna vez vertendo bágoas  
O sudor é prá terra que sementa,  
Pois faina temperar antes que cava.  
A semente de grau naqueles surcos,  
Onde o sol amoroso se derrama,  
Que un abrir fai xemer na ialma  
de onde san como pedras cristalinas,  
Pero tamén como o pesar amargas  
Chora e suda o labrego, e marcha lento.  
Non hai duda, recorde algo el e pasa.  
Está maliño de morriña o pobre  
dun mal que sempre doi e sólo acaba,  
Cuando a lus da terriña chega ós ollos  
E o aire dos campos altos chega á ialma,  
Pásase o probe un pouco e de repente  
Volve a vista pra atrás, pra ver montañas:  
¡Aquelhas serras do lugar altivas,  
Tupidas de carballos e de fragas!  
E sólo topa a immensidá da terra  
Onde se lles derreten as súas ansias...  
E cai no surco coa semente o probe...  
¡Varréuselle o sentido! ¡Sus! ¡Na casa!  
Hai que abrir una cava e enterralo,  
Pois nin refolgosidá nin un-ha fala,  
Aquel corpo más duro que un carballo  
E aquelas maus prá faena escravas  
Estrumados están naquela terra,  
Como pino que corta una machada  
E sólo a lus do sol fulxente e viva  
E o purísimo vento coas súas auras

Can sobre a frente do labrego morto  
Ó parecer na inmensidá da Pampa.  
¡Sol, terra e vento en vivida harmonía  
Dan un novo color, dan novas ansias  
Ó probiño galego atolondrado!  
E murcho coma frol que está tronchada,  
Volve xa en ti, traballador augusto,  
Ten curazón pra soportar a carga  
Dá dolor de vivir sin mai amante,  
Sin fillos, sin muller, sin terra e casa:  
Os fillos son de Dios e prós homes,  
A muller é pró crego ou pra quen cuadra,  
A terra pra xuros e trabucos  
E a casa, inda que é túa, é hipotecada.  
Si a forza do teu sino é sempre adversa,  
Si a túa suerte foi sempre condanada,  
Ten curazón e curazón de home  
Que é que sabe vencer, sofre e aguanta.  
Tendidiño no chau nesa postura  
Serás esterco que se pudre e aguarda  
Que outro labrego veña a espaxexelo,  
E a enterralo na terra coa súa agrada.  
E ese grau que sementas tu ahora  
Mas será que se nutra da túa savia,  
Porque cando se loita pola vida  
O instinto de vivir ou morre ou mata.

Quen se cruza de brazos é cadavre,  
Quen foxe do peligro, a morte o ingana  
E ós seus pés cai de bruces atrapado  
Polas súas maus e pola súa gadaña.  
Ten valor, galeguismo amorriñado,  
Ten valor e revélate con alma  
Que aqueles fillos e muller que choran,  
Que aquela nai querida, aquela casa,

Si morres tu, han de seguir vivindo.  
¡Levántate de aí traballa e cala!

Aquela dor que ablandeceu o espirto  
Curtiuse co traballo e coa xiada  
Que sobre os tenros manantiais do afeuto  
Deixa caír o instinto e a disgracia.  
Xa o labrego é un estoico que razona,  
Xa sabe que a delor é algo que acaba,  
E por eso con ela é preciso  
O ser enxebre pra facerlle cara.  
E aquí escomenza a nova sementeira:  
Un novo espirto é curazón que trama  
O sentido da vida do labrego  
Ángel que lle define o que é a patria:  
¡Patria, amor, libertá! ¡Semente pura!  
¡Patria, amor, libertá! ¡Semente santa!  
¡Tu has de encontrar no curazón do home  
Lus e vida pra ti, eterna savia!  
E nesta terra inmensa como os mares,  
A nova Antea<sup>82</sup> forzas racobrará,  
Cando nela caíu desvaecido  
Polas dores más íntimas da ialma,  
Sementará con estos graus de trigo  
O xenio de una terra e de una raza.

---

<sup>82</sup> Filla de Ióbates, rei de Licia, casou con Preto, monarca de Tirinto, con quen tivo varios fillos. Tras ser seducida e rexeitada por Belerofonte, acusouno de a tentar violentar. Preto, que sentía afecto por Belerofonte e coñecedor do sacrilegio representado pola inmolación, enviouno á casa do seu sogro cunha carta, na que lle pedía a morte para o portador. Unha vez lida a misiva, Ióbates condenou a Belerofonte a que matase a Quimera, monstro coa parte anterior de león, a posterior de dragón e a cabeza de cabra. Superada esta e outras probas (os Sólimos, as Amazonas...), o rei recoñeceu a divindade do heroe e amosoulle a carta de Preto. Retornou a Licia para se vingar das afrontas. Grazas ás argalladuras do pai, Antea conseguiu fuxir a lombo de Pegaso. Na fuxida, o cabalo alado de Belerofonte tireouna ó mar coa correspondente morte desta. Frente a esta tradición existe outra que asevera o suicidio de Antea ó ter coñecemento do retorno de Belerofonte.

*Trunfar da morte*

A Eduardo Moreno López<sup>83</sup>

¡Fuxiche de onda nós! ¡Inda está quente  
Na ialma a túa mamoria! ¡Que amargura  
Verte a ti, novo apóstol da Coltura,  
Xa morto e inda tan novo!... ¡Sempre ausente!  
Ese sol, que alomea tristemente,  
E o paxaro, que pía con tiernura,  
Choran ó ver que a morte se apresura  
A arrancarче coa vida a túa semente.  
Mais esta pruma, arado lixeiriño,  
Conque ara o pensamento caladiño  
Pon termo a tan fondísimo lamento  
Ó ver na nosa xuventú dourada  
A colleita da vida troquelada  
No molde do teu propeo pensamento.

---

<sup>83</sup> Segundo Carlos Casares, en *Otero Pedrayo* (1981), Eduardo Moreno López fora catedrático de Xeografía e Historia e tamén avogado.

*A nosa fala*

É mûseca do espirto que no peito  
Recolle os ais dos que se van prá cova.  
É a que ensina ó neno desde o leito  
A cencia milenaria e sempre nova.

A nai xa desde o berce — *¡miña vida!* —  
Lle dice ó neno que quere pór no colo  
E, ó darrle o último adiós de despedida,  
Ponlle nos beizos o seu nome solo.

E, así, da morte queda en cada home  
Eterna remembranza dos maiores  
Pola fala que deron, polo nome  
Onde puxeron todos seus amores.

Morte e vida, xunguidas pola fala,  
Coma dúas pombiñas nun lamento  
Fan o niño no peito que se cala  
Pondo nos mortos todo pensamento.

Cando pró curazón nova alborada  
Nasce con luz que encende outro desejo,  
Vólvese a fala mûseca sagrada,  
Que fai rubir as almas hastra o ceo.

A gorxa, o curazón, o beizo, o ouvido  
Son as catro gaitiñas con que o vento  
Zoa máis almas do pobo aterido  
Pra ter acesa a lus do pensamento.

En alalás de odio e de venganza  
Ou con místicas cántigas de gloria  
Facendo rebuldar nova esperanza  
Na noite milenaria da súa hestoria.

Irmadade galega, sementada  
Pola miseria noutro Continente,  
Busca na fala a liberdade ansiada,  
Que a fala é espirto e este é túa semente.

¡Escravos! ¡Libertade, libertade!  
¡Cantade —irmaus— xa rotas as cadeas!  
Vexo ó escoitar aquel himno sonoro  
En cidades, en vilas e en aldeas.

Xa mulleres, rapaces e niniños  
Cantan alegres: Xa viven, xa non choran,  
Xa a gaita é outra e mostra outros camiños  
Prós que da libertade se namoran.

¡Ou, fala! ¡Ou, faliña redentora  
Do curazón escravo, entumecido!  
Fai festa, pruma e lanza vingadora  
E a min cruzado dun pueblo dormido.

Copliñas dulces de malenconía  
E coplas ditirámbicas de fuego  
Habedes de alomear a rebeldía  
Na ialma medoñenta do labrego.

Habedes resonar, coma si un raio  
No curazón, que dorme eterno sono,  
Deixase escrito o íntimo salaio  
Con lume de pasión e lus de trono.

¡Meigas, meiguiñas coplas, feiticeiras!  
¡Caraveliños brancos!, ¡dulce fala!  
¡Piar do rousiñol nas carballeiras!  
¡Xemer do curazón que amante estrala!

Vós sondes o meu espíritu enallado  
Sangue da miña ialma pró sedento

Curazón que, rebelde ou namorado,  
Xunta co meu o propio pensamento.

Bolboretas larvadas por mil vidas,  
Copliñas en fervente romaría  
Pra forxar a oración coas maus xunguidas  
No traballo, na loita, na poesía.

Voade xa, bicade en cada ialma  
Que coma frol en cada ouvido espera.  
Bicádea mui baixiño en morna calma  
Cal bica a luz do sol na dulce terra.

Que lentas horas de deseо cheas  
Farán do beixo perpetua semente,  
Cal froles nascerán novas ideas  
Das almas preñadas de ilusión ardente.

Coa fala eterna as almas enfeitadas,  
Coma ánxeles do ceo, que xuntas espreitan,  
Cantando unha alborada, namoradas  
Da nova vida anunciarán colleita.

A mau e o pensamento traballando,  
No curazón latexos de alegría  
E os beizos de ilusión ábreos cantando  
Na lingua predilecta da poesía...

Eso é soñar, eso é vivir. Agora  
A sementar, a sementar, galegos,  
O espírito na fala. Xa non chora  
O pueblo que non ten os ollos cegos.

A fala, rescebendo como a terra  
Nova semente de pasión e vida,  
Santas victorias ganará  
Pra redimir a nosa Nai querida.

### *Sangue... semente*

Caeu o corpo ó chau. Na treboada  
Sonaron con estralos e silbidos  
As balas asasinhas nos ouvidos  
Dun-a probe muller embarazada.

E no corpo estrumado hai una fonte,  
Que mana sangue da muller ferida.  
Ouvea de dolor coma no monte  
A loba que lle arrincan a súa vida.

Vida pró ser que as súas entretelas  
Agarima e nutren sen reparo:  
Vida de nai. ¡Luz e calor de estrelas!  
¡Ciballo niño é pró pobre paxaro!

Morreua a nai. ¡O campanario chora!  
Choran dez orfos que deixou na terra,  
E os homes piden fouce vingadora,  
E o poeta canta un alalá de guerra.

Un alalá sagrado de vinganza  
Contra *Temis*<sup>84</sup>, allea de *Justicia*  
Un alalá prá bárbara matanza  
De escravos e de pobres en Galicia.

Un alalá tremente pró tirano,  
Que afoga en sangre a rebeldía santa,  
Pró amo ladrón, pró dеспota inhumano,  
Prá canalla rural que o pueblo aguanta.

¡Sangue de mártir! ¡Tu da fe semente  
Serás en min! En santa rebeldía

---

<sup>84</sup> Filla de Urano e Xea, era a deusa da lei. Foi unha das esposas de Zeus, con quen enxendrou as tres Parcas.

A sangué que, inda miro fresca e quente,  
Fará cruzada esa Justicia impía.

E o brazo, que en grillones inda está opreso,  
E a pruma, inda hoxe entumecida,  
E o odio terán o curazón aceso  
*Pra conquistar a libertá que é a vida*<sup>85</sup>.

---

<sup>85</sup> No orixinal este verso aparece en cursiva.

## *Entre Scila e Caribdis*<sup>86</sup>

### I

“Galego —dice o portugués— ódio”.  
No seu glosario “Nome criminoso”  
E a nosa irmán Castela,  
Pra quen Galicia vive e por quen vela,  
Ó chamarnos *gallego* lanza altiva  
A sorrisa sarcástica e tirana  
Do seu desprecio. ¡Ou, tu! ¡Terra marea!  
¡Cuna dourada da soberbia humana!  
¿Quen te librou do musulmán valente?  
¿Quen poblou as túas vidas? ¿Que semente  
De sangue nova remozou a túa?  
¿Quen che axudou a traballar? ¿Que xente  
Foi pra Colón o brazo prepotente  
Que abriu surcos no mar prá groria súa  
E a ti pra darche terra?  
Cale a soberbia xa. Enterra, enterra  
Ese insulto procaz na túa concencia  
Sabendo como sabes que a existencia  
Démoscha nós, sen barullar, amantes  
Da Celtiberia<sup>87</sup> de antes,  
Que o céltico varón pra femia quixo.  
¡Cantos fillos che fixo  
... E cantos che fará con inocencia!  
De que ó ladrar o nome de *galego*  
Pra insulto e mofa ruín, desvergoñada,

<sup>86</sup> Como expresión figurada alude á persoa que non pode evitar un perigo sen entrar noutro. No sentido literal, Escila e Caribdis eran dous monstros que tentaron atrapar a Ulises cando atravesaba o Estreito de Mesina.

<sup>87</sup> Territorio situado ó leste da Meseta Norte da Península Ibérica, no que se asentaron, dende o século VI antes de Xesucristo ata o dominio romano, os celtas e mailos íberos.

Lle has de pagar o amante apego  
Con blasfemia que doi coma patada.

¡Ladra, ladra ruín! ¡Xa virá tempo  
En que o galego desplegado ó vento  
Súas ansias de vivir e seus amores  
Será pra ti señor! Será sustento  
Pró teu desmaio. Si. Tempos millores,  
tempos de lonxe no porvir eu vexo  
Dun ideal rebuldo, lus dourada.  
¡Lus que é vida e amor, pra min soñada!

## II

E ti, espúreo fillo de Galicia,  
Que insultas á túa nai coa mesma fala  
Que che deu libertá. A túa estulticia  
Non ten parello, non. Traballa e cala.

Día virá que a nosa terra amante,  
Que no seu berce te criou, che cante  
O arollo de pombiña que namora  
Nesta fala que alustra fulminante  
Contra inxusticia e contra tiranía.  
Cando te vexas preso coas cadeas  
Que as estrañas ideas  
Che puxeron nas maus pola falsía  
Dun-a ralea estraña e sempre impía,  
Cando esas terras, que Camões cantara,  
Tesouro e gala hoxe da túa terra  
Chas arranquen da túa soberanía,  
Sin loita, sin honor, hastra sin guerra  
Por mau sempre tirana e sempre avara  
Que xungue continentes na falsía.

E entón o nome criminoso, alleo  
Ó teu insulto en místico deseо,

Fará ferver amores milenarios  
Que na terra e na fala se cuallaron  
E con sembra de sangue atestigaron<sup>88</sup>  
Que son iguás os nosos idearios.

¡Ou, rousiñol de Portugal doído!  
¡Ou, rola de Galicia namorada!  
*¡Saudade! ¡Alalá!* No meu ouvido  
Son da ilusión a música sagrada  
Que coma incenso rube e chega ó ceo  
E alí un mesmo amor, sólo un deseo  
Xunguindo os dous amantes nun latido,  
Nun solo niño vai faguer niñada  
A rola en soildade acongoxada  
E o rousiñol no castañal ferido.

---

<sup>88</sup> Desta maneira figura no orixinal.

### *Cadeliños mansos*

Tan sólo fan ladrar. Si ven o lobo  
Agáchanse co rabo entrabbas pernas  
E si pasa mui perto fanse o bobo  
E tembran con ambaxes sempiternas.

E desque xa pasou sin facer caso,  
Os encrengues cadelos de palleiro,  
Eles empezan a seguirlle o paso  
E só lle ladran cando cai lonxeiro.

Como estes cans hai muitos homes ¡mais non!  
Que sólo fan ladrar pra que os manteñan  
Aqueles que de novos os enseñan  
A ser fieles ó amo polo menos.

Foron lobos tamén, pero amansados.  
Teñen nunh-a mau o pan, noutra a caxata.  
O medo tenos sempre engurriñados  
E a súa fame non morre nin os mata.

Fuxide meus meniños daquel amo  
Que vos dá pan tan solasmente.  
Non ouvades na vida o seu recramo  
Que son o que vos ingana, o que vos mente.

Buscando nesta vida coma lobos  
O pan en loita varonil e franca,  
Fondo valor, valor *como homes novos*  
Daquel que o ten non precisa terra.

A fame de vivir fai cara a vida  
E a sopa boba tena aletargada.  
Fame de lobos = ¡libertá querida!  
Apetito de can = ¡non vales nada!

## *Os nosos pecados*

### **A envexa**

Home que te morres cheo de veneno  
Cal sapo cunqueiro ante o rousiñol.  
Tu non eres home,  
Tu ére-lo demo  
que se morde a ialma  
Porque non é Dios.

Dios sómolo todos, cando o facemos  
Con aquelas obras que van cheas de amor,  
Co traballo humilde, co canto que rube  
Hastra o ceo da ialma desde o curazón.

Dios é a Natureza, Dios é o noso espirto,  
Dios é aquela idea que nos fai ser bos,  
Dios é a colleita da nosa ventura.  
*¿A que vén a envexa si todo está en nós?*

### **A cobdicia**

Eres coma un home, que furga nun morto,  
Sachando coa aixada na mísera terra,  
Canto más afonda  
Tanto más ten ganas  
De ceibarse nela.

¡Terra, terriña, que pares  
Estes alacrás que morden,  
Noiteboas que non cantan,  
Os curazós que non choran!  
Enviudaches a destempo  
Con esta caste de homes  
Que por un cibo de leira  
Venden a Dios, si é que poden.

De terra e diñeiro están sempre famentos.  
A groria pra eles non lles sabe a pan,  
Na boca do estómago teñen a cobdicia,  
Cal famenta sede que sempre quer máis.  
Si a terra non farta, queren comer carne humana;  
Eles non comprenden a humanidá.  
Domar estos lobos énos ben preciso  
Porque doutro modo non hai libertá.

Un-a libertá que os xunga,  
Coma bois para o traballo,  
Un timoeiro que os ate  
Pra que tiren polo arado.  
A concencia do debere,  
A dos dereitos sagrados,  
A virtú de dáme o outro  
Pra recoller do outro algo...  
Si non deramos semente,  
¿Que nos darían os campos?

### O medo

Évos o trasgo un viciño,  
Que o crego e o sancristán  
teñen domado fai tempo  
Prá muller e pró rapaz.

Son os difuntos e as bruxas  
Prós homes que son lerchás  
Dous vermes que na concencia  
Afóganlle a libertá.

Difuntos, bruxas e trasgos  
Na ialma do escravo están,  
Como están toxos e xestas  
En terra que non dá pan,  
Como están na noite escura

Mouchos e noiteboas  
Hastra que o sol alumea  
Coa alborada da verdá.

Din que en cada aldea das nosas,  
Coa cruz cada noite vai  
O mozo máis medoñento  
Que coñecen no lugar  
As vellas do fiadeiro  
Pra ter algo que contar.

Eu vexo nesa consella  
estragos que o medo fai:  
Arrepíánseme os pelos,  
Danme ganas de mexar,  
Pónseme carne de pita,  
O corpo empeza a trembar  
Cando penso que Galicia  
É coma filla sin pais  
Fisgada polos abades,  
Caciques e sacristás  
Que queren que a noite dure  
Pra vivir sen traballar.  
¡Ou, lume do pensamento!  
¡Ou, calor da libertá!  
Dálle a esta terra querida  
Refolgos para cantar,  
Co trono das nosas serras  
E cos murmullos da mar,  
Da forza e da valentía,  
Ese divino alalá...

*In memoriam*

Pedras da cova dos meus maiores  
Cheas de bicos, de bágoas cheas.  
¡Cantos salaios, cantas ideas,  
Cantos deseos, cantos amores  
Cuallados en ansia están,  
Pero de cinsa estas vidas  
Ó ser das prendas queridas  
Inda en min vivindo están!

Flores e mirtos do cimenterio,  
Rosas murchiñas perto da cova  
Dos meus maiores, da lúa nova  
Luz que me alumbras neste misterio.

Daime da morte razón,  
Daime paz, daime sosego.  
Quitádeme este morcego  
Que chupa no curazón.

Nomes e falas que inda resonan  
Nestes ouvidos, que eles deixaron  
Con secretiños, que tanto amaron,  
Miradas meigas que me namoran...  
¿Quen me falou? ¿A quen vin?  
¿Son ilusións? ¡Non é certo!  
Eu ben vexo, estou desperto,  
Resuscitaron pra min.

¡Recordos dulces! ¡Dulce cariño!  
¡Coma hedras verdes no pensamento!  
Por min vivindes e eu alimento  
As vossas ansias coma un miniño,  
A quen dá leite á súa nai  
Pra calmar o seu quebranto...  
Cinsas deste campo santo.

¡Meus avoíños! ¡Meu pai!

[...]

No cimenterio da miña aldea  
Hai dúas coviñas con cinsa e ósos:  
É o lar onde dormen os nosos,  
É lar onde sempre alomea  
Da nosa casta pasión  
Sangue e cinsa confundidas.  
Non esquenzais que xunguidas  
Vivides no curazón.

Cada gotiña de sangue leva  
Nas nosas venas sempre a súa hestoria,  
Lenda dourada, lenda de groria,  
En loita sempre, sempre sin tregua,  
Polo traballo e a verdá.  
Arrepía pero naide nos pode,  
No noso lombo ningúén xa sobe  
E o que queiramos será.

¡Sombras da Hestoria! ¡Santa Compañía!  
Que das coviñas saís voando  
E o alalá fúnebre vades cantando  
Da morte e a vida, de amor e saña  
pra entregarnos una cruz...  
Veña acá a cruz que sen medo  
Levareina hastra ben cedo,  
Hastra que o sol me dé lus.

Nesta cruz santa verá co meu pueblo  
Con sangue escritas dúas palabriñas.  
Son doux diamantes, son dúas pedriñas  
Que dan rebuldos coma de fuego:  
Os mortos próximos vivos sonaron,  
Os vivos próximos que naceron.

É o lugar onde morreron,  
Tumba e cuna, o corazón.

Patria adourada, patria querida  
No teu coliño, entre teus brazos,  
Os meus mortiños en dulces lazos  
que atan á morte e atan á vida  
como miniños están.

No berce onde antes naceron,  
Nos teus ollos lus colleron,  
Nas túas entrañas pan.

*In memoriam!* —dice o crego  
Cando algúñ responso lles bota—  
*¡Miserere!* —;Triste nota  
Que sona no peito galego...!—

[...]

*Resurrexit* —digo eu—  
Porque hoxe a morte é a vida  
E a estrofa é ofrenda querida  
Que rube da terra ó ceu.

E desde o ceu descende á terra  
En maina chuvia, miudiña,  
E fai nacer a frol, sin espiña,  
De traballo e paz. Xa n'hai guerra,  
Non hai bágoas, n'hai dolor  
Nosos recordos xa non son hedras,  
Os mortos viven baixo das pedras  
Resuscitosimos<sup>89</sup> o noso amor.

Pensamentiños e caraveles  
Nas dúas coviñas que eu sementei  
Nunca sin vida eu vos verei

---

<sup>89</sup> Figura no orixinal deste xeito.

Mientras eu viva pensando neles.

Froliñas do curazón,  
Latexos duna esperanza  
Sabia desta remembranza,  
Do seu falar dulce son  
Cheiro de deleites cheo  
Que se difunde hasta o ceo  
En alas duna ilusión.

Dádelle vida e alimento  
Á fame do pensamento  
Vendo acesa esta pasión...  
Velade os meus mortos, dándolle cariño,  
Lus, aromas, rosas, colo ben quentiño.  
Guardia fiel é sempre voso agaramiño,  
Agradecido serás  
Polo poeta emigrante  
Que lonxe da terra amante  
Penando, sufrindo está.

[...]

Mais hei volver, volver  
Nunh-a mañá de alborada  
Que está copliña adourada  
Nos ha de anunciar. ¡Irei  
Cando a lus do sol dourada  
Nestes doux ollos bagoados  
Que, amantes e namorados,  
De vós e os mortos están!  
Vos miro dándovos vida.  
¡Patrea lonxíncua! ¡Querida  
Patrea morna! ¡Entumecida!  
¿As túas ansias onde están?

Son estes mortos e son os teus nenos  
Meu curazón e miña mamoria.

Coa túa lus quéntallos xa.  
Cóntalles a dulce hestoria  
Da nosa lenda de groria.  
Aprenderán, polo menos,  
que pra ser grandes agora  
Non pode selo quen chora  
Sinón quen ten voluntá.

Brazo de ferro coma un-ha rella,  
Curazón quente coma fogueira,  
Alma arrogante contra o estranxeiro,  
Alma lucente coma unha estrella:  
Caráuter, fe e ermandá  
É o que pide este dolor  
Da nai que vive tan solo  
Prós que son e foron xa.

Un lar escravo, probe e famento  
Sólo cría escravos para alleos siñores  
E os seus amores non son amores  
Mentras non fuxe do seu tormento.  
Porque o tormento maior  
De quen traballa e non come  
É ser besta sendo home:  
Prefiro a morte millor.

Pra bois naceron, coma bois viven,  
Xúngueos un amo de quen reciben  
Ó darrle o pan solo, o pau.  
Acostumados a esas cadeas,  
Non ven xa nestas novas ideas,  
Que can desde o ceu pró chau:  
A redención que é vida  
da libertá asoballada,  
Ser donos na súa coutada.  
Ter a terra redemida.

Así falou a nai para o poeta  
E o seu falar foi lóstrego candente,  
Que a ialma morna, valerosa e inquieta  
Con céltico furor que non respeta  
A donos nin tiranos, de repente  
Volveu. ¡Lóstrego santo! ¡Lus do ceo!  
Odio, pasión, amor, valor, deseos  
E nos vivos dos mortos a semente,  
Fermento de ideal e lus de trono,  
Rebuldar de alborada e de tormento  
Fai despertar dun milenario sono  
A quen de broa e verzas se alimenta.

A fouce pide carne e quiere viño,  
como fera enxaulada está famenta.  
Ollos acesos mostran o camiño  
Con odio e fanatismo da victoria  
Cuxa conquista é a libertá dourada.  
Hai que escrebir con sangue nova esto,  
Redimindo esta terra asoballada.

¡Coas glorias do pasado e do presente  
A loita! ¡Ideal! *In memoriam* verdadeiro.  
Mentras as pitas dormen no poleiro,  
Cantan os rousiñols co poeta ausente  
Este canto valente.  
Canto que é surco e rella e é semente,  
Epitafio trunfal que nos convida  
Á loita e ó traballo eternamente.

*No borrallo*<sup>90</sup>

I

Quentiños no meu peito os pensamentos,  
Coma borrallo do meu lar soíño,  
Pensan naquel cariño  
Que devoraron os lobos famentos.

II

¡Meu lar! ¡Meus orfos! ¡Miña casa chea  
De paz, de afeuto, de toda a fartura!  
¡Meu lar! ¡Miña amargura!  
¡Miña pena, meu dor, miña cadea!

III

¡Todo acabou! E eu inocente vexo  
Que a vida que viven foi coma un sono...  
Veu de repente o trono  
E o lóstrego do mal co seu reflexo.

IV

E cegou aquela alma e aquel peito,  
Murcharon os caraveles da rouseira,  
Espiu a carballeira  
E fixo na ilusión seu cadaleito.

V

¡Probe de min! Mais non. A probe é ela,  
Probes dous orfos duna nai con vida,  
Probe a tola perdida  
Que xa non ve no ceo a súa estrela.

---

<sup>90</sup> Brasa miúda usada nas cociñas tradicionais para manter vivo o lume do fogar.

## VI

As horas derradeiras do cariño,  
Que fai segar coa súa gadaña a morte,  
Ó curazón máis forte  
Fano chorar con bágoa de meniño.

## VII

El non quere creer o que está vendo.  
Preferira vivir sempre enganado,  
Quixerá estar atado  
Ó ben que por instantes vai perdendo.

## VIII

Xa fuxiu o paxaro do seu niño,  
Irto está o curazón na súa xeadá.  
Xa non latexa nada  
No propio peito parece peregrino.

## IX

¡Todo acabou! ¡Todo morreu de arreo!  
¡Sólo o recordo vive na esperanza!  
No curazón a lanza  
Da tradición afogou todo desejo.

¡Todo acabou! ¡Dous orfos! ¡Una tola!  
¡Un home pensativo e solitario!  
¡Una cruz, un calvario!  
¡Una casa sin lume... sempre sola!

O xardín de onte é cementorio de hoxe.  
O lar xa é irto. Ruda foi a proba.  
Sólo queda una cola  
Pró pensamento que da morte foxe.

Mais no colo da cova o pensamento  
Irto tamén, morto tamén de frío,  
Sentía de cotío  
De paz dos mortos o aletargamento.

O pensamento dormirá o seu sono,  
Inerte quedará, coma una pedra,  
Sólo é remorso, a hedra  
Do recordo será da cova o dono.

E murchas froles da ilusión perdida  
Serán guardias da cova solitaria.  
Así nasce a plegaria  
Que é ofrenda que a morte fai á vida.

O grilo canta e o sapo asubía,  
O moucho no carballo está calado...  
Todo dorme ó meu lado  
Nesta noite de amor e poesía.

E sólo trunfa da delor o forte  
Que lle fai cara e loita e é valente.  
¡O que sabe morrer serenamente,  
Ese vencerá tamén á Morte!

A morte é como o sono entre dúas vidas  
Mais é sono que acaba coa alborada  
Do pensamento redentor da nada  
Cando no amor as almas enxunguidas.

¡No amor de Dios que é puro coma lume,  
Que é labarada viva, brasa ardente,  
Que é da mesma roseira celestial cheminea,  
Que nos deleita o ser eternamente!

*O amo*

Ten en Galicia miles de almas presas  
Coas cadeas do medo e da mentira.  
De odio as súas ansias sempre están acesas  
E mata o ser do home pra quen miran.

Do garbo misurado é franco porte,  
De falar melosiño e sempre grave.  
El é o xenio do mal, o ánxei da morte,  
Que fai o daño e goza porque o sabe.

Satánico poder no seu camiño  
Puxeron outros homes. ¡E o tirano  
Recolleuno marchando paseniño,  
Coma despois da paga, onda o paisano!

Cavila que cavila. Na súa porta  
Só vedes pedichóns e medoñentos  
Xa non lle don na súa concuencia morta  
Das viles canalladas os tormentos.

Goza vendo sufrir. Ten o cinismo  
De levantar a un para tumbalo.  
É tan ruín o seu imperialismo  
Que non hai verba pra chamarlle malo.

Nariz de tigre, de lobo a queixada,  
Ouvido fino, de cunqueiro o porte  
E de cobra a satánica mirada.  
Ten o xesto fatídico da morte.

¡Ten poder! ¡Opresión! ¡Cega obediencia!  
¡Delación, chismorreo, hipocresía!  
El xurde as ignominias na concuencia  
Coma xurde un poeta a poesía.

El espanta o cariño dos fogares,

Alenta a rebelión contra o enemigo,  
El, a pesar de tódolos pesares,  
É amigo de quen quer ser amigo.

Pra sorprender despois na confianza,  
Pra ceibarse despois na súa amistade,  
Pra asasinar a íntima esperanza  
Coa perfidia ruín, coa iñiquidade.

O ruín ni perdona ni olvida,  
Coma un cazador que está avezado,  
Fisga na delación, bloquea a vida  
Daquel que se lle entrega confiado.

¡Facendo sempre o mal! ¡Non queda un día!  
Pra este Tito ó revés, na nosa terra  
Que non maquine o daño e a falsía,  
Que non recolla víctimas de guerra.

¡Entregas medoñentas! ¡Cans famentos,  
Pitas sin ovos! ¡Rousiñols sin trino!  
Avogados sin pleitos, mais sedentos  
De ter na intriga choco sempre o hino.

E con escravos xurde a tiranía  
Do amo ruín á bárbara cadea  
Pra perpetuar a bárbara agunía  
En que vive este pueblo na súa aldea.

Con escravos sin lei, sin Dios, con amo  
Que quer vontades mortas sin concencia,  
Facéndolle ó apetito só recramo  
Pra ter emporcallada a súa existencia.

Pra quen non sepan voar por este ceo  
De puras rebeldías en Galicia,  
Pra quen non sintan íntimo deseо  
De facer pola mau a súa justicia.

Pra ter sempre segura a paz da morte,  
Pra ter actas en blanco e ser amo  
Nesta Corte malvada, nesta corte  
Que sólo caza porcos con recramo.

¡Amo! ¡Probiño! ¡Fotschild, ou quen sea!  
—Dirá ó que paga este conselleiro  
Por ser criada vella, porca e fea,  
Por ser un can atado ó seu palleiro—.

Can con carranca, mais con pan seguro,  
Ou cadela preñada de cadelos.  
Can pra comer e pra ladrar no apuro  
Estes guardias era millor non telos.

Porque fóxenlle ó lobo e hastra á xente,  
Que con pau ou cantazos os espanta.  
Tan sólo teñen o ladrar valente,  
Eu non sei como o amo os aguenta.

Falan no parlamento, interveñen,  
Latrican prós fanáticos do corro  
E esperan que outros morran e eles suban  
Co ideario e a ética do zorro.

Hastra que a Esfinxe<sup>91</sup> popolar, cansada  
De aturar estes piollos nunca fartos,  
Rañe a cabeza e quede espiollada  
E eles morran sin armas e sin cartos.

¡Ou, meiga esfinxe! ¡Cuanto te deseо  
Pra varrer estos amos desta terra,  
Pra faguer dela o rebuldante ceo,  
Un jardín del puro, da fragosa serra!

---

<sup>91</sup> Monstro feminino que foi enviado por Hera contra Tebas como castigo polo críme de Laoí. Caracterízase con rostro de muller, ás dunha ave de rapiña e peito, patas e rabo de león.

¡Pra consolar a patria dolorida  
E faguerlle caricias no seu colo!  
¡Pra ter súa ialma en libertá mecida  
E lograr que o tirano quede solo!

¡Solo! ¡Eso é! ¡Xustísmo castigo  
Pra quen foi alcaguete<sup>92</sup> e foi verdugo!  
¡Pró amo ruín que se finxiu amigo  
De homes honrados pra poñerlles xugo!

¡Solo! ¡Ben solo! ¡Santa rebeldía  
Da xuventú dourada! ¡Vén agora  
Fouce na mau, no ouvido a melodía  
Da alborada trunfante e vingadora!

E fai colleita donde foi semente,  
Bota semente donde foi renovo.  
Segue cacholas ó ter odio ardente:  
Bautiza en sangue a libertá do pobo.

¡Virxinidá! ¡Talvez sosego  
Ou santa indignación contra os tiranos!  
E a virtú redentora do galego  
É propulsión de esforzos soberanos.

Que sólo é libre, quen merece selo,  
Sólo ten amo quen quer ser escravo,  
Sólo dá forza de esperanza o celo  
Que troca o que é covarde en home bravo.

¡Virxinidá! ¡Augusta rebeldía!  
¡Armas da ialma redentora!  
Con esta pruma preñada de poesía  
Que fai de fouce e de martelo agora.

Furgádeme no peito e na cabeza,

---

<sup>92</sup> Presente con esta forma no orixinal.

Pode tesón, bravura nos meus brazos:  
O poeta acaba onde o heroe empeza  
E o heroe fai do xugo mil pedazos.

¡Esta é a xesta heroica do adiviño!  
Poeta pensador, xerarca ou guía  
Vai sementando ideas no camiño  
Que son concencia de soberanía.

O roxo caravel do pensamento  
Funguindo en sangue a libertá soñada,  
Do morno sono fai rexurdimento,  
Da terra escrava terra libertada.

¡Ou, arcades galegos! ¡Pensadores!  
¡Brazos valentes! ¡Mocedá dormida!  
Si tendes para a nai puros amores  
Hastra ser libre hai que xugarse a vida!

*¡Monterrei!*<sup>93</sup>

¡Castelo de Monterrei!  
¡Hestoria dos tempos vellos!  
¡Niño de cobras ceibadas  
Na sangue dos nosos servos!  
As túas pedras van caíndo  
Coma folerpas no inverno  
Da neve de Natal morno,  
Como can blancos cabelos  
Da cabeza dun velliño,  
Que é a cabeza do Inverno.

¡Castelo de Monterrei!  
¡Quen che dixera con tempo,  
Con fame, que nunca acaba,  
Iba a roerche os cimentos  
Como roe o rato o queixo,  
Como roe a morte os nenos!  
Sólo quedan nas túas pedras,  
Sólo quedan nos teus teitos  
Curuxas, vermes, miñocas,  
Alacráns, sapos cungueiros  
E vellas esperguizadas  
Ó sol en tardes de inverno.  
Os homes fuxiron todos,  
Os teus amos os primeiros  
Ó sentir a fronda do odio  
Dos ermandiños galegos.  
¡Eran lirios pra comer,  
Pra fuxir foron coellos!  
¡Fuxeron da nosa terra,  
Fóronden pra España adrente

---

<sup>93</sup> Concello ourensán que está situado a 4,3 quilómetros de Verín.

Pra ser amos desde lonxe  
Da terra e do pensamento!  
As súas armas xa non son  
A forca nin o coitelo,  
Teñen escravo o petrucio,  
Coma neno medoñento,  
Coa amiaza do consumo  
E á venda de pacto-retro  
Os petrucios desta terra  
Ós ciudadanos galegos.

¡Castelo de Monterrei!,  
Coma en teus millores tempos,  
Si quen co sarnizo torto  
E co legón nestes eidos  
Fozan na terra que é súa,  
Pero as cosechas arreo  
Van prá multa dos lapós,  
Van prá casa dos orellos.

¡Castelo de Monterrei!  
Os teus tempos e estes tempos  
Son corvos dun-a niñada  
Prá sangue do noso pueblo,  
Son coma garras de esfinxe  
Que lle desgarran o seo  
Pra comerlle as entretelas  
E beber sangue no peito,  
Cal si fora a sangue humana  
Coma o viño do Ribeiro.

¡Castelo de Monterrei!  
¡Os teus tempos foron tempos!  
A Cotolovía canta  
Libertá no alto do ceo,  
O rousiñol no negrillo

Canta namorado o mesmo.  
Os rapaciños na escola  
Marmuran os novos ecos  
Da alborada que lles pula  
Pra ser poema nos beizos.  
As romaría latexan  
De odio e amor a un tempo  
Hastra os foguetes estralan  
Con rebumbio de deseos  
E os vellos rin chorando  
Ó ver que veñen novos tempos.  
¡Concencia republicana,  
Nova águia do castelo,  
Fai teu niño no máis alto  
Da Torre das Damas! ¡Presto!  
Que a nosa lenda de groria  
Ha de vir a este Castelo  
Pra ser do niño vixía,  
Coma tu o es do ceo,  
Pra facer do sol namoro,  
Pra facer do pensamento  
E de libertá parella  
E os dous, pais do noso pueblo,  
Pra escomenzar a cruzada  
Contra estes lobos famentos,  
Pra conseguir que hoxe sea  
Galicia para os galegos.

¡Monterrei! ¡Castelo morto!  
¡Monterrei! ¡Castelo vello!  
Has de servir de testigo  
Mirando prós nosos eidos  
Da nosa loita de groria  
Que nos tran os novos tempos:

Os que esperan, os que forxan,  
Os Ermandiños galegos,  
Petrucios de novo trinque  
Pra acabar con estes ovellos.

*Lonxe da terriña*

Paxariño que voas sin niño,  
Paxariño que pías sin pais  
Non subas tan alto  
Que tras das angustias ledicias terás.

Heiche de dar un-a cousa,  
Heiche de dar un tesouro:  
Nesta jaula terás vida,  
Neste curazón refolgo.

Non chores piando, paxaro,  
Con terca morriña  
Onde os dous esteamos  
Estará Galicia.

*Os carballos*<sup>94</sup>

I

Alá en tempos que foron, e a ialma  
De santas lembranzas,  
Desta terra nos campos belidos,  
O fogo era o duro do lar do paisano;  
Que ó brilar dua lareira da chouza  
Os membros sin vida aniñada quentándoos:  
Os membros de frío e de fame ateridos,  
Do neno e do vello, onda o lar sentados.

No fogar acougados en corro,  
